



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 39

Sesión plenaria
12 de febreiro de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 9432 (12/PNP-000800)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar a inserción da mocidade no mercado laboral galego e a calidade do emprego nesta franxa de idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

4.2 11780 (12/PNP-000976)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

4.3 14801 (12/PNP-001249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de impulsar as comunidades enerxéticas locais e o autoconsumo compartido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

4.4 15629 (12/PNP-001317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que desautorice a implantación do grao en Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

4.5 15654 (12/PNP-001325)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e nove deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que axilice todos os trámites necesarios para poñer en marcha o Proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025



4.618489 (12/PNP-001459)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobar o expresidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar Blanco, logo da súa condena por parte do Tribunal Supremo pola comisión dun delito contra a seguridade viaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

Punto 5. Interpelacións**5.1 4468 (12/INT-000277)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f1, do 29.05.2024

5.2 16145 (12/INT-000679)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

5.3 17196 (12/INT-000701)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f2, do 27.01.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 19219 (12/POPX-000031)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre os problemas de acceso aos dereitos en Galicia, especialmente por parte das poboacións con maiores dificultades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

6.219220 (12/POPX-000032)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a postura do Goberno galego ante a tramitación do proxecto de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 15888 (12/POP-002298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as previsións que o Goberno galego ten de dotar a comarca do Baixo Miño cun servizo de transporte público de persoas por estrada que cubra as necesidades de mobilidade da cidadanía desta comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137f1, do 10.01.2025

7.2 15687 (12/POP-002232)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza respecto da consecución do acordo co Goberno central para a transferencia en materia de xestión do litoral galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137f1, do 10.01.2025

7.3 17051 (12/POP-002687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido ás reivindicacións de nais e pais do CEIP Bergantiños, de Carballo, relativas á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

7.4 17733 (12/POP-002790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as necesidades de prazas de atención diúrna para adultos con trastorno do espectro autista na comarca de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

7.5 19193 (12/PUP-000076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co sistema de atención á dependencia en Galicia

7.6 19203 (12/PUP-000077)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e dez deputados/as máis

Sobre as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para reducir a lista de agarda na valoración da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



7.7 17792 (12/POP-002801)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as necesidades de persoal médico nos centros de saúde do concello de Ribeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

7.8 17527 (12/POP-002762)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego ante a posibilidade de facer realidade un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

7.9 18164 (12/POP-002848)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego referidas á protección do mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

7.10 19218 (12/PUP-000079)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para o mantemento e a protección das pallozas de Piornedo, no concello de Cervantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora presidenta, Candia López, comunica que a sesión vai comezar polas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os problemas de acceso aos dereitos en Galicia, especialmente por parte das poboacións con maiores dificultades. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 14.)

Réplica do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante a tramitación do proxecto de Altri. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 19.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 22.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta, Candia López, comunica unha alteración da orde do día consistente na formulación a seguir da pregunta ao Goberno rexistrada co número 15687. (Páx. 23.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que o Goberno galego realiza respecto da consecución do acordo co Goberno central para a transferencia en materia de xestión do litoral galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 23.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 24.)

Réplica da autora: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 25.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 26.)

O señor Bará Torres (BNG) solicita a palabra por entender que a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto) fixo unhas declaracións inexactas. A señora presidenta, Candia López, non lla concede. (Páx. 27.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento da dependencia. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 30.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 32.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 35).
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 38.)

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 38.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de impulsar as comunidades enerxéticas locais e o autoconsumo compartido. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 40.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 41.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Golpe Acuña (BNG)* (Páx. 44.) e *Sr. Lorenzo Gómez (P).* (Páx. 46).
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 49.)

A señora Iglesias Rey (S) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que desautorice a implantación do grao en Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M),* (Páx. 54.) *Sr. Abalde Alonso (S),* (Páx. 55.) e *Sra. Vázquez Suárez (P)* (Páx. 58.)

Nova intervención do señor Castro García (BNG). (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Fidalgo Iglesias e nove deputadas/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que axilice todos os trámites necesarios para poñer en marcha o Proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fidalgo Iglesias (P).* (Páx. 62.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Espinosa Mangana (S)* (Páx. 64.) e *Sra. González Iglesias (BNG)* (Páx. 66.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*). (Páx. 69.)

O señor Fidalgo Iglesias (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 69.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputadas e deputados máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobado o expresidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar Blanco, logo da súa condena por parte do Tribunal Supremo pola comisión dun delito contra a seguridade viaria. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 73.), *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 74.) e *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 76.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 79.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar a inserción da mocidade no mercado laboral galego e a calidade do emprego nesta franxa de idade: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento da dependencia: *aprobada por 63 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.* (Páx. 81.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de impulsar as comunidades enerxéticas locais e o autoconsumo compartido: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que desautorice a implantación do grao en Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 82.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Fidalgo Iglesias e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que axilice todos os trámites necesarios para poñer en



marcha o Proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobar o expresidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar Blanco, logo da súa condena por parte do Tribunal Supremo pola comisión dun delito contra a seguridade viaria: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta, Candia López, comunica a acumulación, para efectos de debate, da interpelación número 4468 e da número 16145, consonte o disposto no artigo 149.1 do Regulamento, por referirse ao mesmo tema. (Páx. 83.)

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega. (Punto quinto da orde do día.)

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 83.) e *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 86.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 90.)
Réplica das autoras: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 95.) e *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 97.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 99.)

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 104.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villarez Bermúdez)*. (Páx. 106.)
Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 109.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villarez Bermúdez)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que o Goberno galego ten de dotar a comarca do Baixo Miño cun servizo de transporte público de persoas por estrada que cubra as necesidades de mobilidade da cidadanía desta comarca. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 114.)



Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 115.)

Réplica do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 117.)

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido ás reivindicacións de nais e pais do CEIP Bergantiños, de Carballo, relativas á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as necesidades de prazas de atención diúrna para adultos con trastorno do espectro autista na comarca de Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 126.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta, Candia López, comunica o debate acumulado das preguntas números 19193 e 19203, que se corresponden cos puntos da orde do día 7.5 e 7.6. (Páx. 127.)

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión do Goberno galego en relación co sistema de atención á dependencia en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para reducir a lista de agarda na valoración da dependencia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 127.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 129.)

Réplica das autoras: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 131.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 133.)



Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego ante a posibilidade de facer realidade un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 136.)

Intervención do autor: *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 138.)

Pregunta de D. Iago Suárez Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego referidas á protección do mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 140.)

Intervención do autor: *Sr. Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 143.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para o mantemento e a protección das pallozas de Piornedo, no concello de Cervantes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 144.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 145.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 147.)

Remata a sesión ás seis e corenta e nove minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Bo día a todas e todos.

Reiniciamos a sesión, dando comezo polas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os problemas de acceso aos dereitos en Galicia, especialmente por parte das poboacións con maiores dificultades

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, señor Besteiro, ten vos-tede tres minutos.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Si, moitas grazas.

Bos días.

Bos días, señor Rueda.

Avanzar na conquista dos dereitos, fortalecelos, amplialos, que cheguen cada vez hai a máis xente, pois probablemente creo que é das mellores misións que temos —ou polo menos dígoos desde a miña propia ideoloxía— de servir a este país e servir a todos, neste caso a todos os galegos e as galegas.

E é verdade que, cando hai un marco de desigualdade, contra o que temos obrigatoriamente que loitar, prodúcense situacións onde a xente, tendo recoñecidos os seus dereitos na lei, nos regulamentos, no papel, non obstante, á hora de exercelos non teñen posibilidade de exercelos, están bloqueados ese acceso a eses dereitos.

Iso xera unha sociedade, desde o meu punto de vista, dalgúns que teñen acceso aos dereitos, que empezan a ser xa privilexiados, fronte á inmensa maioría, que, tendo un dereito recoñecido, pois non pode acceder a el.

Algúns exemplos. No campo da dependencia hoxe hai 4.000 galegos e galegas que están pendentes de resolución do seu expediente. E os estudos refiren que case soamente o piden o 20 por cento dos que poderían telo solicitado.

No campo da sanidade tamén xa sabemos todos os galegos e as galegas o que o Partido Popular, o que o seu Goberno, pensa sobre a sanidade. Algunhas frases creo que lle farán recordar esta cuestión: «Temos moita oferta en sanidade, ¿de verdade estamos tan enfermos?» Ou outra: «Á saúde dásele un valor que a saber se ata ese punto é así». Ou a última, que para min é de mérito: «Para a xente que non le, ter unha catarata impórtalle menos».

Esa é a percepción que ten o Partido Popular sobre a sanidade e, sobre todo, sobre o exercicio e o acceso á sanidade.



Ben, están a isto, están a isto realmente de que digan cousas como que a xente enferma por deporte. E están tamén a isto, a un chisco de chegar a esas declaracións que no seu día fixeron famosa a unha política madrileña, dicindo que para que ían atender a 7.000 anciáns, porque, total, ían morrer.

Co cal esa percepción, que é a que percibe a sociedade, do interese sobre o exercicio de determinados dereitos, é a situación na que nos atopamos hoxe en Galicia.

Pero voulle falar sobre a vivenda, un problema real e emerxente, unha verdadeira emerxencia social. Hoxe hai inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda máis de 19.000 persoas, galegos e galegas que demandan un emprego e que confían en que, ademais, apuntándose a ese rexistro, poidan ter acceso a unha vivenda. Hai un ano eran 18.000. Por tanto, durante este ano do seu goberno medrou o número de demandantes en 1.000, coma se foran 3 demandantes máis cada día. Estamos nunha situación de emerxencia social, cos que se inscriben nese rexistro.

O prezo da vivenda subiu un 8 por cento no ano 2024, os prezos dos alugueiros nos últimos dez anos subiron un 50 por cento, mentres que o salario non subiu na mesma proporción. Estamos nun problema de falta de accesibilidade á vivenda. E o modelo do Partido Popular é o modelo xa fracasado no pasado: máis solo, máis liberalización, máis construción; por certo, a que non fixeron durante quince anos de vivenda pública. Pero, en definitiva, solucións que dirixen o mercado cara á especulación.

E onde hai que centrar os tiros, desde o noso modesto punto de vista, é no prezo, na contención do prezo, xa non daqueles que queren comprar unha vivenda, que, por certo, hoxe poden comprar vivenda os que poden, a inmensa maioría non pode; incluso familias con dous salarios non poden comprar unha vivenda. E o alugueiro está absolutamente disparado.

O que eu lles propono é que se sumen a unha política activa de contención de prezos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Non soamente no marco das zonas tensionadas, senón na proposta que lle fixemos dun banco público de alugueiro —chámelle como queira—, pero onde a Administración interfere no mercado, actúa no mercado, facilita que afloren vivendas dispoñibles, 5.000 nun ano. Porque o mercado da vivenda, señor Rueda, non é un mercado de criptomonedas, que está sometido á especulación. O mercado da vivenda debe estar regulado e a intervención pública debe ser decisiva nese campo. Porque o problema non está soamente en construír vivenda, senón que está...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: ...no prezo desas vivendas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Bos días, señor Besteiro.

Permítame unha pequena introdución, que creo que é pertinente. Mire, hai un ano, vai facer un ano agora, dentro dunha semana, que se celebraron as eleccións autonómicas. Eu teño un bo recordo delas, non sei o que terá vostede. Pero, á parte de facer un ano, hai outras datas tamén que creo moi significativas que entran dentro dese ano. Esas eleccións convocáronse cuns orzamentos aprobados e celebráronse cuns orzamentos xa en vigor. Pasou un ano, levamos apenas un ano de lexislatura e xa levamos dous orzamentos. Fíxese a diferenza: tres orzamentos en sete anos do Goberno central e nós nun ano dous orzamentos xa, o que xa cumpriu a súa vixencia e o de agora, e, por suposto, orzamento por ano; en quince anos, quince orzamentos.

Mire, ¿por que lle conto todo isto? Por algo moi sinxelo. Porque vostede me fai preguntas de xestión e para xestionar hai que ter orzamentos. Claro, se non podemos falar de vivenda, como falan vostedes do Goberno que vostede defende, faga o que faga, que nos leva falando de vivenda un montón de tempo e non temos nin idea das vivendas que está facendo en Galicia. Iso si, a opción de aproveitarse, de apuntarse a todas as que facemos nós, sen ningunha dúbida. Vémolo todos os días, pero facer, nin a primeira.

Esa sociedade que nos anunciaron que se ía facer para construír vivendas, nada de nada. A que constituímos nós, ao mellor con menos propaganda e con moito menos ruído, xa leva o quinto acordo en Consello da Xunta para promover vivendas en menos dun mes desde que está constituída. Esa é a diferenza, señor Besteiro. *(Aplausos.)*

Diciálle que, como temos orzamento, podo falar de xestión, e eu prefiro que falemos de xestión e que non esteamos falando neste Parlamento de cesións ao independentismo, de corruptelas, de loitas dunha parte do Goberno con outra parte do Goberno, agora xa públicas e sen cortarse un pelo. Non, non, é moito mellor falar de xestión. E vostede non me ten que preguntar cando imos aprobar o orzamento, porque sabe de sobra que xa o temos aprobado e é o que seguiremos facendo sempre.

Claro, entón podemos falar de xestión, porque aquí si hai Goberno. E alégrome moito de que vostede decida activarse con todas estas cuestións e que lles saque a razón ás Xuventudes Socialistas, que din que non está activado, que non está conectado. Isto é conectarse. Está moi ben, hai que vir aquí falar destas cousas. Demóstralle que estas cousas lle preocupan.

Se lle preparan un pouco máis, por exemplo, para o de dependencia, sabería que no ano 2021 vostede estaba aquí aínda aterrando como o Messi da política galega e ao mellor non se acordou ben de que xa tiñamos un primeiro plan de choque da dependencia, que ¿sabe que supuxo? Que puideramos incrementar un 20 por cento o número de dependentes atendidos. Daquela non era dabondo, por suposto, por iso hai un segundo plan de choque, que o con-



seguimos axilizar nun 15 por cento, que, por suposto, non é dabondo os tempos de atención, e que a raíz desa xestión pois aumentou o número de demandantes en dependencia máis dun 40 por cento.

Polo tanto, hai que seguir. Terame escoitado dicir moitas veces que non estou satisfeito, non podemos estar satisfeitos cos tempos de atención á dependencia e, polo tanto, hai que melloralos.

E por iso traemos ese segundo plan de axilización, que o que busca é simplificar trámites, poñer un prazo máximo de seis meses, que aqueles que teñan recoñecida unha prestación mentres non teñan a praza que pediron poidan ter unha contraprestación económica.

E mire, en apenas corenta días xa 5.000 persoas melloraron, modificaron mellorando a súa catalogación, pasaron a ter a cualificación de dependentes dende a incapacidade e hai 1.000 xa que o van ter en moi pouco tempo. ¿Que é dabondo? Non é dabondo. ¿Que hai que seguir mellorando? Hai que seguir mellorando.

Na segunda réplica podemos falar máis de xestión e de máis servizos públicos; outra cousa é que a vostede lle interese. Pero, se lle interesa a xestión, benvido. Está ben activarse de vez en cando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor presidente.

Turno de réplica, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben.

Ben, señor Rueda, vexo que de vivenda quere falar pouco. Aínda que é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, pero sobre esa cuestión pasamos por enriba con moitas cousas. Ou ao mellor é que cre que a vivenda vai en Galicia «que te...»; ao mellor cre realmente iso.

Eu o que lle digo é que ten que adoptar medidas xa para poñer freo á subida do prezo da vivenda e do prezo do alugueiro. Iso é o que honestamente lle veño plantear aquí. Que o problema está no prezo e que vostede ten a responsabilidade de atacar ese problema que está comendo as economías de mozos e de mozas e de moitas familias en Galicia.

E cando lle digo que sobe o número de demandantes de vivenda é porque non se contén, senón que segue incrementándose; por certo, no último ano do seu Goberno, cos orzamentos aprobados, eses orzamentos que miran para outro lado no campo da rehabilitación; o orzamento este ano baixa un 25 por cento en rehabilitación.

Pero outras cuestións: as 1.400 vivendas públicas son de cartos do fondo do Estado. Non destina vostede pulmón propio para construír máis vivendas, como dicía na primeira intervención, as que non construíron nos últimos quince anos.



Pero ¿que pasa con esas casas que se van construír, esas vivendas que se van facer, pero que se poderá chegar a elas dentro de catro ou cinco anos? O problema está hoxe aquí, habita aquí en Galicia e hai que combatelo aquí con todos os medios.

E nós propuxémoslle unha medida para que actuara e para que saíran vivendas dispoñibles, controladas pola Administración, que sexan vivendas aptas para ser alugadas e, sobre todo, que traslade seguridade aos propietarios con contratos máis amplos, pero, iso si, a rendas razoables; rendas razoables de alugueiro garantidas polo público. Esa é a forza do público: actuar contra unha emerxencia.

Vostede non quere. Vostede quere que siga fluíndo, actuando dentro de cinco anos, cando o problema o temos aquí, hoxe, aquí. 5.000 vivendas poden saír xa ao mercado dispoñibles baixo o control da Administración pública a prezos razoables para mozos e mozas e para familias que hoxe o necesitan.

¿Onde van eses máis de 500 millóns que transferiu o Estado desde 2018? Ao mellor estámolo gardando para algún proxecto empresarial. Desde logo, execución real nos últimos anos sobre vivenda, cero e máis que cero.

Señor Rueda, eu o que lle pido é que actúe xa para conter os prezos do alugueiro e os prezos de venda aquí, en Galicia, no seu territorio, na súa competencia exclusiva, tal e como lle confire o Estatuto de Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Besteiro.

Ten novamente a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Besteiro, a verdade é que mo pon vostede fácil. Di que non quero falar de vivenda, e vostede non quere escoitar. Onte houbo unha comparecencia da conselleira de Vivenda para falar de vivenda e vostede debía estar activándose por aí, que non tivo tempo para vir escolitala. *(Aplausos.)*

A min non fai falta que mo conte, porque deseñámola conxuntamente, pero ao mellor a vostede comprendo que... en fin, pode ser, ter que vir aquí unha hora e escoitar unha conselleira falar de vivenda fáiselle moito. Pero non está mal se me di que quere falar de vivenda.

Por certo, resulta que a competencia exclusiva de vivenda é da Xunta de Galicia. Entón, ¿que fai a ministra de Vivenda vindo a semana pasada *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a inaugurar unhas vivendas, *(Risos.)* unhas vivendas a Galicia e non avisa a Xunta de Galicia, señor Besteiro? *(Aplausos.) (Murmurios.)* Imos ver, imos ver... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Dinme que a vostede si que o avisaron, alí foi, alí estaba activado e entón podía terlle dito: ministra, ¿que fas aquí, que isto non é cousa túa? ¿Por que non está a Xunta de Galicia?



Mire, hai que falar cun pouco de rigor. O 75 por cento dos fondos que temos no orzamento no ano 2025 son fondos propios da Xunta de Galicia e o 25 por cento proveñen do Estado. Que lle dean ben os datos.

E, en todo caso, voulle dicir unha cousa. O 75 por cento que nós poñemos non son fondos da Xunta, son fondos dos galegos; igual que o 25 por cento que poñen vostedes son dos impostos que pagan os galegos e da solidariedade do resto de España. Non son fondos de ningún gobernante e menos do señor Sánchez e da ministra de Vivenda, señor Besteiro. *(Aplausos.)* É que isto é así.

Pídeme, supoño que cumprindo ordes de Moncloa —estano facendo en toda España—, que cumpramos a Lei de vivenda, baixo a ameaza de que, se non, ao mellor non temos os fondos, que, como son seus, poden repartilos como queiran.

Mire, non me pida que cumpra a Lei de vivenda cando todos os concellos galegos, 313, moitos gobernados polo Partido Socialista, especialmente nas cidades, nin o primeiro a día de hoxe activou a petición de zona tensionada da Lei de vivenda, que din que é tan bo. ¡Oia!, xa leva un montón de tempo en vigor e aínda non a pediu nin o primeiro. Están con trámites, con peticións, porque saben o que hai, señor Besteiro, e se nin sequera os seus a queren aplicar, non nos pida a nós, que si que queremos facer vivenda en serio, que apliquemos aquilo que é prexudicial.

Polo tanto, isto é o que hai. Igual que na dependencia. Iso pensei que vostede non o ía dicir, porque solta os datos e dá o mesmo. Resulta que só piden a dependencia o 20 por cento dos dependentes; datos do Imsero; que así calquera tritura un dato; resulta que o 80 por cento que non o pide son potenciais dependentes. ¿Sabe o que son potenciais dependentes para o seu Goberno? Calquera persoa maior de 65 anos. Polo tanto, todos eses resulta que son dependentes e hai que pedilo; así saen os datos do Partido Socialista, señor Besteiro, así saen as cousas, e así é moi difícil.

Porque, se quere un pouco de rigor, imos falar de cifras. Mire, agora que se ve que teñen cartos para todo, subiron máis de cen impostos. ¿Onde van eses cartos? Onte xa vimos que se van quedar 1.500 millóns de euros da suba do salario mínimo. ¿Por que non se planta diante do ministro Bustinduy, que creo que é da parte do Goberno que se opón ao Goberno, que dicía o outro día que iso de que a Galicia se lle adebedan cartos en dependencia? Diso nada, e ventílaos así dun plumazo, que xa está todo pagado.

Mire, por ser xustos, este ano melloraron algo: do 50 por cento que tiñan que pagar están pagando o 37 por cento; algo é algo; levaban anos pagando o 23 por cento nada máis, é 50-50. ¿Sabe canta débeda hai xa acumulada? 2.500 millóns de euros. ¿Sabe cantas cousas se podían facer con 2.500 millóns de euros?

Polo tanto, eu pídlle unha cousa: mire, se quere ser útil, se agora decidiu activarse, o quen ten que facer é plantarse dunha vez e dicirlle ao seu Goberno que nos debe cartos e que un dependente galego, como mínimo, como mínimo, vale tanto como un dependente vasco ou catalán. *(Aplausos.)* Dígalle iso ao señor Sánchez, sexa valente, actívese, aínda que sexa —xa



sei que non vai ser por facerme caso a min — por sacarlle a razón ás Xuventudes Socialistas, que a vostede o coñecen bastante ben.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante a tramitación do proxecto de Altri

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señorías.

Señor Rueda, Altri é unha empresa portuguesa, e eu quero facerlle a mesma pregunta que se fan moitos galegos e galegas: se ese proxecto da macrocelulosa é tan fantástico, ¿por que non o queren en Portugal, señor Rueda?, (*Aplausos.*) ¿por que? Sei que a resposta é moi fácil: porque estamos ante unha bomba ambiental. E aí están os datos do propio proxecto: 3,6 millóns de metros cadrados de ocupación de terras, que por certo formaban parte da ampliación da Rede Natura que vostedes cancelaron; 13 quilómetros de tubaxes que discorrerían por espazos protexidos; 8,7 toneladas diarias de gases contaminantes que se emitirían á atmosfera; 46 millóns de litros de captación de auga; 30 millóns de litros de auga contaminada que irán o río Ulla, que por certo abastece a máis de 100.000 persoas e que terminarán na ría de Arousa, a máis produtiva de Galiza.

E, aínda así, segundo a información que filtrou o seu Goberno á prensa, haberá informe positivo de Augas de Galiza. E, aínda así, segundo dixo Altri —que xa parece o portavoz do Goberno, confúndense entre vostedes—, van ter a declaración de impacto ambiental positiva en marzo.

A vostede, señor Rueda, dálle igual que Altri contamine, dálle igual que poña en risco 8.000 postos de traballo directos e dálle igual que queiran converter Galiza nun eucaliptal. Aínda así, Altri vai recibir todos os selos de calidade ambiental por parte do Goberno do Partido Popular. E ¿sabe por que, señor Rueda?, ¿sabe por que? Porque esta é unha decisión política que ten adoptado o Partido Popular para beneficiar a Altri, esa empresa portuguesa, e para prexudicar e hipotecar o futuro deste país. (*Aplausos.*) E, por riba, pretende que reciba 250 millóns de euros públicos.

Eu xa lle digo que desde o BNG imos facer todo o posible e todo o imposible porque non reciba nin un só euro público por contaminar o noso país e que eses 250 millóns de euros se destinen ás pemes galegas, á xente que vive de traballar no mar e tamén na terra ou a recuperar e rexenerar o río Ulla e a ría de Arousa.



O que nos está demostrando, señor Rueda, é que vostede non ten ningún proxecto industrial de futuro para este país, o seu proxecto é volvernos ao pasado, o que nos está ofrecendo é recuperar o franquismo industrial das celulosas. Si. No ano 1963 impoñíannos unha celulosa neste país por parte do franquismo, e ese é o modelo que vostedes recuperan no ano 2025: impoñernos unha macrocelulosa neste país. *(Aplausos.)* Franquismo industrial, iso é o que vostede lle ofrece á xente deste país sesenta anos despois, outra macrocelulosa.

Señor Rueda, non hipoteque o futuro deste país; rectifique, non hipoteque o futuro dos nosos fillos e fillas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Pontón, é que non o podo evitar, vostede ponse moi seria. Que cando xa apareceu Franco en Altri, ¡eh!, xa tardaba, *(Risos.)* ata Franco xa está na mezcolanza que vostedes fan.

Mire, Stellantis era, é ou era unha empresa francesa, ¿por que non se vai a París? Ou Alcoa, unha empresa americana, ¿por que non a quere Trump?, que a leve para alí. Esa é a miopía do nacionalismo, son plantexamentos que fan.

Mire, maldita hemeroteca, sempre é algo no seu caso que dá moito xogo, e teño que facelo para enmarcar todo o que vostede dixo. «Unha iniciativa intelixente que abre unha oportunidade»; esta é boa, ¡eh!, esta é dita por un alcalde do Bloque. «É marabillosa, oxalá se instale aquí»; esta é aínda mellor, déalle as grazas ao señor Daniel Castro, que o ten aí, que é o pai desta criatura; marabilloso, Altri. «O Parlamento galego aproba cos votos do BNG a instalación da planta de Altri na provincia de Lugo». E esta é a miña favorita: «Nós somos os primeiros en aledarnos de calquera proxecto que cumpra a lexislación e que se instale na Mariña ou en calquera parte do país e que teña expectativa de crear postos de traballo directos». Esta ¿sabe porque é a miña favorita? Porque é a que mellor os retrata a vostedes, especialmente a vostede, señora Pontón.

Mire, cando levaba dúas derrotas, dicía unha cousa de Altri; cando lle meteron os galegos a terceira, xa cambiou de opinión. Vostede cre que a xente é parva. Vostede é a mesma que lle chamaba evasor fiscal ao primeiro empresario deste país e despois visitouno as oficinas cun sorriso alí moi grande. Polo tanto, é capaz de todo.

Pero ¿sabe que, señora Pontón? De todos os disparates e todas as falsidades que levan dito sobre este asunto, hai unha cousa que teñen que recoñecer que é verdade. Vostedes faloron de coacción aos funcionarios. Si, é verdade, houbo coacción aos funcionarios. ¿Sabe de quen? De vostedes, señora Pontón. Coacción inxusta, irresponsable, continuada, covarde e indocumentada. *(Aplausos.)*



Vostedes neste asunto, cunha enorme irresponsabilidade, acusaron de coacción, de cometer —acusaron e acusan— ilegalidades ás persoas, a funcionarios técnicos, persoal directivo da Xunta e que nin sequera coñecen. É que dubido moito que, se estiveran diante, foran capaces de dicírllelo á cara. Pero, claro, dende as poltronas que vostedes ocupan na oposición durante tanto tempo, supoño que todo é bastante máis sinxelo.

Pero isto é unha actitude perigosa, señora Pontón, perigosa para o Estado de dereito, perigosa para a seguridade xurídica, perigosa para a democracia e perigosa para o clima de confianza que temos que crear en Galicia. Pero todo isto a retrata perfectamente. Supoño que nos réximes totalitarios que a vostede lle gustan tanto, nesas repúblicas bananeiras que vostedes adoran, pois o normal será pensar que os políticos presionan os funcionarios e os funcionarios son uns peles que fan o que digan os políticos, pero en Galicia a cousa é distinta. Un respecto, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Mire, a súa memoria selectiva sobre Altri ten dúas etapas: unha, ata o 18 de febreiro do ano pasado, e, outra, a partir dese día. Pasou de ser ma-ra-bi-llo-sa, en palabras do seu deputado, a de repente ser unha bomba ambiental. E ¿sabe o que cambiou? Simplemente que os galegos ese día decidiron mandalos outros catro anos á oposición. Pero é o que hai, señora Pontón, o pobo é quen ordena, e, polo tanto, se quere gañarse esa confianza, que por este camiño non leva moitas posibilidades, o que ten que facer é un mínimo de humildade, un mínimo de gallardía e, cando menos, pedirllas perdón a todas as persoas, a todos eses técnicos que vostede pon en dúbida sen coñecelos, sen ter nin idea da materia e facendo e arroghándose uns coñecementos que nin ten nin terá na vida.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, como líder da oposición á que votaron case medio millón de galegos e de galegas e como muller, non lle tolero que cuestione a miña capacidade de comprensión nin as propostas a favor deste país. *(Aplausos.)* Menos paternalismo, menos machismo e un pouco máis de humildade. Señor Rueda, menos paternalismo, menos machismo é un pouco máis de humildade. *(Murmurios.)* A min non me van calar, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)* Isto non é a TVG, non me van calar. E non vou permitir que se cuestione a miña capacidade nin o que digo neste Parlamento. Non, non, agora só vai poder falar o Partido Popular.

Señor Rueda, explíquenos por que ocultou o proxecto, porque volveu dicir que pasou desde esa votación ata o día 4 de marzo, que coñecemos o proxecto no DOG, porque o ocultaron antes das eleccións, porque sabían que isto era unha bomba ambiental. *(Aplausos.)*

E vén vostede aquí falar de coaccións. ¿Quen coacciona? ¿Os milleiros de galegos e galegas que se manifestan en contra de Altri? Pero, señorías do Partido Popular, están máis cerca de Trump do que nós pensabamos, señorías do PP. Estar en contra de Altri é coaccionar a xente. *(Aplausos.)*



Pero, señor Rueda, o que nos terá que explicar, señor Rueda, é por que dimiten algúns técnicos e por que para substituír algúns técnicos vostede coloca comisarios políticos do Partido Popular, para facer informes a medida. *(Aplausos.)* Señor Rueda, se ademais todo o mundo sabe que a vostede os únicos informes técnicos que lle gustan son os que lles dan a razón. Claro, por iso non lle gusta o informe técnico do Consello de Contas, que denuncia o sobrecusto do Álvaro Cunqueiro, do hospital de Vigo; por iso non lle gusta o informe técnico do Instituto Galego de Estatística, que está denunciando a situación do galego; tampouco lle gustan os informes técnicos do Consello da Cultura sobre Altri, que lle din que Altri sería un proxecto desastroso para este país.

Señor Rueda, deixe de mentir e deixe de agocharse detrás dos técnicos, porque todo o mundo sabe que esta foi unha decisión política adoptada polo Partido Popular que nos anunciaron aquí desde a tribuna deste Parlamento e que antes de que houbera ningún informe xa dixeron que era «redondo» desde o punto de vista ambiental. Pero ¿a quen quere enganar, señor Rueda?, ¿a quen quere enganar? Sexa valente e asuma as súas decisións políticas, polo menos teña por unha vez a honradez de facelo.

Pero o triste, señor Rueda, é que non sabemos por que vostedes están empeñados en levar adiante un proxecto que pon en risco o futuro deste país. Algún día o saberemos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Quizais os vínculos —remato, señora presidenta— cunha empresa dunha exconselleira do Partido Popular o pode explicar ou quizais outras cousas. O que está claro é que están dispostos a todo para darlle a adiante.

Miren, en Noruega acaban de dicirle «non» a unha pasteira moi similar á de Altri pola súa afectación ambiental. A diferenza entre Galiza e Noruega é que alí teñen un goberno que está mirando polo ben común. Vostedes aquí son un goberno que está facendo de comercial de Altri, en contra das empresas deste país.

Señor Rueda, Galiza merece ter futuro. Vostede está demostrando que non é capaz de conseguir empresas de vangarda tecnolóxicas e de futuro. O único que nos ofrece é resucitar o franquismo industrial, sesenta anos despois outra celulosa no corazón deste país.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: E xa lle digo que nin toda a propaganda nin todas as súas mentiras, nin toda a manipulación, vai frear a dignidade da xente deste país, que lle di: «Altri non, Galiza si.» Rectifique, señor Rueda, e escoite a xente deste país. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Pontón.

Ten novamente a palabra o señor presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Pontón, non se me faga a ofendida, iso ao mellor a primeira vez, a segunda, a terceira, a cuarta, pero jé que xa vinte veces...! Sempre conta o mesmo. Vostede, como muller, séntese ofendida. Non, eu fállolle a unha deputada que lles está faltando ao respecto a tantas funcionarias enxeñeiras, con traxectoria, con categoría e que ven todos os días como vostede lles falta ao respecto, dicindo que sabe do que non ten nin idea. *(Aplausos.)* ¿Ou non son mulleres, señora Pontón? Señora Pontón, esas non son mulleres, non saben nada.

Pois mire, eu non teño a capacidade de entender todos os parámetros técnicos, déixollelo aos técnicos. Vostede non, vostede sabe de todo, e como esas técnicas mulleres e enxeñeiras capacitadas non din o que a vostede lle convén, pois entón hai que descualificalas. Non din o que lle convén ao Bloque e xa está. Se é a teima de sempre.

Mire, como non lle serviron as coaccións aos funcionarios, esas coaccións das que, por suposto, a súa enorme soberbia non lle vai poder permitir pedir desculpas, porque, se non, desmóntaselle todo o chiringuito que ten montado, agora un paso máis e agora resulta que Franco, intereses espurios... ¿Dáse conta de que a xente tamén escoita e ve como se comportan vostedes en todo isto, señora Pontón?

Señora Pontón, vostede, cando viu que non podía inaugurar Altri, decidiu plantarlle batalla a Altri. E isto é o que hai, isto é o que hai. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, si.

Vostedes tiñan os datos desde o principio e agora resulta que o que nos vén dicir, e dálle igual con tal de tirar para adiante co conto, é que votaban sen coñecer o que estaban votando e polo tanto lles parecía marabilloso. Dicían todas aquelas cousas boas, pero que en realidade non sabían sobre o que estaban falando, e non sabían o que estaban dicindo, que era marabilloso, e que ¡que sorte! Todo iso dicían, señora Pontón, e de repente todo cambiou.

Mire, aquí hai un problema tras outro, xa lle digo: os funcionarios, os documentos, Franco, os portugueses... ¿Sabe cal é o verdadeiro problema? Que vostedes perderon as eleccións, e iso cambiou. *(Murmurios.)* Si, si, si, si. Votoulle moita xente, pero votoume moita máis a min, ao Partido Popular, e por iso estamos gobernando. *(Aplausos.)* ¿Entende? É que...

Mire, isto é o de sempre: se Galicia non lle dá a presidencia ao BNG, o BNG decide non darlle a Galicia o que Galicia precisa. ¿E sabe o que Galicia precisa? Precisa proxectos para que a xente poida traballar aquí, para que non teñan que ver como viron noutras épocas, como oportunidades, sempre que cumbran a lexislación, vanse a outras comunidades autónomas, e polo tanto o que queira aproveitalas ten que saír de Galicia para poder traballar.

Vostede, claro, está vinte e cinco anos na poltrona, sen ter que gobernar nin manexar un carto público, e, polo tanto, a xente que quere traballo, que quere nóminas, que quere estar aquí na nosa terra, a esa que lle dean aire. Non é o seu problema. O importante son os seus obxectivos políticos. A ver se o intenta unha cuarta vez, a ver se desta vai. Dálle igual levar o que sexa por diante, o futuro.



Pois á xente non, a xente quere firmeza dos gobernos, e quere que cumpramos a lexislación, e quere que, se a lexislación se cumpre, as oportunidades queden aquí en Galicia. E iso é o que vou facer. A parte escura está aí, señora Pontón, non se equivoque. A maioría dos galegos sábena. Non está aquí, aquí hai transparencia. (*Risos.*) E nos funcionarios da Xunta de Galicia máis transparencia que en ningún sitio, a pesar de que vostede lles falte ao respecto. (*Aplausos.*)

Mire, é sinxelo levantar insidias dende os escanos da oposición, dende esa poltrona. Vostede está acostumada, vinte e cinco anos nada máis e nada menos que facendo exactamente o mesmo: non aos investimentos, non ao turismo, non ás oportunidades para Galicia. Se é o mesmo de sempre. Fixérono con Alcoa, agora resulta que é insubstituíble; fixérono coa autópista, agora resulta que verteбра Galicia.

Mire, voulle dicir unha cousa —e remato xa—. Na miña convicción persoal, e creo que na de moitos galegos, só houbo un proxecto que vostedes apoiaron con vehemencia, apoiaron con sinceridade, que era o de Altri. Claro, ata que perderon as eleccións, todo cambiou o 19 de febreiro, e entón aí xa viron que tiñan que sacar a careta, tiña que volver a ser o Bloque de sempre, xa non tiñan que disimular. ¿E sabe que? Empezando por vostede especialmente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa orde do día, e, previo acordo entre os voceiros, vaise substanciar unha alteración da mesma, e imos dar paso a unha pregunta ao Goberno que estaba rexistrada co número 15687.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que o Goberno galego realiza respecto da consecución do acordo co Goberno central para a transferencia en materia de xestión do litoral galego

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e, como sabe, por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Paula Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora conselleira, hai máis de ano e medio este Parlamento aprobaba, sen ningún voto en contra, a Lei do litoral de Galicia, unha lei que contemplaba a asunción por parte da Xunta das competencias da xestión do espazo marítimo-terrestre recollidas no noso Estatuto de autonomía, unhas competencias que o Goberno galego podería empezar a exercer en canto recibira de mans do Goberno de España os medios persoais, materiais e económicos necesarios para facelo.



Lamentablemente, máis de ano e medio despois da aprobación desta lei, Galicia aínda non recibiu estes medios. O único que recibimos por parte do Goberno de Sánchez neste tempo foron as negativas, os desprezos e os adiamentos propios de quen concibe a política autonómica como un tira e afrouxa no que priman os intereses persoais e partidistas fronte ao progreso territorial. E así, entre avances a contagotas e constantes paus nas rodas, chegamos a febreiro de 2025 e non podemos seguir perdendo o tempo. Galicia necesita xa os medios para poder desenvolver esa lei.

Galicia non pode sufrir as consecuencias dun goberno paralizado, dun Goberno de España ocupado unicamente en tapar a súa corrupción, a corrupción do fiscal xeral do Estado, da muller do presidente Sánchez, do irmán de Sánchez Castejón, de Ábalos, de Koldo e de toda esa maraña de corruptelas, dende a lencería de Jessica ata o pisito de señoritas do señor Víctor Torres. Todo moi feminista, todo moi socialista, e tamén, ¡como non!, moi nacionalista, (*Aplausos.*) porque ese goberno de Sánchez está apoiado por uns nacionalistas que están moi caladiños en Galicia, moi bravos aquí, pero moi mansos en Madrid.

Pois, como dicía, señorías, Galicia precisa un goberno de España que se poña a gobernar xa. Creo que demostramos moita máis paciencia da que merecía un goberno que leva meses escudándose en supostas dificultades técnicas para agochar a súa escasísima vontade de facer nada en positivo por Galicia. Pero, finalmente, a nosa tenacidade acabou dando os seus froitos, co acordo acadado o pasado mes de decembro entre a Xunta e o Ministerio de Política Territorial para, por fin, facer realidade a transferencia a Galicia da xestión do espazo marítimo-terrestre.

Señora conselleira, ¿ten constancia o Goberno galego de cando pensa o Goberno central transferir a Galicia os medios materiais e persoais, o crédito, os expedientes e os edificios necesarios para poder facer efectiva esta transferencia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, señora Prado.

Efectivamente, foi o 17 de decembro cando o presidente da Xunta de Galicia confirmaba que se pechaba o acordo, ese acordo entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para facer efectivo xa o que era o último eslabón despois dun camiño e de moito tempo perdido, onde non nos puxeron absolutamente nada fácil poder ter as competencias que demandabamos dende aquí.

Ese día, o 17 de decembro, pois foi de ledicia; todo o demais, ben, pois fora traballo tras traballo. Pero, chegado o 17 de xaneiro do ano 2025, seguimos sen ter resposta, e o presidente



da Xunta de Galicia de novo ponse en contacto co ministro de Política Territorial, Ángel Víctor Torres, para dicirlle que é necesario que se axilice, porque a costa leva demasiado tempo parada.

Foi o 7 de febreiro deste mesmo ano e deste mesmo mes cando o ministro lle responde ao presidente da Xunta de Galicia e lle di que, efectivamente, xa está ben e que van axilizar todo, e que depende doutro ministerio, que é o de Transición Ecolóxica, pero que hai un compromiso que se vai facer efectivo.

E é este mesmo luns, o día 10 de febreiro, cando recibimos por escrito unha proposta, moi inicial, na cal nos falan dalgúns medios persoais e da transferencia dalgúns vehículos, pero todo isto segue sen estar cuantificado; e, polo tanto, hai que cuantificalo. E algo fundamental e trascendental: é que nos teñen que dar traslado dos expedientes; sen expedientes é imposible traballar.

Do que poden estar seguros os galegos e as galegas é de que o Goberno da Xunta de Galicia vai defender, coa mesma vehemencia que fixo dende o minuto cero, as nosas competencias e os nosos dereitos, baseándonos en algo fundamental, que son os 2.500 quilómetros de costa, e baseándose en algo fundamental, que somos a única comunidade autónoma que temos unha lei aprobada.

E neste sentido eu quéroilles dicir a todos os fillos de Galicia, que son tamén os do BNG e os do PSOE, que están demasiado descarrilados, que volvan ao redil, que volvan ao camiño, porque a nosa nai, que é Galicia, sempre acolle aqueles, aínda que estiveran equivocados. E digo que estaban equivocados porque fíxense que tivemos que escoitar cousas tales como o que dicía nalgunha rolda de prensa o señor Bará, que dicía que a *Xunta quería un conflicto y el Gobierno mordió el anzuelo*. Da man foron uns e outros.

O señor Bará seguía dicindo que actuamos con moitas présas, que a Xunta estaba manipulando e enganando o sector mar-industria e que cos concellos queriamos dar a batalla partidista.

O Partido Socialista tamén dicía que había unha vía de saída, esa vía era a mesma utilizada para ter a AP-9 —imaxinádevos pois si que iamos por bo camiño—, e ao mesmo tempo tamén dicía que, claro, xa sabían eles que era inconstitucional esta lei.

E eu dígolles, agora que estamos ao final: fagan algo por Galicia, amen vostedes a Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si.

Ben, señora conselleira, probablemente o ministro Víctor Torres está máis ocupado en tapar o dos pisitos de señoritas que en poñerse a traballar e a gobernar e, efectivamente, a trasladar as necesidades desta transferencia para Galicia. *(Aplausos.)*



Dende que Pedro Sánchez é presidente, transferíronse unha trintena de competencias ás diferentes comunidades autónomas. ¿E cales son as comunidades que máis competencias recibiron? Para sorpresa de ninguén, País Vasco e Cataluña, máis do 70 por cento dos traspasos, ¡que casualidade!

Pois mire, como dixen antes, nisto consiste a nova política de Pedro Sánchez, esta política autonómica na que todo para aqueles que o manteñen na Moncloa —iso si, menos para o BNG, que para eses non hai nada— e nada para os que defendemos a igualdade de todos os españois. Só así se entende que outras comunidades teñan xa transferidas as competencias que dende Galicia levamos anos reclamando, obtendo a negativa do Goberno central como única resposta. Ata hai moi pouco tempo pasou coa xestión do litoral, pero segue pasando coa xestión dos servizos meteorolóxicos, coa AP-9 ou coa homologación de títulos universitarios de estranxeiros. Un «non» constante a Galicia, avalado, por suposto, polo PSdeG —en cuxas siglas xa non é o de «Socialistas», xa cambiaron polo de «sanchistas de Galicia»— e un BNG que segue dando oxíxeno a Sánchez, a pesar de que non cumpre nin con Galicia nin con eles. Eu xa empezo a pensar que hai un pacto oculto entre o señor Sánchez e o BNG, que non coñecemos, que lles impide pois deixar de apoiar un goberno corrupto, un goberno machista e un goberno que tanto dano e tanto está maltratando Galicia. Mexan por eles e din que chove. *(Aplausos.)*

Mire, por iso, señora conselleira, eu pídolle que siga como ata o de agora, porque o que para eles é un xogo de intereses políticos e partidistas para nós é o noso deber con Galicia e cos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Señora Prado, efectivamente, o día 23 de abril do ano 2025 cumprírase un ano dende que o Tribunal Constitucional lle deu a razón a Galicia, un ano. E o Goberno galego agarda que antes dese ano si teñamos enriba da mesa todos os medios persoais, os medios materiais, que se fale cos funcionarios correspondentes —que nin sequera o están facendo e, polo tanto, non saben ao que se van ater— e poidamos exercer as nosas propias competencias.

Pero mire, nós podemos facer política, pero o que facemos é traballar, e traballamos dende a lealdade e sobre todo con transparencia, algo que outros non queren facer. E eu, unha vez máis, repítoles: xa teñen moitas fronteas abertas, xa se dedican a dicir moitas barbaridades; e nisto, que xa dixeron tantas, deberían pedir desculpas. Deberían pedir desculpas os señores do BNG, os señores do PSOE. Aínda están a tempo, fagan algo por Galicia.



Nós, mentres, seguimos traballando, fixémoslo e ademais avanzamos nestes dez meses; non podíamos estar agardando polo Goberno central e estamos desenvolvendo a lei, lei que lle abre a porta ao resto das comunidades autónomas, entre elas o País Vasco, que ben agradecidos tamén están a Galicia. O que fixemos xa nestes dez meses foi constituír a Comisión interdepartamental. Tamén o que fixemos foi a consulta previa para ese foro do litoral, porque nós si cremos no diálogo, nós si cremos na verdadeira gobernanza; nós non cremos na algarada e, sobre todo, non cremos no desprestixio.

Tamén sacamos adiante un visor web. Toda Galicia sabe cales son as zonas que están máis protexidas e cales son as zonas que poden ser compatibles co desenvolvemento económico. Ao mesmo tempo, estamos coa elaboración das Directrices de ordenación do litoral, e aí dígolles: teñen a oportunidade de traballar un pouquiño por Galicia; estarán en consulta pública ata o vindeiro 31 de marzo. Estas son as que van fixar os criterios para xestionar as actividades humanas que se poidan desenvolver na nosa franxa costeira, porque a nosa franxa costeira necesita vida, necesita economía, pero tamén necesita protección do medio ambiente.

E dígolles: esta é unha norma clave para Galicia, o Goberno galego non vai dar ningún paso atrás. Pedímosllo ao ministerio, pero tamén llelo pedimos a aqueles que están cogobernando —é dicir, aqueles que forman parte do mesmo grupo político, os do PSOE e os do BNG—, que lle digan ao ministro que cumpra coa súa palabra. E eu quero pensar que non pode ser doutro xeito e, polo tanto, que mínimo antes do 23 de abril do ano 2025 nós poidamos estar exercendo as plenas competencias que ademais estaban xa no Estatuto. Algo que vostedes, a pesar de que din que o defenden, puxeron en dúbida.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(O señora Bará Torres pide o uso da palabra.)

¿Si, señor Bará? Dígame. ¿Para que quere...?

Déanlle voz ao escano do señor Bará.

¿Para que pide a palabra, señora Bará?

O señor BARÁ TORRES: Crin escoitar que a conselleira fixo referencia a min como deputado, e fixo unhas declaracións que son inexectas. E eu, acolléndome ao previsto no artigo 76.1, quero facer unhas aclaracións.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Eu entendín que lía literalmente unha intervención entrecomillada.

O señor BARÁ TORRES: Pero citoume persoalmente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Si, iso está claro.



O señor BARÁ TORRES: ...nunhas afirmacións...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pero ¿cal é a inexactitude?

O señor BARÁ TORRES: ...que son inexactas, e eu acóllome... Hai un artigo no Regulamento que cando hai unha alusión coma esta permite...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Bará, estoulle preguntando cal é a inexactitude. Non o dixo vostede.

O señor BARÁ TORRES: O que dixo, a súa alusión. Déixeme...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Non o dixo? A alusión non é unha inexactitude.

O señor BARÁ TORRES: Se me deixa...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Eu estoulle preguntando cal é a inexactitude.

O señor BARÁ TORRES: ¡Claro!

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Cal é?

O señor BARÁ TORRES: Pero ¿vaime deixar falar?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Estoulle preguntando. Contestese.

O señor BARÁ TORRES: Ben, o que quero aclarar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si.

O señor BARÁ TORRES: ...é que o que dixo a señora conselleira non se axusta á realidade. E a realidade é que o Partido Popular estivo doce anos sen mover un papel... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Mire, perdoe, señor Bará... (*Murmurios.*)

O señor BARÁ TORRES: ...respecto da transferencia... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Non ten a palabra. Non está aclarando vostede ningunha inexactitude. (*Murmurios.*) E, como sabe, nestes temas decide o xuízo da Presidencia e, por conseguinte, non lle dou a palabra. (*Murmurios.*)

Continuamos coa orde do día. (*Murmurios.*)

Non. Non colou. (*Murmurios.*) (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, pregunteille cal era a inexactitude (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) e non me contestou.



Continuamos coas proposicións non de lei, coa identificada no punto 2, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez e oito deputados e deputadas máis.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento da dependencia

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Silvia Longueira Castro; e outra do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Que desenvolva o Plan Estratéxico de Servizos Sociais, previsto na Lei de Servizos Sociais de Galicia, onde se explicita que serán as comunidades autonómicas as que lideren a implantación da Lei de Dependencia no territorio; coa fin de valorar, coordinar e poñer en marcha os diferentes recursos que se contemplan na lei.*
- 2. Que defina cando porá en marcha o decreto que regula a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais, publicado en 2014 do que se executou só a súa primeira fase.*
- 3. Que axilice a incorporación das persoas usuarias con dereitos ás prestacións da Lei de Dependencia no prazo máximo de seis meses, toda vez que desde decembro de 2011 ata xuño de 2018, o goberno de Mariano Rajoy recortou as achegas previstas pola Lei de Dependencia xerando en Galicia unha das listas de espera máis longas do estado.>>)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva un novo apartado, co seguinte texto:

<<Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



a) *Non reducir o investimento do Goberno galego en políticas de atención ás persoas dependentes en paralelo ao incremento dos fondos estatais de maneira que se incremente o gasto por habitante para situalo na media do investimento estatal e, progresivamente, superalo.*

b) *Incrementar o financiamento da Xunta ao SAF até o situar nos 20 euros/hora co obxectivo de garantir a sostibilidade do servizo.*

c) *Estabilizar o persoal que actualmente está contratado con cargo aos fondos europeos como reforzo nos Equipos de Valoración e Orientación da dependencia e discapacidade así como amplialo até o duplicar co obxectivo de rematar coa listaxe de agarda na tramitación das solicitudes de dependencia e discapacidade.*

d) *Elaborar e presentar na Cámara antes de rematar o actual período de sesións un Plan de ampliación do SAAD que inclúa as previsións para cada un dos servizos en función da demanda presente e futura así como un calendario de execución e o seu correspondente orzamento.»)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender esta proposición non de lei, e por tempo de oito minutos, ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, señorías do Partido Socialista, esta iniciativa pretende ser un punto de encontro sobre un tema no que estou segura de que todos estamos de acordo: mellorar a calidade de vida das persoas con dependencia en Galicia. E cunha proposta que coído non debería suscitar tampouco ningún tipo de división: que o Estado nos pague o 50 por cento da Lei de dependencia, ao que o obriga a lei, e non pouco máis do 30 por cento que paga na actualidade. (*Aplausos.*) Isto, señorías, supón unha débeda anual de preto de 200 millóns cos dependentes galegos e unha débeda acumulada histórica de 2.500 millóns de euros.

E pretendemos hoxe centrar o acordo exclusivamente neste punto, porque as galegas e os galegos teñen que saber que, ata que o Goberno central non pague o que debe para a dependencia deses galegos e desas galegas, a atención que se lles pode prestar non é nin a que precisan nin a que a lei lles reconece. Por moito que a Xunta se esforce, e estase esforzando, tendo o triplo de orzamentos dos que tiñan PSOE e BNG cando gobernaban en Galicia, por —insisto— moitos cartos que siga poñendo a Xunta de Galicia, mentres o Estado non cumpra a súa parte, non será posible que os dependentes teñan os servizos que demandan e que lles corresponden por lei. E dicirlles o contrario é mentirlles aos dependentes e ás súas familias, e para iso co Partido Popular non conten. (*Aplausos.*)

E que é mentirlles non o di o Partido Popular, señorías, non, é que o dixó o mesmo luns a súa fonte de referencia, a fonte de referencia do PSOE e o BNG: sen financiamento non hai servizos; e onte dicíao tamén a Federación Galega de Municipios e Provincias. Por iso, señores do Bloque, señores do PSOE, espero que hoxe aquí todos xuntos exixamos a Sánchez máis



recursos e menos anuncios, menos anuncios con normas desprovistas de financiamento, como a modificación da Lei de dependencia aprobada onte en Consello de Ministros, mentres aínda se segue sen pagar o 50 por cento da Lei de dependencia; sen consultar con ninguén; unha norma que non leva financiamento, igual que fixo xa no ano 2023, uns días antes das eleccións xerais, obrigando os concellos a dar máis horas de axuda no fogar a cada dependente; iso si, sen cartos, provocando serios problemas para eses concellos, como tamén onte mesmo criticaba a Fegamp; e un incremento anual da débeda da Xunta de máis de 80 millóns de euros, sumados aos que xa nos estaba debendo pola non aplicación do 50 por cento.

E, ante estes feitos, a Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais publicaba antonte —este pasado luns— o seguinte informe, que vou ler textualmente: «*El Gobierno propone una reforma de la ley añadiendo nuevos derechos cuando todavía están muy lejos de garantizar los que reconoce la actual norma. Obviamente, sin incremento de financiación, los nuevos derechos que esta reforma de la ley propone reconocer quedan en papel mojado*». Pura cosmética del sistema, señorías, pura cosmética del sistema, que solo servirá para generar falsas expectativas a las persoas en situación de dependencia y a sus familias. E o informe continúa dicindo, ademais, que moitos dos cambios que propón a modificación da lei xa moitas autonomías, ou polo menos algunhas, os estaban aplicando; é o caso de Galicia.

Señorías, as queixas pola débeda do Goberno de Sánchez aos dependentes saen xa de todas as partes; polas decisións arbitrarias que toma, sen falar con ninguén, porque non paga o que debe, porque segue poñendo e impoñendo servizos que van a custa das comunidades autónomas e dos concellos pero sen financiamento. Críticas que chegan de todas partes: dos profesionais, da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, da Fegamp, de concellos de todas as cores, de todo o mundo, menos da señora Pontón e do señor Besteiro. E, sinceramente, do señor Besteiro pois todos sabemos que é unha sucursal de Pedro Sánchez en Galicia e que fía todo o seu futuro político a «si, wana» a Madrid.

Pero, sinceramente, sorprende moito máis do Bloque Nacionalista Galego. ¿Onde está o seu nacionalismo, señores do BNG?, ¿onde está o seu nacionalismo? Porque miren, espérase dun partido nacionalista por calquera cousa, sobre todo que estea por encima de calquera cousa Galicia e os galegos. Pero, mentres vostedes seguen dicindo «*sí, señor Sánchez, sí, señor Sánchez, lo que usted quiera*», en ese castellano que xa se lles olvida o galego cando saen de Galicia... (*Murmurios.*) Porque... non, non, non, non, non se lles olvida... (*Murmurios.*), non, non, non, non, non, non, non... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...non, non, non, non, non... (*Murmurios.*), non se lles olvida o galego idioma, olvídaselles o galego de Galicia, olvídaselles Galicia e os galegos. (*Aplausos.*) Ese é o seu problema. Dígano en castelán, dígano en galego, en inglés, no que faga falta, (*Aplausos.*) pero vostedes a súa obriga aquí e en todas as partes é loitar polos intereses de Galicia e os galegos, e iso é o que non están facendo.

Mentres, o Goberno da Xunta, nunha absoluta lealdade cos galegos, está poñendo 8 de cada 10 euros do orzamento para todo o que ten que ver coas políticas sociais. Incrementou nun



23 por cento a axuda que lles dá aos concellos para pagar o SAD, e seguirá aumentando esa axuda porque o necesitan, aínda que é competencia municipal.

Pero unha Xunta que recoñece tamén —claro que si— que segue habendo eivas e que o tempo de agarda aínda é máis do que quixeramos. E por iso púxose en marcha un plan de choque no ano 2021, no ano 2023 —que xa obtivo melloras— e volveuse poñer agora o 1 de xaneiro; un plan de choque con medidas que pedían dende a oposición, pero que cando se pon en marcha din que non lles gusta, a pesar de que no primeiro mes xa beneficiou 5.000 persoas.

E hai que poñer en valor o último informe do Imsero, que sinala que Galicia é a terceira comunidade de España con mellores ratios de atención á dependencia. Segundo recoñece tamén o Informe da Asociación de Xerentes de Servizos Sociais, a nosa comunidade autónoma está entre as que ten unha maior valoración da atención á dependencia, cun 6,4 por cento, cando a media é dun 5 por cento. Recoñece tamén ese informe que somos a comunidade que en porcentaxe máis reduciu as listas de agarda, aínda que as solicitudes se incrementaron nun 40 por cento o ano pasado. Pero se o Goberno non nos paga os 2.500 millóns de euros que nos debe, seremos absolutamente incapaces de darlles aos dependentes aquilo que precisan, en Galicia e en toda España. Porque este problema está a pasar en toda España, non é exclusivamente de Galicia. Pero vostedes, nós, temos que velar polos intereses das galegas e os galegos.

Por iso esta iniciativa vai máis aló de premer aquí no escano o «si». Esta iniciativa conleva que despois en Madrid tamén co seu voto lle exixan a Sánchez que cumpra, que cumpra cos galegos e nos dea os 2.500 millóns de euros que nos debe. Iso si sería defender Galicia, iso si sería defender os galegos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda agora do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Vai intervir a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta, e bo día.

Ben, quero comezar hoxe, e sen que sirva de precedente, felicitando o señor Rueda. Pódenlle dicir vostedes, o grupo parlamentario. Eu alégrome moitísimo de que hoxe na pregunta ao presidente recoñecera que no ano 2021 viñeron aquí os cartos do plan de choque do Goberno de Pedro Sánchez para darlle para arriba á dependencia. Non o fixera ata hoxe. *(Aplausos.)* Xa falaremos, porque... Pero é a primeira vez que lle escoito recoñecer que viñeron cartos de Madrid. Máis de 1.800 millóns de euros se deron naquel plan de choque para as comunidades autónomas, para paliar aquela época tan tremenda que todos recordaremos do seu compañeiro, o señor Rajoy, que desestimou desde o 2011 ao 2018 que este país non precisaba de certas cuestións porque estabamos nunha época de austeridade.

Pero, en calquera caso, vimos falar hoxe aquí de como quere propoñer o Partido Popular que mellore a dependencia e teñamos máis financiamento e todo o demais. E o que eu creo e



cremos desde o PSdeG é que os golpes de temón nunca funcionan nos sistemas, nos grandes sistemas e, moito menos, nos grandes sistemas de protección. Non se pode manexar, non se pode dirixir e non se poden obter resultados beneficiosos para a cidadanía con golpes de temón. Non pasa nin nas grandes economías e, moito menos, tampouco nas pequenas. Pero nos grandes sistemas é imposible, porque todos sabemos como están estruturados e o que teñen que facer.

O problema é que vostedes non cren neste sistema de dependencia como tal. Vostedes ven aí un sistema de axudas que pode chegar máis ou menos a certas persoas, pero non o asimilan e non o teñen interiorizado como un sistema de protección ao uso, como é a Seguridade Social, por poñer un exemplo, aínda que está moi lonxe, a anos luz de selo; pero non o teñen interiorizado como un sistema ao uso.

Entón, ese afán de mellora, ese afán de dar máis cobertura e de chegar a outras cuestións pois non se contempla, porque o primeiro para mellorar un sistema é facelo seu, interiorizalo.

E vou poñer un exemplo. Eses pais que lles deixan facer aos fillos máis ou menos o que lles peta: comer cando queren, bañarse cando queren, non hai horarios; unha vez están na casa dos avós, outra vez están noutra casa. Non teñen unha medida concreta da educación; poden xogar, non poden xogar, non se lles controla no estudo. Iso chámase non ter un plan; non ter un plan neste caso educativo; ou non ter unha estratexia de saber que educar, ben, entre outras cousas, dicía Unamuno que a educación é repetición; ben, pois que educar é repetir, é sistematizar un comportamento.

Ben, pois iso é practicamente o relato que vostedes construíron coa dependencia. E voume explicar. Cando vostedes gañan —hai quince anos ou dezaseis, xa non recordo, hai moito— e teñen a primeira conselleira despois do Goberno de Emilio Pérez Touriño, a primeira conselleira que tiveron foi Beatriz Mato, que vostedes recordarán, que hoxe está nunha empresa moi importante, naquel momento a señora Mato decide crear a Axencia Galega, poñíaa en marcha. Ben, moi ben, o que se deu en chamar despois o Sergas galego. Con aquilo tratábase de absorber unha rede de escolas infantís, que foi absorbida, pero non se seguiu adiante con todo ese plantexamento; que tiña, ademais, unha serie de fases que era que debería ter absorbido as direccións xerais, os centros da Xunta do ámbito dos servizos sociais. Ben, aquilo púxose a andar, pero parouse, porque despois chegou outro compañeiro seu, que hoxe é alcalde de Ferrol, o señor Rey Varela, e entón cesou, cambiou persoal de confianza, cambiou as cúpulas, dixo que si, que non, e paralizou por completo o que aquel momento era a Axencia Galega. E quedou aí. Incluso se falou da disolución do Consorcio, hai algún anuncio que fala: o Consorcio vaise disolver. Pero tamén quedou aí, paralizouse.

Chega despois a nova conselleira, que temos actualmente. A Axencia non soamente segue aparcada, senón que, ademais, houbo outros cesamentos, cambios de cúpulas, cambios de direccións xerais, un novo decreto anuncian no ano 2021, que non se chega a materializar ata finais de 2023, e que con ese decreto se ía mellorar e que se ían facer moitas melloras significativas na dependencia. Non, non pasou iso, todo ao contrario.



Hoxe —e imos pola cuarta— teñen unha nova ocorrencia, que é desprestixiar, sacar do ruedo os traballadores sociais —que diso xa falaremos despois pola tarde, máis adiante—. Queren sacalo do panorama da dependencia, eliminando o informe de valoración —do que tamén falaremos despois—, porque din vostedes que con iso van axilizar a dependencia. Non sei se se vai axilizar, verémolo, non o sei. E, de momento, máis entrada no sistema, pero o sistema, poño por caso a cidade da Coruña, todos os mércores —hoxe, por exemplo— están caendo dentro da plataforma centos e centos de usuarios, e temos sempre unha bolsa de máis de 800 persoas que nunca son atendidas. E xa llelo digo dende aquí: os que teñan grao 1 e grao 2 non o van ser en moitísimo tempo, ata que cheguen ao grao 3.

Como ven, é un devir de situacións cheas de golpes de temón. Non hai ningunha estratexia, non hai ningunha. Ninguén lle pon cabeza a isto. E conselleiro que chega, ocorrencia que ten, vai para adiante. E van parcheando. E así levan desde que gobernan, porque vostedes gobernan, volvo dicilo desde aquí: gañaron as eleccións e gobernan. E así levan quince anos ou máis.

Entón, claro, eu pregúntome: ¿realmente estamos en condicións de pedir máis diñeiro, estamos en condicións de dicir que somos capaces de xestionar? Porque, mire, golpes de temón eu voulle poñer un exemplo.

Outro compañeiro seu, o señor Romay Beccaría, tivo unha vez tamén unha ocorrencia, que foi converter os hospitais en fundacións. Cee, Ribeira, Valdeorras, Vilagarcía; claro, aquilo foi un desastre. Foi un golpe de temón nun sistema xa moi estruturado e moi validado, co cal o Sergas asumiu todas aquelas magníficas fundacións que creara o señor Romay. Ben, pois naquel momento déronse conta de que xa había unha axencia, xa había unha entidade e con esa entidade, mal que ben, con moitas eivas evidentemente, como moitas veces falamos aquí, pero estase a facer. Pero vostedes coa dependencia, non.

E voulles poñer outro exemplo. Teñen vostedes os seus homónimos ou homólogos en Castilla-La Mancha, gobernada polo PP, que teñen unha continuidade no tempo, sendo unha das comunidades senlleiras na xestión da dependencia.

E os datos do Imserso, ademais, mire, eu creo que a señora Arias os manexa ao seu antollo, porque non son os que teño eu, ou non son os que eu saco da lectura dese informe.

Pero a Comunidade de Castilla-La Mancha é un lugar onde poden mirar. Teñen unha axencia, que, en concreto, se chama Xerencia de Servizos Sociais, xerencia que leva desde o inicio dos tempos da dependencia, e con ela xestionan pois tamén unha poboación tan envellecida como a de Galicia.

Entón, ¿queren falar de diñeiro? Ben, pois eu non sei se queren falar de diñeiro realmente, porque aquí nunca se falou deses sete anos onde estiveron todos calados, cando en Madrid o Goberno de Mariano Rajoy arrasou coa dependencia, eliminou gran parte dos fondos, eliminou horas de atención á dependencia dentro do fogar, e vostedes calaron a boca. Hoxe, que desde o ano 2020 estanse a saldar esas débedas que agora chaman históricas —históricas non, as débedas de Mariano, vanme permitir—, hoxe, que estamos a saldar as débedas de



Mariano, (*Aplausos.*) o que queremos é non só que ese diñeiro nos parece pouco, que evidentemente o será; e digo será porque toda a lista de espera que temos é inabarcable. E que, se non, ademais, lles parece mal. Parécelles ata mal que teñamos recuperado horas do SAD absolutamente necesarias para aqueles dependentes que están no seu fogar e parécelles mal que incluso teñamos recuperado as cotas da Seguridade Social dos que coidan os seus dependentes na súa casa.

Entón, a min, como reforma, paréceme intachable. Se tiveramos unha axencia, se tiveramos unha especie de Sergas mellorado da dependencia, igual ata poderíamos tirar. Porque non é cuestión de cartos, que tamén o é. É cuestión de saber como os imos empregar e que imos facer con eles.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Agora remato, presidenta. Grazas.

Así que eu aquí os comino outra vez. Nós facemos unhas propostas de plan estratéxico, dunha serie de reorganización. Non é tan difícil, é poñerse, ¿vale?, é poñerse.

E volto repetir: moitísimas grazas ao señor Rueda por recoñecer hoxe que desde o Goberno de Pedro Sánchez viñeron os fondos de resiliencia, os fondos de choque para a dependencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Longueira.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día.

Isto xa o votamos en setembro, tamén para ubicarnos todas e todos, a mesma iniciativa, na Comisión 5^a.

E preguntame a min a señora Arias, pregunta o Partido Popular: ¿onde estaba o nacionalismo galego? Pois, señora Arias e señorías do Partido Popular, o nacionalismo galego está e estará e estivo sempre no mesmo sitio: defendendo os intereses de Galiza, defendendo as galegas e os galegos e, especialmente, defendendo os dereitos das dependentes e dos dependentes dese país. (*Aplausos.*)

E precisamente polo traballo, polo esforzo, pola defensa absoluta e a ultranza que fai o Bloque Nacionalista Galego sempre, en todas partes, dos intereses de Galiza, das galegas e dos galegos e das persoas maiores e dependentes deste país, hoxe o Estado paga o 138 por cento máis en dependencia do que pagaba o Goberno do Partido Popular en España.



Eu collo a cifra que dá o Partido Popular, deuna o señor Rueda pola mañá e repetíaa agora a señora Arias: paga o 37 por cento; insuficiente. Non é o que di a lei que debe poñer, debe poñer o 50 por cento. Pero ¿saben canto poñía o Goberno do Partido Popular? O 18 por cento, señora Arias, o 18 por cento. (*Aplausos.*)

¿E onde estaba o Partido Popular de Galiza naquel momento? Aplaudindo coas orellas os recortes salvaxes en orzamento e en dereitos feitos polo Goberno do Partido Popular contra as persoas dependentes de Galiza e do Estado, señora Arias. Votando en contra de todas e cada unhas das iniciativas que trouxo aquí o Bloque Nacionalista Galego para que non só se lle pagase a Galiza o que dicía a lei que había que pagarlle, senón para que se restituísen os dereitos das persoas dependentes e das persoas coidadoras, que vostedes recortaron en 2013, en 2014, en 2015 e en 2016. Así que eu, señora Arias, de verdade, a pregunta que igual ten que facerse é onde estaba o Partido Popular cando se vulneraban dereitos orzamentarios de financiamento e dereitos das persoas dependentes neste país. Porque o Bloque estaba onde está agora, defendendo Galiza e os intereses das galegas e dos galegos.

Pero ¿por que volvemos debater esta iniciativa do Partido Popular?, que —insisto— tantas veces a traian, tantas veces a debatemos, iso está fóra de toda dúbida. Pero ¿por que a trae agora aquí de novo o Partido Popular? Porque teñen que intentar desviar a atención do caos absoluto no que inmersionaron, no que meteron o sistema da dependencia, as decisións políticas unilaterais tomadas polo Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, que teñen en pé de guerra todo o sistema de autonomía e de atención ás persoas dependentes deste país. As persoas funcionarias, que hai un momento esta mañá todo o mundo se daba golpes de peito, pois están as persoas funcionarias da Consellería de Política Social en pé de guerra, traballadoras dos equipos de valoración e orientación da dependencia e da discapacidade. (*Aplausos.*) Están en pé de guerra as traballadoras sociais dos servizos sociocomunitarios básicos de todos os concellos, dos 313 concellos deste país, que lle están dicindo ao Partido Popular que dea marcha atrás nesa reforma unilateral, sen negociación, que fixeron vostedes pola porta de atrás, que é a Lei de acompañamento aos orzamentos de 2025, para poñer pés para arriba un sistema que xa estaba absolutamente sobrecargado e absolutamente saturado, como é o Servizo de Atención da Autonomía ás Persoas Dependentes no noso país.

E non só nin as reciben. ¿Onde está a conselleira de Política Social, que debería estar reunida coas representantes desas traballadoras sociais ás que ten cos pés para arriba con esas reformas unilaterais que van en contra das traballadoras e do propio sistema da dependencia? Non se reúne con ninguén, non se vai reunir con elas tampouco; tampouco nos sorprende. Pero, en vez de estar intentando solucionar os problemas, a sobrecarga de traballo e a saturación que provocan vostedes e as súas decisións —aí non hai a quen botarlle a culpa, porque as decisións son única e exclusivamente do Partido Popular—, o que está facendo a Xunta de Galiza, o Goberno do Partido Popular, é botarlles a culpa ás propias traballadoras da situación; dicirlles que, se hai listas de espera na atención á dependencia en Galicia, é porque traballan pouco, e aínda nos anuncian como gran medida que lles van dar 150 euros para que traballen máis; trátanas de vagas e *peseteras* e encima responsabilízanas dunha demora na tramitación da dependencia (*Aplausos.*) e dunha lista de espera na atención á dependencia en Galiza que é responsabilidade única e exclusiva do Goberno do Partido Popular.



Primeiro, porque non é que traballen pouco, é que falta xente, falta persoal nos equipos de valoración e orientación da dependencia e discapacidade para poder atender e cumprir en tempo e forma cos prazos que establece a lei. Agora, anúnciase como medida estrela a ampliación dun plan de reforzo financiado con cargo a fondos europeos ata o ano 2027. E eu preguntolles: ¿quen vai traballar con cargo a eses fondos?, porque ese persoal que reforza hoxe eses equipos de valoración e orientación cumpre catro anos. ¿Vanos facer fixos, como estipula a lei? ¿Vanos botar á rúa e contratar outra xente? Porque a maior parte dos equipos de valoración e orientación da discapacidade están cubertos por persoal temporal financiado con cargo a uns fondos europeos que rematan agora a súa vixencia e se os van ampliar ou os fan fixos ou substitúen esas persoas por outras, co que iso supón de demora tamén na adaptación ao posto de traballo. ¿Que van facer, señora Arias? Iso depende única e exclusivamente de vostedes, non hai a quen botarlle a culpa.

¿Cal é a principal lista de agarda que hai neste país? ¿A que se debe? Os datos do Imserso: 1.464 persoas en Galiza teñen todo feito, todo, a valoración feita, o grao establecido, teñen o programa de atención individualizada aprobado e o que non teñen é acceso ao recurso, ao servizo público ao que teñen dereito, recoñecido por lei, porque vostedes non levantan unha praza pública nin de residencia nin de centro de día nin financian máis e mellor o Servizo de Axuda no Fogar, o que impide a todas esas persoas que teñen no papel recoñecidos os seus dereitos poder exercelos con todas as garantías a través dun sistema público de autonomía e atención á dependencia.

¿Cal é a solución que nos propón o Partido Popular ante esas listas de agarda, que son o resultado da privatización absoluta e da falta de recursos para ampliar a rede pública de servizos de atención á dependencia, que é responsabilidade única e exclusiva das decisións que tomou o Goberno do Partido Popular? Darche un puñado de nada, 430 euros, 430 euros para que coides o teu pai, a túa nai, o teu avó ou o teu irmán na casa. Ese é o modelo do Partido Popular. Privatizar os servizos ou privatizar os coidados e que se volvan meter na casa para que os sosteñan os lombos en precario das mulleres. (*Aplausos.*)

O benestar —e con isto remato—, que é na liña na que vai a emenda do Bloque Nacionalista Galego —que é de engádegas, non substitúe nada, é de adición—, non pode sosterse nin na precariedade de servizos nin na ausencia dun servizo público que garanta o dereito a unha vida digna, independentemente da idade que teñas ou da situación na que te atopes, e, como tal, o que hai que garantir, a través dunha rede pública de coidados, ampla, diversificada, próxima e profesionalizada.

Esa é a aposta que facemos desde o BNG. Iso custa cartos, efectivamente, certo, como todos os dereitos. ¿Hai que reclamarlle ao Estado español o que ten que pagar, porque o establece a lei? Si. ¿Hai que reclamarlle o que leva adebedado desde o ano 2006 a Galiza? Tamén. Pero iso non é óbice para intentar tapar a desfeita absoluta que no sistema de autonomía e atención ás persoas dependentes ten xerado o Goberno do Partido Popular durante os últimos quince anos en Galiza, que —insisto— non só non pagaba cando tiña responsabilidades de goberno no Estado, senón que recortaba, salvaxemente, non só en orzamento e financiamento ás comunidades autónomas, senón —o máis grave— en dereitos ás persoas dependentes e ás coidadoras no seu domicilio.



Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Ojea. (*Murmurios.*)

Non sei se serían por vostede, jeh!

O señor OJEA BOUZO: Ben, non eran, pero déixeme facerme a ilusión.

Ben, no tema que nos ocupa, efectivamente, hai responsabilidades compartidas entre o Estado, entre a Xunta e mesmo as corporacións locais. O que se pide nesta cuestión concreta pois é a existencia de responsabilidades a unha compoñente moi concreta desa terna, que é reclamarlle ao Estado os cartos que debe poñer e os que se adebedan. Entón, nese sentido, efectivamente, non podemos deixar de apoialo. Como se adoita dicir, cada pau que aguante a súa vela e neste caso concreto que se están exixindo responsabilidades e capacidade executiva ao Goberno central, pois, loxicamente, apoiarémolo, con independencia despois do grao de eficacia con que a Xunta de Galicia poida gastar tanto os fondos propios destinados a ese fin como os que reciba do Estado.

A cuestión está en que, ao final, neste debate de discusións de que se a culpa é dos galgos de Madrid ou dos podengos da Xunta de Galicia, os que acaban sempre prexudicados son os concellos, porque ao final os concellos son os que teñen trato máis directo, máis sensorial coas persoas afectadas e, polo tanto, unha vinculación mesmo emocional con esta clase de problemas e que, por certo, son as institucións con menos fondos e con menos financiamento.

Como tamén se recordou que aínda recentemente se estaba falando nos medios da asunción de moitas competencias impropias entre outras moitas relacionadas con esta cuestión, pois o que non pode ser é que se siga cargando sempre os concellos da falta de entendemento, da falta de capacidade de xestión, tanto por parte da Xunta de Galicia como por parte do Estado. E —repito— como neste caso concreto está a cuestión centralizada na existencia destes fondos ao Estado, aínda que nas emendas trata tamén de involucrase a parte de responsabilidade que ten a Xunta de Galicia no asunto, nós apoiaremos.

O que si non lle podo garantir á señora portavoz do Partido Popular é que este apoio que imos prestar a esta cuestión no Parlamento de Galicia o poidamos trasladar a Madrid, porque de momento non podemos, pero, ben, igual no futuro si.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a señora Arias, para pechar a defensa desta proposición.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, señora presidenta.



Grazas, señor Ojea, polo seu apoio a esta iniciativa.

E á señora Longueira dicirlle que, mire, pedir os 2.500 millóns de euros que nos debe Sánchez pois non é nin ningunha ocorrencia nin ningún golpe de temón, é simplemente que se faga xustiza, xustiza para Galicia e para os galegos. *(Aplausos.)* Iso é o que pide esta iniciativa.

E miren, xa está ben, xa está ben. A Lei de dependencia cumpre dezaoito anos; os gobernos do PP estiveron sete anos; o resto, o PSOE. É que aquí hai que falar de recortes, e díggollo tamén á señora Rodil; se hai que falar de recortes, de recortes de servizos sociais, a gran recortadora foi á esquerda, a esquerda do señor Zapatero, que deixou España na ruína, que foi o único que lles baixou as pensións a todos os españois; eses son os grandes recortadores.

E tamén lles digo, señora Rodil, que vostedes, efectivamente, están onde estiveron sempre: nas falacias e na hipocrisía; aí están vostedes instalados. Porque, señora Rodil e señorías do BNG, o seu é realmente unha fraude de nacionalismo, iso é o que é. Din «non» a calquera tipo de desenvolvemento industrial, din «non» a calquera tipo de desenvolvemento enerxético para Galicia, din «non» ao turismo, e iso si, din «si» a calquera tipo de prebenda para os nacionalistas vascos e cataláns, *(Aplausos.)* pero néganse a pedir o que lle corresponde a Galicia e aos galegos; para iso vostedes non están.

O BNG é unha fraude de nacionalismo tamén para a dependencia. A Xunta aporta máis, case o 70 por cento, pero ¿a quen lle piden máis cartos? Á Xunta de Galicia, non llos piden ao Goberno estatal, que só aporta o 37 por cento, cando tiña que aportar o 50 por cento. Miren, a Xunta paga 12 euros/hora para axudar os concellos na axuda no fogar e vai pagar máis, xa o anunciou, e o Goberno pouco máis de 2,5. Pero, ¿a quen lle piden máis aportacións PSOE e BNG? Á Xunta de Galicia.

Socialistas e nacionalistas critican que a Xunta externalice parte dos servizos sociais, pero o que fan eles cando gobernan é privatizar todas as residencias da Deputación de Lugo, todos os servizos de axuda no fogar nas grandes cidades onde gobernan e no 70 por cento do resto dos concellos nos que tamén gobernan. *(Aplausos.)* A Xunta de Galicia pide máis cartos para a atención aos maiores, pero o seu concello máis emblemático, o de Pontevedra, é o terceiro pola cola que menos inviste en toda España para políticas sociais. Ese é o exemplo de concello do Bloque Nacionalista Galego.

A señora Pontón leva no seu programa melloras salariais para os traballadores no ámbito da dependencia, pero nos seus concellos, como no de Vilar de Barrio, tivo que ser o xulgado o que lle diga que lles paguen a eses traballadores o que por lei lles corresponde. Cinismo do Bloque Nacionalista Galego, nacionalismo de pacotilla. *(Aplausos.)* Piden un plan de choque para a dependencia e, cando se fai coas medidas que eles mesmos reclaman, non lles gusta, a pesar de que nun mes só de posta dese plan de choque xa se beneficiaron máis de 5.000 galegas e galegos.

Con estas actitudes, efectivamente, señora Rodil, é fácil entender que vostedes estean onde estiveron sempre ou case sempre: na oposición; aí é onde a vostedes os poñen os galegos e



as galegas pola súa forma de actuar. Vostedes sigan así, nós seguiremos apoiando todo o que teña que ver con Galicia e cos galegos.

Nada máis, presidenta, e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de impulsar as comunidades enerxéticas locais e o autoconsumo compartido

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do señor Xosé Manuel Golpe Acuña, do Bloque Nacionalista Galego, e outra emenda por parte do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Rubén Lorenzo Gómez.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva dous novos puntos, co seguinte texto:

<<4. Colaborar coas oficinas de transición comunitaria existentes no país nas tarefas de difusión e asesoramento técnico que estas prestan a futuras comunidades enerxéticas.

5. Demandar do goberno central a modificación do artigo tres, letra g) apartado III, do Real Decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica; no senso de ampliar a distancia entre os consumidores asociados a un autoconsumo compartido a través de rede de distribución a 5.000 metros.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:



- 1. Incentivar a participación voluntaria da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais para impulsar as vantaxes do autoconsumo compartido.*
- 2. Dirixirse ao Goberno de España para crear, de xeito coordinado coas Comunidades autónomas, unha plataforma de acceso público con todas as comunidades enerxéticas locais que inclúa os datos máis relevantes, e visibilice tanto a súa natureza como o impacto positivo de cada unha delas nas localidades onde operan (natureza, cantidade de enerxía producida, tipo de enerxía, pegada de carbono etc.)*
- 3. Seguir a dotar de recursos para a constitución das comunidades enerxéticas a través dunha liña de axudas para a contratación de asistencias técnica: realización de estudos de viabilidade, formulación de plans de negocio e/ou plans de financiamento e para a instalación de enerxías renovables, sistemas de almacenamento de enerxía, vehículos cero emisións e puntos de carga, de xeito coordinado coas liñas de axuda que se convocan desde a administración estatal».)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defendela, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

O Goberno galego non cre e non aposta por todas as potencialidades que teñen as comunidades enerxéticas e o autoconsumo compartido. Lembremos que tamén foi un goberno do PP, á fronte do Goberno de España M. Rajoy, gobernaba, que impuxo o imposto ao sol, esa taxa que penalizaba precisamente que o autoconsumo se tiña que conectar á rede eléctrica e pagar unha taxa. Menos mal que ese imposto, esa carga foi eliminada por un goberno socialista cando chegamos ao Goberno de España.

E nós, as socialistas de Galicia, aquí, na nosa terra, apostamos por democratizar a enerxía, tan necesaria como ben público, e hoxe vimos presentar esta iniciativa de comunidades enerxéticas locais, entendo que unha maneira propositiva útil, e creo e espero que se apoie por todos os grupos parlamentarios que temos representación nesta Cámara, porque as socialistas de Galicia si temos un proxecto rigoroso de transición enerxética e queremos tamén que a industria sostible verde se desenvolva no noso territorio.

Queremos conxugar hoxe dúas palabras máxicas: por unha parte, o autoconsumo, e, por outra, o empoderamento comunitario dos galegos e das galegas. E tamén queremos afastarnos desa confrontación que está aí no Goberno de España cunha oposición, evidentemente, que sabemos todos que non é construtiva, porque non hai proxecto, pero tamén queremos que se afaste este goberno de Galicia, no que goberna o Partido Popular, de facer oposición á oposición, como se amosou hoxe na comparecencia do señor Rueda. Creemos que esa forma de facer política, evidentemente, non serve para nada, e nós queremos que eses froitos desa transición enerxética e comunidades enerxéticas se beneficien dunha colaboración institucional e dunha cooperación entre administracións (a central, a autonómica e a local), que nestas comunidades enerxéticas locais temos un claro exemplo desa cooperación institucional.



Como dicía a miña compañeira Elena Espinosa a semana pasada, ser choromicas non leva a ningures. Evidentemente, non ter ambición renovable e transición enerxética e non ter proxecto enerxético de transición por parte do Goberno galego tampouco leva a ningún lado.

As comunidades enerxéticas teñen unha gran potencialidade, non se lles está sacando o xugo por parte do Goberno galego, explícome, non só no autoconsumo industrial, que é verdade que na Lei de recursos de Galicia, a Lei 2/2024, é onde se centra, basicamente, senón tamén temos que sacarlle partido ao autoconsumo enerxético local nos nosos concellos galegos, que, por certo, están asfixiados por esa desatención do Goberno galego; e tamén no autoconsumo residencial nos nosos fogares, dos galegos e as galegas.

Fomentar o autoconsumo en todas estas variantes si que vai permitir que se baixe a factura da luz. Por certo, que ata o de agora o único que permitiu que se baixase a factura da luz foi a «excepción ibérica», evidentemente, liderado por un Goberno de España que despois se emulou en Europa e que, por certo, esa oposición destrutiva non apoiou en Europa, que chamaba «timo ibérico», lembremos todos. Ben, un exemplo máis de que realmente non hai proxecto e unha oposición destrutiva.

¿E que pasa aquí en Galicia? Pois aquí temos maioría absoluta. É verdade, levan dezaseis anos gobernando e a propaganda e o anuncio invaden todo, absolutamente todo. E saíu a señora Lorenzana anunciando esa comercializadora pública a través da Sociedade de Recursos de Galicia. Pública é difícil que sexa, porque temos un 30 por cento dese chiringuito de colaboración público-privada; é difícil que sexa pública. E dixo que se ía baixar a factura a todos os galegos. Logo matizou: non, nos territorios afectados polos parques eólicos, e logo xa se foi desinflando ao final e dicindo: ben, pois mira realmente o que vai facer esa comercializadora pública é mediar, colaborar para que se fagan PPA, é dicir, compra de enerxía ás empresas que Rueda elixa co dedíño máxico. Plasmouse na Lei de medidas do 2025. Iso si: promotores se tedes o 50 por cento da enerxía que produzo, iso ás empresas que eu elixa con ese dedíño máxico. ¿E a cambio que? Pois pódoche autorizar parques eólicos fóra de planificación territorial no plan vixente ou no futuro, que verá como moito a luz no 2029.

Xa é o acabouse, bandazos, improvisacións, inseguridade xurídica, (*Aplausos.*) e teñen cabreado todos os actores: veciñanza, territorio, concellos, asociacións ecoloxistas, os promotores da eólica; cabreados todos os sectores. Pero de medidas para atender a pobreza enerxética, a cuestión territorial, o despoboamento, sobre todo no rural en Ourense e Lugo, e o complemento autonómico do Bono Térmico, nada de nada, diso nada de nada.

Claro que é cuestión de ideoloxías crer ou non crer nas potencialidades de autoconsumo compartido, na transición ecolóxica social, xusta e sustentable e, sobre todo, crer no cambio climático. Un PP que se abraza cada vez máis a esa extrema dereita votando conxuntamente en Europa, e corre o perigo de ser devorado polo abrazo do oso.

Nun contexto xeopolítico que é realmente preocupante, onde a loita pola defensa dos dereitos sociais, do diferente, do feminismo, do noso planeta está a ser cuestionada, cadaquén saberá en que lado da historia se quere situar, porque o lobo xa saíu da guarida.



Por tanto, —como digo eu— temos un proxecto rigoroso, solvente, de transición enerxética e aposta de todas as potencialidades das comunidades enerxéticas ou de autoconsumo, porque somos potencia evidentemente de enerxías renovables, e ten que repercutir evidentemente, ser tanxible, tocarse nos galegos e nas galegas.

Poñervos un exemplo: imaxínade na vosa comunidade de veciños, no voso barrio ou no polígono industrial onde vivades que todos eles tivesen como obxectivo beneficiarse da produción das mesmas instalacións de xeración eléctrica: biomasa, parques eólicos, paneis solares ou outras medidas situadas na contorna da devandita comunidade. A cousa cambiaría porque as potencialidades das comunidades enerxéticas son moitas: podes producir enerxía, consumir, almacenar, compartir, incluso vender o excedente, é un exemplo do autoconsumo e permitiría baixares así o recibo da luz, e sobre todo ás persoas máis vulnerables, sería unha medida de loita contra a pobreza enerxética. Evitaríase a dependencia das enerxéticas. Faría máis competitivas as nosas empresas; os beneficios industriais, evidentemente, son incuestionables, porque se potencian nas comunidades as fontes de enerxías renovables. E, finalmente, os beneficios sociais, ou sexa, o apoderamento da veciñanza do que falaba ao principio, a creación de emprego local, de pemes, de empresas, reinvestimento dos beneficios en actividade e aspectos que interesan á comunidade, como locais sociais, medidas de conciliación, piscinas con paneis solares, deportes, espazos deportivos, hortos colectivos.

E agora pensade por un intre: se a Xunta dá exemplo nisto das comunidades enerxéticas no autoconsumo, ¿cantos edificios públicos da Xunta de Galicia, a sede, hospitais, colexios, residencias públicas —hai poucas, iso é verdade—, cantos edificios da Xunta de Galiza apostan por un autoconsumo público? Moi poucos. E non só axudaría a mellorar a eficiencia enerxética dos edificios; permitiría rebaixar a factura da rede de distribución eléctrica, o que paga a Xunta por toda esa electricidade, 323 millóns de Redexga. Permitiría o autoconsumo público enerxético reducir esa factura, que son cartos —como dicía hoxe o señor Rueda— dos galegos e das galegas, non da Xunta de Galicia.

Permitiría tamén promover o que se está facendo por parte do Goberno de España, con proxectos pilotos de autoconsumo colectivo de carácter social na vivenda pública que se constrúa. É verdade que o imos ver dentro de cinco anos, esa vivenda non-especulativa de construción, unicamente iso. Pero tamén o permitiría no alugueiro social. E ningunha destas medidas se están implementando. Por tanto, non se están sacando todas as potencialidades que teñen as comunidades enerxéticas.

En definitiva, as socialistas de Galicia témolo claro: queremos que o Goberno galego governe, xestione e —falábao hoxe tamén o señor Rueda— adopte unha posición valente, activa e que se implique. Queremos que lidere a creación das comunidades enerxéticas, que acompañe en todo o proceso, non só con subvencións de asesoramento técnico ou OTC, oficinas transformación comunitaria das subvencións que saca o Inega. Non, ten que estar financiando desde o principio ao fin, porque esas oficinas teñen que estar en funcionamento, ser operativas e activas, e os concellos —como dicía— xa están moi asfixiados.

En definitiva, queremos sacarlle toda a potencialidade que relatamos, queremos unha maior participación da cidadanía no sector enerxético, que é crucial para o cambio.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Iglesias.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Antes de empezar a falar do tema, permítanme lembrarllas o que pasou neste país o pasado domingo, hai tres días, onde milleiros de persoas saíron no enésimo exercicio de dignidade ás rúas, a encher prazas, a manifestarse contra o modelo enerxético da Xunta do Partido Popular e berrar ben alto: «*Eólica así, non!*». Vén isto ao fío porque nese manifesto que se leu en todas esas concentracións, á parte de denunciar o abandono e o espolio enerxético que promociona a Xunta do Partido Popular, tamén se demandaba o fomento da enerxía social, o fomento das comunidades enerxéticas e o autoconsumo compartido.

Por iso é máis que acaído falar hoxe destes instrumentos de apoderamento da cidadanía. E por iso tamén nos congratulamos de que o Partido Socialista se achegue con esta iniciativa aos postulados enerxéticos do Bloque Nacionalista Galego e abandone vellas ocorrencias, como a de dotar con fondos públicos a repotenciación dos parques eólicos.

Pero se falamos de comunidades enerxéticas, se falamos de autoconsumo, cómpre facer unha fotografía que nos devolva cal é o estado de todo isto no noso país logo de case cinco anos de vixencia do real decreto que regula un sistema de autoconsumo e logo de case tres anos onde se reconece a figura das comunidades enerxéticas de enerxía renovable na Lei básica do sector eléctrico. E se saímos aí fóra facer esa fotografía, pois o panorama que nos atopamos é unha fotografía pouco nítida ou borrosa. O noso país, Galiza, está á cola de todas as autonomías en calquera dato, absoluto ou relativo, en número de instalacións de autoconsumo, en potencia instalada de autoconsumo, en número de comunidades enerxéticas, en iniciativas promocionadas. Non hai nada, isto é un páramo. ¿E a que se debe?

Ben, pois isto non se debe máis que a unha ausencia de políticas públicas da Xunta de Galiza e do Partido Popular. E permítanme que me autocorrixa: ausencia de políticas públicas en promoción de comunidades enerxéticas de base social, porque se imos á Lei de beneficios, aí atopámonos con que utilizan as comunidades enerxéticas para facer un *green washing*, para facer un lavado de cara das empresas promotoras dos proxectos de enerxía, sexan parques eólicos ou hidráulicas. Con esa cesión desa porcentaxe a esa futura empresa todo é futurible.

Todo isto é o que lexislou nos últimos anos a Xunta de Galiza respecto das comunidades enerxéticas; é dicir, nada. A respecto do autoconsumo, nada. E cando falamos destas iniciativas de comunidades enerxéticas, sobre todo estamos falando de cidadanía autoorganizada, cidadanía que xunta esforzos para sacar adiante unha iniciativa que lles permita rachar, que lles permita



cortar ese nó que os ata co oligopolio enerxético. E permítanme utilizar esta tribuna, permítanme actualizar este altofalante do que dispoñemos aquí, para recoñecer o esforzo, para recoñecer o traballo destas persoas, destes homes e destas mulleres, que voluntariamente e de xeito altruísta ceden o seu tempo libre para sacar adiante este tipo de proxectos. Vaia dende aquí o recoñecemento a ese traballo por parte do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Pero se algún día a Xunta ten a iniciativa de legislar en favor de todo este tipo de iniciativas, se algún día se lles ocorre poñerse a traballar, permítanme que lles dea algunhas ideas de por onde ir empezando:

O primeiro que precisamos é dinamizar. Dinamizar quere dicir crear conciencia, crear necesidade de participación de todos os estratos sociais de forma activa dentro dos proxectos de enerxía comunitaria, comunidades enerxéticas. E para isto fai falta formación, precisamos formar a cidadanía galega en materia enerxética, que teña moito máis coñecemento.

Tamén é certo que necesitan un acompañamento todos eses grupos promotores; todas as persoas que botan pés ao camiño para poñer en marcha unha comunidade enerxética precisan dun acompañamento técnico. E non estou falando da parte de enxeñería, senón que estou falando de que necesitan certo coñecemento para tomar as mellores decisións, para que o seu proxecto, a súa comunidade sexa viable técnica e economicamente.

E sen abandonar a parte técnica, tamén é preciso garantir que os proxectos das comunidades enerxéticas se conecten á rede eléctrica en tempo e forma. Son moitos os atrancos que as empresas distribuidoras poñen a estes tipos de proxectos de enerxía social. Son moitos os proxectos que agardan meses en conectarse, sen que exista máis xustificación que a falta de dilixencia das empresas distribuidoras. E aquí as competencias son da Xunta de Galiza, aquí o Estado non ten nada que ver; a competencia na distribución eléctrica e en xeración é da Xunta de Galiza.

E falando de empresas de electricidade e falando de empresas distribuidoras, non podemos pasar por alto a calidade da subministración eléctrica, calidade que é clave para o desenrolo deste tipo de proxectos. É clave para o autoconsumo, é clave para a electrificación da mobilidade, pero en moitas zonas do noso país isto é unha utopía. Temos unha rede eléctrica que a miúdo presenta microcortes, que presenta parámetros fóra de rango, fóra de normativa, que a miúdo sofre cortes de horas e mesmo de días. E non pensen vostedes que isto pasa nesas aldeas remotas da montaña onde van vostedes facerse a foto en período electoral coa *chaquetilla* da «Xunta de Galiza», isto pasa en calquera sitio do noso país, pasa ao longo e ancho do noso país. E sirva para ilustralo unha nota do diario *La Voz de Galicia* do pasado día 6, onde di aquí (*O señor Golpe Acuña amósalle á Cámara unha fotocopia dun xornal.*) que cincuenta familias do concello de Narón sofren cortes eléctricos cada dous por tres dende hai máis de dez anos. Isto é o concello de Narón, que é o primeiro cinto urbano da cidade de Ferrrol. E isto é máis común do que parece; isto pasa ao longo e ancho no noso país todos os días. Teñen moito que facer en materia de distribución eléctrica.

Pero, ¿como non?, tamén está o reto da parte económica. Dende logo que as comunidades enerxéticas son un elemento clave para a descarbonización, son un elemento clave para o



apoderamento enerxético, pero a festa hai que pagala. E cando falamos da parte económica coido que debemos poñer o foco sobre todo nesas familias que viven dunha pensión. E aquí tamén cómpre sinalar que Galiza é a penúltima comunidade do Estado onde temos a pensión media máis baixa, e Ourense e Lugo, por esta orde, son as provincias coa pensión máis baixa. Por tanto, necesitamos ferramentas que non deixen esta xente atrás, pois para todas estas persoas que están en risco de pobreza —e recórdolles que temos o 25,5 por cento da poboación en risco de pobreza e exclusión social— precisamos deseñar ferramentas para que esta xente participe en igualdade de condicións dentro das comunidades enerxéticas, que lles permita exercitar medidas tan revolucionarias como prender a calefacción cando vai frío; algo tan revolucionario como cociñar sete días á semana. Como ven: traballo non lles vai faltar, o que fai falta é vontade política.

Señorías do Partido Socialista, emendamos a súa iniciativa en dous aspectos: o primeiro é pedir que nesa colaboración que vostedes demandan da Xunta colaboren tamén coas oficinas de transición comunitarias recentemente creadas. Creo que temos catro no país, se non me fallan os datos; unha delas do Concello do Rosal, onde governa o Bloque Nacionalista Galego, por certo. E o segundo aspecto que emendamos é que dende o Goberno central se teña a ben modificar o radio de aplicación do autoconsumo compartido a través da rede, que actualmente está en 2 quilómetros cando é por enriba da cuberta, pois que nos equiparen cos veciños portugueses con 4 quilómetros ou incluso un pouquiño máis aló como o Estado francés, que está incluso en 10 quilómetros. Agardamos que teñan a ben aceptar estas achegas.

E, xa para rematar, eu creo que hoxe temos unha boa oportunidade de abandonar esta senda autodestrutiva en materia enerxética á que trae abocado o Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular e fomentar este tipo de ferramentas de participación social que nos igualan a todos, pero polo lado de abaixo.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Moi bo día a todos.

Grazas, presidenta.

Quero comezar esta intervención dicindo que claramente dende o Grupo Popular compartimos plenamente os beneficios e as vantaxes das comunidades enerxéticas, e iso non se debe poñer en dúbida. Tanto o compartimos que o programa electoral que presentabamos hai un ano contemplaba este impulso a estas figuras que lle permiten acadar un aforro enerxético á cidadanía, que, por outra banda, está a amosar cada vez máis interese por este tipo de iniciativas comunitarias.

Eu agradézolle, señor Golpe, a didáctica coa que nos fala, porque eu estiven nunha charla que vostede fixo no meu concello e a min cónstame que vostede sabe do que está a falar



neste caso. Eu apelo ao consenso e ao entendemento, e esperemos que poidamos avanzar nesta iniciativa.

Pero non só nos temos que fixar no aforro económico, que é obvio, senón que tamén debemos seguir avanzando na transición enerxética cara a un modelo descarbonizado e dixitalizado. Polo que cómpre seguir avanzando nunha maior presenza de enerxías renovables e nese *mix* enerxético, e facer un maior esforzo neses obxectivos de descarbonización a través tanto da autosuficiencia enerxética como do aforro enerxético.

E a Xunta de Galicia leva anos traballando para acompañar tanto a cidadanía como os diversos promotores que queren implantar os seus proxectos na nosa comunidade autónoma, e faino tramitando os proxectos en tempo e forma e outorgando todos os permisos necesarios para poder xerar un autoconsumo. Tamén concedendo axudas que fan máis sinxela esta transición ás familias, ás empresas, ás entidades sen ánimo de lucro ou ao propio sector público; algo que semella descoñecer o PSdeG, vista a súa iniciativa. Pero tamén se están a acometer investimentos en autoconsumo nos edificios administrativos ou en centros educativos que dependen da Administración autonómica.

Estaremos de acordo, señorías, en que a normativa ten que evolucionar. E tamén estaremos de acordo —aínda que ao mellor non é así— que é o propio Goberno central o que ten pendente dende hai case dous anos aprobar un proxecto de real decreto polo que se desenvolven as figuras desas comunidades de enerxías renovables e as comunidades cidadás de enerxía.

Pero chama a atención cando lemos este tipo de titulares (*O señor Lorenzo Gómez amosa unha fotocopia dunha páxina dun xornal.*) : «El PSOE propone obligar por ley a las empresas renovables a ceder el 20 % de sus parques eólicos y solares a vecinos y ayuntamientos». Dáme a min o cheiro de que aquí temos a verdadeira motivación pola que vostedes presentan esta iniciativa hoxe aquí. ¿Non será, señora Iglesias, que vostedes tratan de xustificar a decisión de que o Partido Socialista en Madrid lles propoña por lei ás empresas renovables cederen unha parte da titularidade dos seus parques eólicos e fotovoltaicos? (*Aplausos.*)

É certo que hai outras comunidades autónomas que xa regularon nas súas normas outras obrigas que pretenden determinar a titularidade do proxecto enerxético ofrecendo un 20 por cento da propiedade del. Algunhas destas comunidades —por exemplo, a Comunidade Valenciana— promoven esa participación local pero dun xeito voluntario; porén, outras exíxeno con carácter obrigatorio baixo determinadas circunstancias, por exemplo, Cataluña, o País Vasco, as Illas Baleares ou Canarias. Incluso podemos atopar o caso extremo de Navarra, que establece ese carácter obrigatorio de ofrecer a propiedade do proxecto para o 51 por cento; é dicir, obriga a un promotor privado a poder perder a posibilidade de ter a maioría sobre o seu propio proxecto. E agora esta actuación pretende implantala o Goberno de Pedro Sánchez de xeito xenérico.

Non deixa de ser paradoxal, señora Iglesias, que vostedes criticasen a medida de obrigar a repotenciar os parques antigos en Galicia e ata solicitaron —como ben lle recordaba o señor Golpe— axudas para os promotores, posicionándose ao carón dos promotores fronte aos intereses dos galegos e das galegas. Imos ter razón eu e mais o señor Golpe cando dicimos que o seu discurso cada vez é máis próximo.



Polo tanto, debido á desconfianza que nos xeran as novas que chegan dende o Goberno central, pedimos na nosa emenda que se inclúa no punto 1 da súa proposta a palabra «voluntaria» no que se refire á participación da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais. Unha vez máis, señora Iglesias, véxome na obriga de recordarlle que vostede forma parte das filas socialistas. Tamén lle lembro que os socialistas levan gobernando —ben, gobernando é un dicir— seis anos o noso país. E vén vostede unha vez máis solicitarlle á Xunta de Galicia que faga o que xa está a facer; mentres o seu Goberno en Madrid ten ese real decreto ao que me refería nun caixón dende abril do ano 2023, case dous anos, señora Iglesias. Pero, claro, o problema é que vostedes están a outras cousas; teñen ata seis ministerios traballando para atopar o xeito de contentar o fuxido Puigdemont.

Vostedes sábeno. Resulta fundamental dotar dun marco lexislativo claro as comunidades enerxéticas, e para iso é importante a aprobación desta norma, pero sempre tendo en conta as aportacións que se fagan dende as comunidades autónomas. Galicia xa fixo chegar en tempo e forma as alegacións a este decreto, que —repito— leva case dous anos no caixón dos socialistas. Unha norma que nos aportaría un marco lexislativo común e que tamén debería contemplar un rexistro de comunidades enerxéticas compartido para todo o territorio español pero dun xeito coordinado coas comunidades autónomas, porque se non cada comunidade faríao ao seu xeito. De aí que nós propoñamos na nosa emenda incluír no seu punto 2 que esa plataforma se faga dun xeito coordinado coas comunidades e que sexa única en todo o territorio español.

Se falamos das comunidades enerxéticas, a normativa neste eido ten que evolucionar. De feito, acabamos de ver como houbo unha clara evolución na normativa relacionada co autoconsumo, democratizando a súa implantación. Pero neste asunto o Goberno do Estado está a lexislar tarde, mal e arrastro —¿sóalle esa expresión, señora Iglesias?—, sempre tras outros países e sempre vai tarde. No real decreto do ano 2019 a distancia de xeración e consumo non podía ser superior aos 500 metros, e despois aumentou ata os 2.000 metros, sen que haxa ningún tipo de impedimento técnico ou legal que motive que non se amplíe incluso ata os 20 quilómetros, como se está a facer en Francia.

Solicitan vostedes recursos a través dunha liña de axudas para as comunidades enerxéticas. Quero informala, señora Iglesias, de que actualmente o Goberno galego xa vai pola terceira convocatoria de axudas do Inega para comunidades enerxéticas, e infórmoa tamén de que entre os conceptos subvencionables están os que vostedes reclaman. Polo tanto, o que solicitan no punto 3 xa está incluído. Esta convocatoria, ademais, está a ser moi demandada e complementa as axudas do IDAE, que non estaría de máis que se nos informase ás comunidades autónomas por parte dese organismo estatal. Eu, en consecuencia, dígolle que se acabaron esas convocatorias no ano 2023, e que tamén haberá unha nova edición para o ano 2025 debido a ese éxito.

Xa vou rematando, presidenta. E quero dicirlle, señora Iglesias, que coa intención de apoiar a súa iniciativa —como dixen ao principio da miña intervención: compartimos plenamente os beneficios e as vantaxes das comunidades enerxéticas—, o que non podemos obviar é que a Xunta xa está a apoiar o que o Grupo Parlamentario Socialista demanda e hoxe semella descoñecer.



E como non pode ser doutro xeito, insistimos en que se traballe de xeito coordinado coas liñas de axuda que se convocan dende a Administración estatal, e como non podemos aceptar, señora Iglesias, que lle trasladen vostedes á Xunta a responsabilidade de falta de dilixencia do Goberno estatal neste asunto, e como eu non me dou por vencido esperando que vostede vaia máis alá do discurso cando fala aquí de consenso e diálogo, presentámoslle unha vez máis unha emenda que creo que quedou perfectamente xustificada nesta miña intervención e que, de ser aceptada, evidentemente, contaría co voto favorable do grupo maioritario da Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Lorenzo.

Quenda do Grupo Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Ben, parece que hai acordo unánime nas bondades desta clase de comunidades enerxéticas. Efectivamente, é obvio que potencian a maior sostibilidade ecolóxica, que supón un aforro para as familias e para os consumidores, que supón unha menor dependencia dos oligopolios enerxéticos e eu mesmo me atrevería a dicir que supón un incremento no grao de responsabilidade no consumo enerxético, porque cando unha comunidade coñece o intrínquilis desde a fabricación ata o seu consumo e fai un pouco seu tamén todo o proceso, ata se incrementa o grao de responsabilidade no uso desa enerxía.

Efectivamente, debe potenciarse esta clase de consumo, porque eu entendo que é o futuro inmediato ou xa o presente, e que á medida que se incrementa a sensibilidade cara ao respecto e a sostibilidade do medio ambiente, loxicamente tamén farán falta apoios da Administración, e tamén —como dicía o portavoz do BNG— información técnica para que non se dean desaxustes. Falaba dos posibles desaxustes en rangos imaxino que de voltaxe, de frecuencia, de amperaxe das instalacións; para que non se produzan accidentes, para que non se produzan danos nos aparatos electrodomésticos. E que a comunidade sexa tamén ao mesmo tempo sociable e que non aparezan tipos de conflitos que ás veces aparecen cando hai algún tipo de xestión comunitaria dalgún recurso.

Efectivamente, nós tamén apoiaremos esta proposta do Partido Socialista, e tamén nos parece bastante acaída a maior parte, se non a totalidade, das propostas das emendas bastantes razoables por parte dos diferentes grupos.

Este é o futuro e dun xeito ou outro hai que ir dependendo cada vez menos dos oligopolios e incrementando o grao de descarbonización e de medidas que fagan cada vez o impacto do ser humano no medio ambiente menor.

Nada máis. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.



Ten novamente a palabra a señora Iglesias para o peche.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Señor Lorenzo, falaba de lexislacións autonómicas: da navarra, da vasca, da catalá, de cesión de enerxía, pero esqueceu unha palabra —eu creo que a dixó, e teño que despois ver o vídeo—, falaba de cesión de enerxía a veciños e concellos; é dicir, para autoconsumo compartido social. Pero aquí, na Lei de medidas do 2025 —volvo recalcar—, o que se fai é o seguinte —vouno explicar porque é moi sinxelo, e xa o dixeran—: teñen que ceder o 50 por cento da enerxía os promotores obrigatoriamente ás empresas que o dedeño máxico de Rueda elixa, porque é discrecional absolutamente o texto lexislativo. Iso si, a cambio, a coacción é: pódóche autorizar parques eólicos fóra de planificación territorial, ¡o *acabose*, señor Lorenzo! Veremos onde chega esa medida lexislativa porque, evidentemente, non é unha iniciativa de cesión obrigatoria para autoconsumo compartido social, senón para as empresas que Rueda elixa de forma arbitraria. Iso é a realidade, señor Lorenzo, por iso é matizable.

E, señor Golpe, falaba das repotenciacións e dos incentivos e públicos. Ben, evidentemente, é unha das medidas que se establece nos fondos Next do eixo de transición enerxética; precisamente os quince proxectos que están sendo financiados polo IGAE e polo Miteco de repotenciacións na nosa terra levan 53 millóns de euros en investimentos. Porque, evidentemente, se un promotor repotencia e inviste aquí, pois ao mellor inviste aquí na nosa comunidade autónoma ou ao mellor, co que está pasando aquí en Galicia, evidentemente con setenta parques eólicos suspendidos, pois vaise a Aragón, Castela e León ou Castela-A Mancha, como de feito están facendo as empresas e os promotores en Galicia e as industrias, señor Lorenzo. Porque é o que hai: inseguridade xurídica, improvisacións, sen planificación e sen estratexia, sen pensar. Iso é o que está pasando.

Iso si, no acordo do Consello da Xunta da semana pasada o señor Rueda falaba desas repotenciacións, o estrato do Consello: nove parques eólicos voluntarios de repotenciación, e en letra pequeniña aparecía: «53 millóns financiados polo Goberno de España». É dicir, que os anuncios eran repotenciacións voluntarias financiadas integramente polo Goberno de España. Esa é a realidade, e aparecía en pequeniño, pode comprobalo.

As socialistas de Galicia temos unha política, a estratexia, rigorosa, solvente, fitos, obxectivos definidos no noso programa e tamén na nosa ponencia marco. É clave a enerxía, a transición enerxética e, sobre todo, a industria sostible verde no noso país. Claro que apostamos tamén pola industria. Temos ambición renovable e apostamos en reservas polas comunidades enerxéticas en toda a súa extensión. Non é óbice apoiar empresas e tamén apoiar autoconsumo social. Non é incompatible, señor Lorenzo.

Como dicía, mentres tanto a estratexia do Goberno galego vai de bandazo en bandazo. Non hai unha política eólica e de transición enerxética recoñecida no noso país. Teñen todos os actores cabreados, todos, absolutamente todos.



E na Lei de recursos de Galicia potencian o autoconsumo industrial. As nosas emendas parciais foron rexeitadas de cheo, que falaban de toda esa potencialidade de comunidades enerxéticas rexeitadas.

É certo que o Inega subvenciona as comunidades enerxéticas locais, o tema do asesoramento técnico ás OTC, para construír esas comunidades futuras enerxéticas. Estas teñen financiamento do IDAE, tamén do Miteco e de fondos europeos; hai que dicilo. Pero no Goberno galego non hai ambición, non hai esa colaboración efectiva de proactividade, de gobernar, de coller o touro polos cornos. Non hai, subvencionan e que os concellos queden só nas OTC. ¿Quen as vai manter? O Inega, que está sendo desmantelado, señor Lorenzo. Non sei que pensan os empregados públicos, falaba hoxe do tema do desprezo aos empregados públicos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...da Consellería de Economía e Industria e do Inega, cando a política enerxética dos nosos recursos naturais está sendo substituída por unha sociedade público-privada, dun chiringuito onde a Xunta ten un 30 por cento do capital público, pero non hai control público, non hai control do corazón público. Hai un desmantelamento e unha privatización do aproveitamento dos nosos recursos naturais.

E, señor Golpe, no equilibrio está a mesura. Evidentemente, non se poden colocar detrás da pancarta, soprar e sorber, que sabe que é unha frase que me gusta moito definir, porque todo vai unido polo mesmo fío condutor. O Pacto verde europeo, a descarbonización, a potenciación das renovables... todo vai unido. O tema das comunidades enerxéticas temos que os partidos políticos con representación neste Parlamento empezarnos a mollar, hai que mollarse, non valen medias tintas.

E remato como comecei...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que pronunciarse sobre as emendas.

A señora IGLESIAS REY: ...Fagamos realidade as dúas locucións: autoconsumo e apoderamento comunitario.

Respecto das emendas —perdón— imos aceptar o punto 4 da emenda do BNG, de engádegas; o punto 5 non, porque lle recalco que ese real decreto está en tramitación, establece a ampliación de distancia para os núcleos de poboación de menos de 50.000 habitantes, precisamente para evitar o despoboamento e o tema da loita contra o despoboamento. O real decreto está en tramitación, pero é do 2021 o vixente. É dicir, que temos normativa, señor Lourenzo, temos normativa de comunidades enerxéticas e autoconsumo compartido.

E respecto da emenda de substitución do PP, non a imos aceptar. Presenten a súa propia iniciativa. É todo de substitución, é todo de substitución, mesmo o *modus operandi*. Sempre fai o mesmo, na Comisión 6ª, aquí no pleno: emenda de substitución, e, sobre todo, porque as competencias...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...son vosas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Logo xa nos comunican se hai acordo e se vota a engádega do punto 4.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei, a referida na orde do día no apartado 4.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que desautorice a implantación do grao en Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa ten a palabra o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

«*Lo mejor de este máster es que al acabarlo puedo elegir la empresa en la que trabajar*». Este era un dos diálogos que poñía a Universidade de Abanca na súa conta de Instagram, que lle preguntaban a un dos seus alumnos e respondía isto de por que había que estudar un máster na Universidade de Abanca: «*Lo mejor de este máster es que al acabarlo puedo escoger la empresa en la que trabajar*». E eu non sei se o sabendo ou sen o saber, o rapaz definía perfectamente o que é a Universidade de Abanca: claramente unha axencia de colocación para os privilexiados e as privilexiadas deste país. É dicir, para os que máis teñen. ¿Que tes cartos? Pois podes traballar nunha *big four*, como dicía no propio vídeo. ¿Que non os tes? Pois fas como o resto dos mortais. Serán cousas da meritocracia, que tanto se nomea.

Hoxe, desde o BNG imos traer unha iniciativa aquí que non é soamente do BNG, que podería ser unha iniciativa das tres universidades públicas deste país, do sindicato de estudantes Erguer ou incluso do propio Partido Popular, porque soamente terían que seguir a súa lei que crearon vostedes no ano 2013. Nesa lei dise claramente: «A creación de novas titulacións nas universidades condicionárase a que o seu catálogo de titulacións sexa complementario e non reiterativo ás preexistentes».

Entón, claro, a ver como me explican as señorías do Partido Popular como habendo catro graos de Dereito no noso país, habendo 480 prazas públicas de Dereito no noso país, habendo xa constatacións de estudos feitos de que dificilmente vai subir a demanda por cuestións demográficas, como creo que se pode entender, e indo en contra da súa propia lei, ¿como lle van dar para adiante a este grao na privada? Non sei se é que lles dá igual a universidade



pública, que mandou Escotet un *whatsapp* e hai que cumprir *pa'diante*, ou que xa están no modo de traer o modelo Ayuso a Galiza na educación, porque na sanidade xa hai tempo que o fixeron.

Porque aquí, sinxelamente, o que están a ofrecer son títulos para os que máis teñen, que nin garanten a calidade educativa nin a profesionalidade académica. E isto dino as propias universidades públicas. Non se pode asegurar a calidade da formación mediante a proposta da UIE, que carece de profesorado e de experiencia investigadora en cotas minimamente aceptables para acometer unha titulación do grao de Dereito.

¿Que pasa? Que aquí a profesionalidade e o nivel académico e os estudos non é o que importa; o que importa é a clientela, porque aquí non hai alumnado. Hai clientela que paga e fai que a universidade sexa viable.

En resumo, se esta proposta, como ben din as tres universidades públicas do noso país, a fíxese calquera delas, a fíxese a USC, a UVigo ou a UDC, diríanlles que non claramente, porque non hai por onde collela. Pero como o di a Universidade de Abanca, como o di Abanca, pois alfombra vermella.

E eu, sinceramente, o que creo que pasa aquí é que como non poden quitar ningún deses catro graos, recordo que hai xa catro e non pode haber coincidencias, non pode haber reiteracións, pois como non poden quitar ningún deses graos da oferta pública, o que fan é poñerlle aí un grao desde a privada para competir. E faise difícil de entender que un Goberno galego en vez de fomentar e poñerllelo fácil ás universidades públicas, pois llelo poña fácil ás universidades privadas, aínda que cada vez se fai máis común.

E unha pregunta clara, que eu creo que aquí teñen que respondela sobre todo os membros do Partido Popular: ¿onde está a meritocracia? Meritocracia, meritocracia, cada vez que falaba o conselleiro de Educación cada tres frases: meritocracia, fomento do esforzo, meritocracia; había que repetilo en todas as frases. E eu pregúntome se a meritocracia está en incumplir a lei para que uns poucos, pagando e moito, poidan sacar os graos máis fácil que o resto dos mortais; se meritocracia é ter máis cartos directamente; se meritocracia é nacer nunha familia ou nacer noutra —ao mellor, iso é meritocracia—; se meritocracia é que che exixan menos do que ao resto para poder acceder a mellores postos de traballo, ou se ao final vai ser iso que a meritocracia vai adoitar levar case sempre apelidos compostos, que eu creo que se dá máis, moito, moito, moito máis do que pensamos.

Iso o que é é privilexio, non ten outra palabra. E o PP é capaz de defender o privilexio por riba incluso da lei, como xa fixeron reiteradamente. E, ademais, todo isto ocorre nun contexto, no contexto no que Abanca acaba de presentar os beneficios deste ano, que acaban de ser históricos: máis de mil douscentos tres millóns de euros de beneficios. ¡A quen lle dera!... ¡Quen lles dera a moitas consellerías deste goberno ter ese orzamento!

E nese contexto no que un banco, que se xestou como se xestou, gana máis de mil douscentos millóns de euros de beneficio, ¿que fai o Goberno do PP? Pois: toma outro grao para a túa universidade que acabas de crear incumprindo a lei. E aquí minto porque non é un, que



son dous. Porque hai pouco fixeron o mesmo con Psicoloxía, cando xa existía na Universidade de Santiago de Compostela e presentándollela aos reitores das tres universidades públicas: *aquí tienes y, si no te gusta, pues...* Éche o que hai. Ningún tipo de diálogo, ningún tipo de negociación.

Sinceramente, eu non atopo ningún motivo que poida xustificar darlle para adiante a este grao que non sexa render preitesía a Abanca. Pero é que tal o nivel de sensentido absoluto que xa é que non hai por onde collelo, que cando Abanca non ten o *okey* definitivo da Xunta para que este grao sexa legal, cando non está aprobado, a propia Abanca leva semanas e meses anunciándoo nas súas redes sociais e na súa páxina *web*. E eu preguntome: ¿pode un hostaleiro, por exemplo, abrir o bar se non ten o permiso? Non, evidentemente, porque ten que telo. ¿Pode ir un mariñeiro pescar se non ten os permisos? Evidentemente, non. Pero Abanca se non ten o permiso, adiante. Vaian tirando, que, total, ¿que máis dá? E podo entender incluso ata a postura de Abanca, porque vai dicir: o si xa o teño, xa sei o que vai ocorrer, así que ¿para que vou estar perdendo o tempo? Voume anunciar xa un pouquiño, que, total, xa sei o que vai pasar.

E o máis surrealista é que isto sería absolutamente impensable, e dinllo os tres reitores, que agora parece que van ser os inimigos tamén da Xunta; os tres reitores das universidades públicas dinlle que isto sería absolutamente impensable se ocorrese cun grao da universidade pública.

Pero é que, ademais, para máis inri, evidentemente, non ía faltar *el tema del gallego*. Non fose ser. Porque se un entra ao anuncio ilegal na páxina *web* onde a Universidade de Abanca está promocionando o seu grao, ve claramente que as aulas se van dar en español e en inglés. ¿E o galego? Ben, para a empresa, *¡que se le va a hacer*, verdade? Pobriños. ¿Onde está esa consellería de *atrezzo* que montaron para defender a nosa lingua? Porque aquí non se lle ve. ¿Parécelles normal que se poidan aquí montar graos no noso país nos que tan sequera se ofrece unha materia na nosa lingua? ¿Iso é normal? Eu creo que non. Vai moito polo pacto isto.

En resumo —e xa remato—, podería repetirlles moitos argumentos para parar esta aberración, pero só lles vou pedir que cumbran a lei, ¿a ver se dan?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Castro.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Aquí encontrámonos cunha cuestión moi similar á que levamos falado moitas veces con relación, por exemplo, a Altri e outras moitas. Entendo que hai unha normativa, entendo que hai unha lexislación e entendo que se esa universidade ou Abanca, a empresa, cumpre a normativa legal para a súa implementación, pois non darlle licenza sería prevaricar, e moi pro-



bablemente a propia Abanca tomaría medidas legais que acabarían repercutindo no peto de todos. Iso no suposto de que, cumprindo toda a normativa legal, non se lle dese. Por outro lado, se non a cumpre, se como di a proposición se está violando a normativa, se está violando a lei, o lóxico, loxicamente, é non permitir esa implementación, e que no caso de que se lle permitise, pois o lóxico sería levar a cuestión aos tribunais por parte de quen estimase oportuno facelo.

Entón, eu penso que neste contexto e á marxe de cuestións de tipo ideolóxico, como se está falando dunha cuestión moi concreta, a cuestión desde o noso punto de vista é sinxela: se se cumpre a lei, non podemos dicir que non se implemente ese grao. Eu non teño capacidade para dicir se se cumpre ou non se cumpre, déixollelo aos expertos.

Na moción dise con bastante contundencia que non se cumpre. Se é así, efectivamente, non se lle debería permitir e, se é o caso, poñelo en coñecemento dos tribunais.

E é todo o que teño que dicir ao respecto.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Vai intervir o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días a todos e a todas.

Ninguén dubida de que a Xunta vai cumprir a lei. ¡Faltaría máis! O que estamos falando aquí é decisión política respecto do Sistema universitario de Galicia.

Se me permiten, vou facer unha pequena historia, non vou ir moi atrás, só ao curso 2020-2021, que é no curso en que se xestiona a aprobación desta nova universidade, a primeira universidade privada no Sistema universitario de Galicia.

Naquel momento, esta universidade tivo que pasar un informe preceptivo do Consello Galego de Universidades, non vinculante pero si preceptivo, onde as tres universidades públicas naquel momento manifestaron a súa posición e votaron en contra da aprobación desta nova universidade. Pero, lamentablemente, no Consello Galego de Universidades, como non podía ser doutra maneira, a maioría tena a Xunta de Galicia, e, polo tanto, a Xunta de Galicia aprobou en colaboración cos presidentes dos consellos sociais —tamén nomeados pola Xunta de Galicia— o informe favorable para que se puxese en marcha esta universidade.

Ben, pero naquel momento os reitores das universidades públicas presentes nese Consello Galego de Universidades dixeron e pediron á Xunta de Galicia que, por suposto, se tiñan que cumprir os acordos que había máis alá da lei, os acordos que había dentro do Sistema universitario de posta en marcha de novas titulacións, a non-duplicidade das titulacións, a complementariedade da oferta académica, criterios de calidade docente —isto é moi importante— e criterios tamén de exixencia de investigación, porque o Sistema universitario é un



dos elementos fundamentais desta investigación. E iso é o que solicitaron os reitores das universidades públicas.

De feito, esta universidade iníciase con catro graos, un deles que xa tiña como consecuencia da Escola de Negocios en Vigo. Estes catro graos, se analizan o nome, precisamente o que tratan é de fuxir da posibilidade de complementariedade. Moitos deles teñen competencias vinculadas á enxeñería informática, pero non aparece «Enxeñería Informática» no seu nome.

Pero ¿que pasa no ano 2023? No ano 2023, como dicía o representante do BNG, xorde a sorpresa, pois sorprendentemente, sen coñecemento en absoluto de ningunha das universidades, nin incluso a Universidade de Santiago de Compostela, que xa o impartía, dáse o informe favorable para a posta en marcha de Psicoloxía. Por certo, unha especialidade de Psicoloxía da Saúde; a mesma que ten a Universidade de Santiago, exactamente a réplica dese título. Como dicía o representante do BNG, iso sería imposible en calquera universidade galega.

Porque quero recordar aquí, por se algunha das señorías deste Parlamento non o coñece, o Sistema universitario de Galicia, o Mapa de titulacións do Sistema universitario de Galicia, que agora vemos que parece ser que só afecta as universidades públicas, ten como consecuencia que a posta en marcha de novas titulacións ten que ser consensuada polas tres universidades e aprobada polas tres universidades. En caso de que se poña un novo título, ten que haber unha supresión dun título. Presenten esas titulacións, que é o que se está aproveitando para a racionalización —di a Xunta— da oferta académica. E se se quere poñer ou modificar, como pode ser o caso dos dobres títulos, ten que ser á custa de reducir prazas noutras titulacións. É dicir, o sistema está preparado para que non se incrementen as prazas de calquera das universidades. E isto coñézoo porque, claro, me informou unha persoa que asistía a esas reunións e, polo tanto, teño información de primeira man.

Polo tanto, estas normas son as que se teñen que aplicar a todas as universidades do Sistema universitario de Galicia, sexan públicas ou privadas. Nós non estamos en contra da existencia de universidades privadas, pero ten que quedar moi claro que hai unha cuestión: o servizo público da educación superior impárteno as universidades públicas. As universidades privadas, sexan con ánimo de lucro, sen ánimo de lucro, as responsables da súa xestión son un negocio, o negocio da educación superior, e iso vese claramente se vemos o perfil das universidades do Estado español.

A última universidade pública que se creou no Estado español foi a Pablo de Olavide, ano 1997. Naquel momento completáronse as cincuenta universidades públicas do Sistema universitario de España. Neste momento hai cincuenta universidades públicas en todo o Estado. No ano 2022 —xa estou falando do ano 22 para non ir moito atrás— había en España trinta e seis universidades privadas, ¿trinta e seis! ¿Sabem cantas hai agora? Corenta e oito. É dicir, nun período en que non se produce un incremento de universidades públicas que dan ese servizo público de educación superior, produciuse unha explosión das universidades privadas. ¿Por que? Porque van ao negocio da educación superior. E nós como responsables e o Partido Popular como responsable dunha administración debemos velar polos servizos públicos, non polos negocios privados que están aproveitando un oco de negocio nun servizo público.



Ademais, se esta consellería tanto defende as titulacións STEM e os contidos STEM, ¿cantas titulacións STEM hai nas universidades privadas? Practicamente inexistentes. Busquen unha Bioloxía, unha Química, unha Física nunha universidade privada. Non existen. ¿Por que? Porque son títulos moi caros, son títulos moi difíciles para poñer, necesitan persoal moi especializado. Non se pode utilizar a figura dos asociados como a están utilizando dunha forma maioritaria as universidades privadas.

Polo tanto, o que pedimos aquí e o que pide o Sistema universitario público de Galicia é un tratamento en igualdade de oportunidades. É dicir, pídeselles ás universidades públicas que compitan coas privadas. Ningún problema, son absolutamente competitivas. Vexan vostedes calquera ránking de clasificación das universidades, verán que están todas as universidades públicas. Hai unha ou dúas privadas que quedan polo medio da metade para abaixo, fundamentalmente a de Navarra e a de Deusto, e despois están todas as privadas para abaixo cuns niveis de calidade mínimos. Moitas delas son simplemente uns expendedores de título.

E, por certo, espero e teño a esperanza —repito— de que aquí en Galicia non copiemos o modelo de Andalucía ou o modelo de Madrid. ¿Saben vostedes que en Madrid desde que goberna quen goberna hai o dobre de universidades privadas que públicas? E a pesar das restricións económicas ás que están sometendo as universidades tanto en Madrid como en Andalucía, ¿saben cales seguen sendo as universidades de referencia nesas comunidades autónomas? As públicas, porque son as que representan calidade docente e calidade de aplicación. *(Aplausos.)*

Polo tanto, que tanto se nos enche a boca a falar de investigación, falar de indicadores, falar de talento, ¿onde hai atracción de talento?, ¿onde hai investigación?, ¿onde hai desenvolvemento nas universidades privadas? Non existe. E, por certo, ao sistema público de universidades tamén se lle exige especialización. É dicir, as universidades públicas non poden poñer calquera título, teñen que xustificar uns coñecementos previos, unha especialización previa. ¿Onde hai a especialización neste caso en Psicología da Saúde e unha empresa especializada parece ser na formación da empresa?, ¿onde está esa especialización?, ¿onde se lle pide?

Polo tanto, estamos neste momento nunha situación onde hai un informe previo de revisión á verificación; xa que logo, non está aínda aprobada a implantación deste título. ¿Que criterios utilizou a Xunta de Galicia para autorizar ese envío previo? ¿Que negociación mantivo coas universidades existentes para autorizar ese envío? Ninguén o sabe. ¿Por que? Porque non se sabe, porque iso é unha decisión exclusiva da Xunta de Galicia e desa consellería.

Polo tanto, pedímoslle á Xunta de Galicia que realmente apoie o servizo público de educación superior, apoie as universidades públicas, que lles dea as mesmas capacidades de competir, de traballar, de funcionar, as mesmas responsabilidades que ao resto do sistema universitario, e deixe de apoiar o negocio, que xa se encargarán eles de facelo.

Polo tanto, por suposto, apoiaremos a proposta do BNG, como non podía ser doutra maneira.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Vázquez Suárez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día a todos e a todas.

Miren: o que lle solicita o Bloque Nacionalista Galego con esta iniciativa non é outra cousa que a Xunta de Galicia incumpra a Constitución española. (*Risos.*) Non, non se rían, é así; poden comprobalo por vostedes mesmos. Porque vostedes saben que non autorizar a implantación dun grao nos termos que vostedes plantexan non só é inconstitucional, porque ademais así o dixo o Tribunal Constitucional noutras comunidades autónomas, tamén é arbitrario, porque limitan a liberdade das persoas á iniciativa empresarial, algo que non lles gusta nada. (*Aplausos.*)

E non lles gusta esa liberdade porque no Bloque Nacionalista Galego odian a iniciativa privada e tamén odian a liberdade de elección, porque para vostedes soamente hai unha posibilidade, que é impoñer o pensamento único, é dicir, o seu pensamento, e ese é o único que vale.

Eu vou parafrasear unha señoría do Bloque Nacionalista Galego que onte nos dicía que aínda estabamos a tempo de rectificar e que, se así o faciamos, acertariamos. Vostedes xa o fixeron. Xa o fixeron co Estatuto de autonomía de Galicia, primeiro dixeron que non e despois que si. Tamén o fixeron coa AP-9, primeiro non, unha navallada ao noso territorio, e despois tamén dixeron que si. E unha das últimas foi con Altri, primeiro si e agora resulta que non. Eu dígolles que tamén están a tempo de acatar o que digan os informes técnicos, que iso é o que vai facer sempre o Partido Popular. Tamén é certo que temos que recoñecerlles a súa capacidade de defender unha cousa e a contraria, e, ademais, fano coa mesma forza e con igual vehemencia; igual poden mudar o nome do seu partido político e pasar a chamarse «Bloque Nacionalista Camaleónico». Pode ser unha cousa interesante.

Pero pola súa actitude sectaria xa sabiamos que ao Bloque nunca lle gustou a Universidade Intercontinental da Empresa, a pesar de que as universidades privadas son unha realidade no noso país e tamén en países do noso contorno, e que, evidentemente, a súa posta en marcha supuxo ampliar o abano de opcións formativas para os estudantes da nosa comunidade autónoma. E saben tamén que a súa creación foi un proceso longo, no que foi necesario cumprir todos os rigorosos e serios trámites previos e preceptivos, entre eles tamén contou co informe favorable do Ministerio de Universidades. E todos eses trámites que superaron foi ata que chegou a aprobación a este Parlamento. Nese momento, Galicia era unha das poucas comunidades autónomas do Estado español que non contaba cunha universidade privada.

É falso, señor Castro, que a Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, impida a duplicidade de titulacións. Limitar que unha universidade imparta unhas ensinanzas despois de ter superado todos os trámites preceptivos, como lle dixeron, é inconstitucional. Hai unha sentenza recente do Tribunal Constitucional que declarou inconstitucional unha parte da Lei de universidades do Goberno de Aragón precisamente por impedir que os centros privados duplicasen o plan de estudos do público. ¿Iso que acredita? Que impedir a liberdade da



universidade é un ataque directo á súa autonomía e, polo tanto, é un ataque directo á Constitución española, que vulnera no seu artigo 27.10.

En Galicia podemos estar moi orgullosos porque contamos cun Mapa de titulacións de máis de cento trinta graos públicos, co obxectivo de que un alumno ou alumna galega poida cursar os estudos que queira, en Galicia, evidentemente. Equivócanse tamén cando din que a Xunta autorizou. A Xunta de Galicia non autorizou nada, emitiu un informe de pertinencia socioeconómica; iso enviouse á Axencia Galega de Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e esta axencia, seguindo o mesmo proceso da avaliación da calidade con respecto ás propostas das universidades públicas, dentro duns meses emitirá un informe. Ese informe pode ser favorable ou desfavorable; nós non o sabemos. Evidentemente, o que reciba o informe favorable poderá ser autorizado para implantar no Sistema universitario de Galicia, e en caso contrario vaise arquivar; polo tanto, a titulación non se implantará. Entón, vostedes sempre falando antes de tempo.

E no momento en que o Parlamento de Galicia aprobou a creación desta universidade, a normativa estatal establecía que unha universidade debería impartir titulacións en polo menos dúas ramas de coñecemento, neste caso foron escollidas a de ciencias sociais e enxeñería, e agora exige polo menos tres, un mínimo de dez grados, seis mestrados e dous doutoramentos. ¿E quen decidiu isto? Pois para sorpresa de ninguén, no ano 2021, o PSOE e Sumar modificaron o real decreto que obrigaba as universidades privadas a que impartisen polo menos tres ramas de coñecemento, dándolles un período de cinco anos para adaptarse. ¿A ver como me explica isto, señor Castro? (*Aplausos.*) ¿A ver como pode explicalo?

Eu creo que vostedes dende o BNG deberían preguntarlles aos seus socios en Madrid, cos que son tan mansiños, por que lle obrigaron por imperativo legal á Universidade Intercontinental da Empresa, e así ao resto das universidades privadas, a ofertar novas titulacións.

E despois falan do mantra da privatización, pero ¿como imos falar da privatización cando temos en marcha o Plan de financiamento universitario con maior apoio da historia por parte da Xunta de Galicia, con máis de 538 millóns de euros? Avánzase no obxectivo de acadar o un por cento de investimento de recursos públicos nas universidades que fixo o Estado para o ano 2030. Estamos case aí sen practicamente o apoio do Goberno central. É dicir, Galicia sempre en solitario.

Acabamos de poñer en marcha a matrícula universitaria gratuíta, sendo a primeira e a única comunidade autónoma na que se pode —como saben— acceder a un sistema educativo público gratuíto dende a primeira etapa da educación infantil ata os estudos superiores. As taxas universitarias conxeladas dende hai catorce anos, que permitiron que as familias galegas aforrasen 300 millóns de euros, e asegurando o acceso universal aos estudos universitarios.

Puxéronse en marcha os campus de especialización para que haxa unha conexión entre os territorios locais e as universidades. Avánzase na investigación e tamén no Plan de infraestruturas, co que se farán melloras en todos os campus galegos, e incluso coa construción dunha nova facultade de Farmacia.



Entón, eu dígolles, señorías do Bloque Nacionalista Galego: a súa actitude o único que nos leva a pensar é que odian o propio e que tamén odian todo o que teña que ver cos éxitos colectivos.

E, xa para rematar, quero dicirlles que a nós nunca nos van atopar nin en contra da Constitución española nin impondo á xuventude o que teñen que facer ou estudar nin esnaquizando a liberdade dos cidadáns á iniciativa empresarial, e moito menos ditando aos funcionarios os informes. Para todo iso xa están vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Señora Vázquez, ¿vostede considera que a liberdade de elección é pagar 10.500 euros ao ano por un curso? ¡Dez mil cincocentos! ¿Aí hai liberdade? ¡Que liberdade vai haber! ¿Vostede pensa que un galego medio, unha galega media pode pagar 10.500 euros ao ano por un curso? ¿En que mundo viven? Imos ver: 42.000 euros todo o grao, case dous salarios medios anuais dun galego. ¡Corenta e dous mil! (*Murmurios.*) Vaian visitar a páxina *web* da Universidade de Abanca, onde ilegalmente está promocionando un grao no que aínda non se lle deu o *okey*. E aí veno: «10.500 euros al año» — porque está en español, evidentemente, nada máis — ¡dez mil cincocentos euros ao ano! *Es una elección.* ¿Aí, si? E vostede cre que calquera galego pode pagar 10.500 euros ao ano, porque iso é á elección, ese non é un privilexio. Tes máis, podes pagalo, aí tes o grao ben fácil. (*Aplausos.*) Non o tes, pois ben... Iso é liberdade, ¡iso é liberdade!

Liberdade é que nazas na familias na que nazas, teñas os cartos que teñas no banco, partas do mesmo punto, partas do mesmo punto e poidas chegar con base nos teus esforzos, con base na meritocracia — como din vostedes — ao que ti te merezas. Non que se tes 42.000 euros para pagar un grao, vaias directamente como din nos seus propios anuncios a traballar ás *big four*, porque é moito máis fácil, cun ensino moito peor, con profesores con moito menos nivel, sen investigación.

Pero ben, *la libertad*, ¿verdade? Antes era tomar cañas, agora é pagar 10.500 euros ano por un grao. Iso non é liberdade; liberdade é dar unha educación en igualdade nazas onde nazas. ¡Por favor! (*Aplausos.*) A liberdade dos poderosos, evidentemente, de poder escoller o que podes comprar. ¿Queres comprar unha titulación? Taca, aí a tes, 42.000 euros. ¡Mimadriña, liberdade!

Señor Ojea, a ver, a lei teno clarísimo; ademais, isto tamén xa para as señorías do PP. Cumpran a súa lei, artigo 13. ¿Para que fan leis? Artigo 13. ¿Que non queda claro? ¡Por Deus, léano! ¡Mimadriña! E ademais ten o señor Ojea un campus en Ourense, ¡tanta defensa de Ourense!, onde hai 60 prazas e vanlle poñer aquí unha universidade *ad hoc* para que compita coas universidades públicas. Esa defensa de Ourense, ¡por Deus!



Ademais, xa é o comportamento, que non teño nada que dicirles aos reitores; porque aquí saen os tres reitores das tres universidades públicas contra a Xunta, e a Xunta non ten nada que dicirles nin lles comunican nada. Aquí non hai negociación, non hai un ¿que vos parece?, ¿teñen algunha achega que facer? Aquí non hai nada, aquí hai: tes isto. ¿Gústache? Ben. Non che gusta, pois... vale.

É que, aínda por riba, tendo un informe do secretario xeral de Universidades do 2018, do seu secretario xeral de Universidades do 2018, onde di claramente respecto a Dereito: «*La oferta de prazas en el Sistema universitario de Galicia es apropiada, en cuanto a su número útil a los efectos de la satisfacción de la demanda. No es preciso, por tanto, ninguna revisión de la oferta de prazas para la titulación*». Pero, claro, chamou Escotet e hai que andar, e hai que regalarlles aos poderosos, hai que regalarlles aos que teñen máis cartos, ¡10.500 euros/ano! É que eu, de verdade, non sei en que mundo viven para que lles pareza normal pagar por un ano 10.500 euros, e que a iso lle chamen liberdade e non privilexio. Nun momento no que os másters privados acaban de superar a oferta de másters públicos,...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: ...nun momento no que a universidade se está transformando a nivel mundial nun xeito de comercializar con alumnado. ¿Onde está o coñecemento?, ¿onde está esa defensa da meritocracia? ¿Esta xente traballa? Non, esta xente paga títulos, e aquí xa se ve quen son os seus comerciais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Fidalgo Iglesias e nove deputadas/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que axilice todos os trámites necesarios para poñer en marcha o Proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na que leva a iniciativa dona Elena Espinosa, e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Carmela González Iglesias.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de adición.



Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia acorda reprobado a actitude do Goberno da Xunta de Galicia que tratou de impedir a construción da Biblioteca do Estado en Vigo, propoñendo ao Ministerio de Cultura actuacións noutras cidades de Galicia en detrimento de Vigo.»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Carmela González Iglesias, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición un novo apartado co seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Garantir a continuidade da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel no Casco Vello de Vigo, en complementariedade coa futura biblioteca do Estado, co obxectivo de non reducir a xa insuficiente dotación de servizos bibliotecarios da maior cidade galega.

- Asinar un convenio co Concello de Vigo para a ampliación da rede de biblioteca públicas da cidade co obxectivo de incrementar o número de bibliotecas ate chegar ao número recomendado para cidades do seu tamaño.»).

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para presentar a proposición e por un tempo de oito minutos ten a palabra o señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

*A historia interminable é unha novela infantil do escritor alemán Michael Ende, publicada por primeira vez en 1979; foi un verdadeiro éxito desde o momento en que se publicou; foi levada ao cine e traducíuse a máis de trinta e seis idiomas. Ende defendeu que a novela expresa o desexo de atopar a realidade que nos rodea a través de percorrer o camiño inverso. Decía que cando nos fixamos un obxectivo, o mellor medio para alcanzalo é tomar sempre o camiño oposto, como na *Divina comedia* de Dante, que para chegar ao paraíso comeza pasando polo inferno.*

*Algo parecido nos pasa en Vigo coa biblioteca do Estado; semella que a mellor forma de que sexa unha realidade é facer todo o posible para que non se faga. Aínda que a historia comeza antes, imos arrancala en agosto de 2007, cando o entón ministro galego e socialista da Coruña Antonio Molina —o que di agora que Sánchez é unha marioneta de Bildu— (*O señor Fidalgo Iglesias amosa unha fotografía dos señores Molina e Caballero.*) aquí está na foto con Abel Caballero; aquí Abel estaba máis noviño, parecía das Xuventudes Socialistas. Agora, claro, (*Murmurios.*) (*Risos.*) o tempo pasa para todos. (*Aplausos.*) Aí decía que ía comprometer a bi-*



biblioteca do Estado para Vigo, despois da negativa da súa antecesora, Carmen Calvo, a que non lle facía moita graza investir en Vigo. Non sei se polas súas filias e fobias con Abel Caballero, pero ela dicía que a escusa era que Vigo non era capital de provincia, aínda que Xixón, Maón, Orihuela ou Mérida tampouco o eran e si que tiñan biblioteca do Estado.

É nese momento cando empeza o baile, porque o alcalde de Vigo propuxo ata nove localizacións diferentes para a biblioteca. En primeiro lugar, en agosto de 2007, cando estaban por alí César Antonio Molina, propuña o colexio Cluny, unha xoia arquitectónica de Antonio Comingses, o primeiro edificio que houbo na Gran Vía. Pero ¿que fixeron co edificio? Aínda que non o crean, tirárono. Abel Caballero tirou o edificio e hoxe é unha residencia de maiores.

A segunda ubicación foi en novembro de 2007, nese mesmo ano, na praza do Rei, pegadiño ao concello, ocupando unhas fincas que hai na rúa Santiago. Segundo o alcalde, o proxecto ía ir á velocidade de cruceiro, novembro de 2007. Parece que foi premonitorio. ¿Que pasou? Que o alcalde contratou Rafael Moneo para que viñera dar unha volta a Vigo, estivo unha mañá, subiu á azotea do concello e dixo: «Abel, ahí no lo veo». Moneo, ahí no lo veía.

Despois, en abril de 2009, ía ir á Escola de Artes e Oficios. En agosto de 2009, no mesmo ano, ao Auditorio Mar de Vigo. En abril de 2010, a San Paio de Navia. En outubro de 2010, ía ir á biblioteca A Panificadora. Este é un mantra, A Panificadora sae case todas as semanas. Este mesmo domingo volveu saír o proxecto para A Panificadora, que ían facer agora aí a ampliación do edificio consistorial.

No 2016 volvía a ubicación á rúa Lalín, ao lado dos antigos xulgados. No 2017 de novo ía ir á Panificadora. Fixeron un concurso de ideas e o proxecto gañador ía incluír, ademais da biblioteca do Estado, un centro de investigación gastronómica, outras instalacións culturais, *coworking*, etc. Dicía Abel Caballero que era un paso definitivo e que ía estar rematada en seis anos, co cal xa tiñamos que levar dous anos desfrutando da biblioteca.

Por fin, no 2018, o alcalde asegura que hai que buscar máis e que vai quedar nos terreos que ían ser expropiados para ampliar a Cidade da Xustiza. Nese tempo, pois tamén se sucederon moitos ministros e moitos gobernos: César Antonio Molina, Ángeles González Sinde, Ignacio Wert, Íñigo Méndez de Vigo, Máximo Huerta, José Guirao, José Manuel Rodríguez Uribes, Miquel Iceta, Ernest Urtasun. Ben, non está nada mal: nove ministros, nove ubicacións, dezaioito anos esperando, ¡e o que queda!, ¡e o que nos queda! (*Aplausos.*)

¿E cal é no día de hoxe o estado do proxecto? Ben, pois que as negociacións mantidas a tres bandas entre o Concello de Vigo, que cede o terreo, o Goberno de España, que se encarga de financiar a obra, e a Xunta de Galicia, que vai xestionar o edificio e os futuros servizos bibliotecarios, finalmente chegaron a un acordo no ano 2022. O Ministerio de Cultura dicía que aceptaba as necesidades propostas pola Xunta de Galicia no ano 2020, que establecía que a futura biblioteca tería unha dimensión de oito mil metros cadrados nun edificio de varias plantas.

Unha proposta, ademais, que conta co apoio unánime do Parlamento de Galicia nunha PNL que se aprobou nunha comisión en xuño do ano pasado. A finais de setembro do ano pasado,



tamén o Pleno do Concello aprobou o Plan especial de infraestruturas e dotacións, co que o Concello daba por rematada a súa tramitación, xa se podía enviar e permitiría acceder aos terreos ao Ministerio de Cultura. A Xunta de Galicia tamén fixo os seus deberes e procedeu ao rexistro o 20 de novembro de 2024 do Plan especial no Rexistro da ordenación do territorio. E entendemos que por iso no día de hoxe a pelota está máis ben no lado do Goberno de España, máis que incluso do Concello de Vigo.

En Vigo é importante facer esta infraestrutura porque Vigo carece dunha rede de bibliotecas municipais. A cidade de Vigo só conta con dúas bibliotecas públicas que prestan servizos bibliotecarios completos. E, segundo os estándares das bibliotecas públicas de Galicia, o Concello de Vigo, con cerca de trescentos mil habitantes, debería contar cunha gran biblioteca central de entre 5.000 e 8.000 metros cadrados, e 9-10 bibliotecas de proximidade dunha dimensión de arredor de 1.200 metros cadrados.

E por ese motivo é polo que traemos esta proposición non de lei, que agardamos que teña o voto favorable de toda a Cámara, porque o único que pretende é que o Goberno de España axilice os trámites. Aínda que en Vigo todo é posible ata que o propio alcalde intente paralizar, como acabamos de ver, un proxecto de 18,7 millóns de euros —o alcalde de Vigo paralizando un proxecto de 18,7 millóns de euros— para construír un centro para as asociacións culturais, veciñais, sociais e deportivas, só porque o vai construír a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

—Remato xa.— O que tiñan que ser todo facilidades para que outras administracións investisen na cidade, o alcalde o único que pon son atrancos e dificultades. Por iso, nós agardamos que no Parlamento de Galicia teñamos todos un pouco máis de sentidiño e se apoie esta proposición, se pode ser, por unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señor Fidalgo, non sei como trae vostede aquí unha proposición deste tipo, porque vostede coñece a historia deste proxecto, do Proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo e, sinceramente, non lle favorece nada ao Partido Popular. *(Aplausos.)* Porque Michael Ende foi un grande escritor, pero vostede aquí hoxe non foi nin un bo redactor da realidade nin da historia. E ademais o inferno, ao que fixo vostede referencia, creárono vostedes; esa é a verdade. Como tamén é verdade que o alcalde Abel Caballero conta co apoio do máis do sesenta por cento dos votantes de Vigo, cousa da que o Partido Popular en Vigo tampouco pode presumir nin dicir. *(Aplausos.)*



Polo tanto, eu si que quero que conste hoxe aquí a verdade da biblioteca pública de Vigo. Porque Vigo, efectivamente, é o décimo terceiro municipio de España en número de habitantes e viña reclamando dende hai anos a construción dunha biblioteca de titularidade do Estado. Un déficit que arrastra Vigo polo feito de non ser nin capital de provincia nin capital de comunidade autónoma, a pesar de ser con diferenza a maior cidade de Galicia. Vigo levaba anos liderando unha xusta reivindicación, intentando buscar acordos co Goberno de España. E tivo que ser un Goberno socialista, co ministro de Cultura Molina, quen facilitase o acordo para que Vigo puidese salvar os primeiros atrancos ao non cumprir coas exixencias dunha biblioteca de titularidade do Estado. E o acordo plásmase nos presupostos xerais de España —certo, cunha cantidade mínima, pero plásmase nos orzamentos— en tanto non se decidise a ubicación dela.

Pero no momento —señor Fidalgo, ¡que casualidade!— que muda o Goberno de España e empeza a gobernar o Partido Popular —¡oh!, casualidade— desaparece esa partida presupostaria da biblioteca de Vigo, e foi de novo o Partido Popular o que conseguiu que se borrases dos orzamentos. Polo tanto, podemos afirmar que houbo unha paralización real por parte do Goberno de España durante a presidencia de Mariano Rajoy entre o ano 2011 ao 2018. E si, señor Fidalgo, oito anos de paralización dunha infraestrutura importante para Vigo, unha paralización imputada ao Partido Popular. (*Aplausos.*)

Pero esta situación entra de novo en vías de solución coa chegada do Goberno presidido por Pedro Sánchez, tras unha visita do alcalde de Vigo ao novo ministro e despois xa da negativa —como dixen— durante tantos anos dos gobernos do Partido Popular. E había tres problemas ou máis, pero vou citar o chan e a ubicación. Primeiro, o señor Rueda di que é máis áxil e máis barato facer a biblioteca do Estado nos edificios dos xulgados cando estes queden libres, pero o Concello de Vigo quería que fose un edificio singular e sen limitación. E a Xunta, señor Fidalgo, obrigou o Concello de Vigo a expropiar os terreos para a Cidade da Xustiza; unha broma que lle custou ao Concello de Vigo 3,5 millóns de euros. E unha vez expropiado, a Xunta cambia de ubicación e di que a Cidade da Xustiza vai para o antigo hospital de Vigo. E menos mal que foi o Concello quen reacciona para que non quedase alí un patacal, grazas a vostedes, que lle custou 3,5 millóns de euros, e decide o Concello levar a biblioteca para eses terreos que inicialmente vostedes pedían que fosen para a Cidade da Xustiza.

Pero agora empezamos cos atrancos do Partido Popular de novo, e necesitabamos aplicar a lei en Vigo, e vostedes negáronse, a Xunta e o Partido Popular negáronse. E, como consecuencia, o Concello inicia a tramitación dun Plan especial de infraestruturas e dotacións para esa parcela citada, plan que se aprobou —como vostede dixo— o 30 de setembro e tamén está inscrito no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia.

Pero houbo máis atrancos da Xunta de Galicia. O segundo atranco —non me vou parar— eran cuestións técnicas que vostedes lle exixían a esa biblioteca, que non lle exixen a ningunha das bibliotecas que ten a Xunta de Galicia. Para uns, unha cousa, e para outros, outra.

E a terceira é máis simpática, a máis simpática de todas, porque vostedes fan o seguinte: demandan que primeiro se faga a biblioteca de Pontevedra —que non temos nada contra Pontevedra—, pero que non estaba prevista. E podemos afirmar que desde que se decidiu



esa ubicación o Partido Popular non tivo máis que unha situación de obstrución total contra o proxecto. E voules dar datos moi concretos: Feijóo reúnese co ministro de Cultura, co señor Guirao, para intentar parar a biblioteca do Estado en Vigo; cousa inconcibible cando esta biblioteca a paga o Estado. Máis datos, señor Fidalgo: ademais do que dixen do señor Feijóo, hai que engadir que nunha visita que fixo o ministro Iceta a Ourense para inaugurar o Arquivo Histórico Provincial, reúnese o señor Iceta co conselleiro de Cultura. E o señor conselleiro de Cultura vólvelle plantexar problemas coa biblioteca do Estado en Vigo, que quería antepor outras actuacións que nin estaban previstas nin estaban pensadas antes coa biblioteca de Vigo. E con estes antecedentes e con esta historia, ¿atrévese hoxe vostede aquí traer esta proposición?

A Xunta opúxose con uñas e con dentes á Biblioteca do Estado en Vigo. Estivo a marear a perdiz pondo dificultades e tiñan perplexos a todos os ministros. E antes, señor Fidalgo, terían que pedir perdón por todas as pedras que puxeron no camiño para chegar ata onde estamos. E non dubiden que Vigo contará coa biblioteca do Estado, como teñen outras cidades: como ten Xixón, Santiago, Maón ou Mérida, que tampouco son capitais de provincia. E no día de hoxe a única gran cidade de Galicia que non ten a biblioteca do Estado e que é unha gran cidade de España é Vigo, que non conta con esa infraestrutura. Pero ata o de agora o non a ter débémolles á Xunta de Galicia e ao Partido Popular por borrar os orzamentos nos anos que gobernou Rajoy e por non pór máis que paus nas rodas contra Vigo, como é habitual.

Pero acabóuselles o xogo, tentaron esgotar ata un santo, o Concello de Vigo loitou contra vento e contra o vento do Partido Popular. Pero Vigo terá unha biblioteca que ronda os 22 millóns de investimento, como ben lles respondeu o Goberno de España aos deputados do Partido Popular na pregunta que formularon.

Esta é a verdade e esta a realidade, señor Fidalgo. E Vigo nunca rexeita ningún investimento da Xunta. Mire para a Cidade de Xustiza a ver se nos oíu dicir algo. O que non queremos son trampas e que nos fagan caer en trampas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora González.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Bo día.

Moitas grazas, presidenta.

Quero empezar por facer análise da situación que sufrimos en Vigo en cuestión de bibliotecas. A biblioteca pública Xosé Neira Vilas, no Calvario, que foi inaugurada o 2 de xuño de 2011, e que ademais foi impulsada polo Bloque Nacionalista Galego no Goberno municipal, estaba concibida como a primeira dunha rede de bibliotecas nos barrios e parroquias. Pasa-



ron catorce anos dende a apertura da Neira Vilas, e na maior cidade de Galiza non abriu nin está previsto que abra ningunha nova biblioteca pública. Máis alá das salas de lectura que Abel Caballero pretende vender como bibliotecas e que non son máis que espazos diáfanos que só teñen mesas e cadeiras pero que non teñen nada que ler. E concordarán comigo en que unha biblioteca sen libros non é unha biblioteca.

Os datos reais e obxectivos son que Vigo conta na actualidade con só dúas bibliotecas públicas. Un número totalmente insuficiente cando as recomendacións do Ministerio de Cultura indican que unha cidade do tamaño de Vigo debe contar cunha biblioteca central e cunha biblioteca auxiliar de barrio ou de distrito por cada 15.000 habitantes. Isto significa que Vigo tería que ter vinte bibliotecas descentralizadas. O de 9-10, señor Fidalgo, díxoo vostede a boleo para... máis ou menos, ¿non? A realidade é que os datos din que Vigo debería de contar con vinte bibliotecas descentralizadas. Dúas bibliotecas públicas para unha poboación de trescentos mil habitantes coloca Vigo moi lonxe doutras cidades das mesmas características, que superan amplamente este número. Só como exemplo: Valladolid, conta con dezanove bibliotecas máis catro bibliobuses; Xixón, ten doce bibliotecas; Vitoria-Gasteiz, trece bibliotecas; Oviedo, doce bibliotecas; Pamplona, once bibliotecas máis un bibliobus, e, moito máis preto, A Coruña conta con once bibliotecas públicas. E esta é a triste realidade: Vigo está á cola do Estado en número de bibliotecas por habitantes.

E ante este panorama, levamos dende o 2005 escoitando o importante é que dotar Vigo dunha biblioteca do Estado, sen demasiados esforzos por facer realidade esta infraestrutura. Nestes dezanove anos e medio propuxéronse nove localizacións distintas; pasaron oito ministros e ministras de Cultura, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista. E, iso si, vimos infinidade de titulares de prensa, infografías e anuncios, pero, sobre todo, neste tempo vimos como o Partido Popular e o Partido Socialista o único que fixeron foi enredar e utilizar esta biblioteca como arma arreboladiza para os seus intereses partidistas. (*Aplausos.*)

E escoitamos o señor Fidalgo culpabilizar o Partido Socialista da demora na construción da biblioteca, pero a verdade verdadeira, señor Fidalgo, é que o Partido Popular tamén ten responsabilidade nesta demora, porque destes dezanove anos, seis anos e medio gobernou o Partido Popular cun tal «M. Rajoy» como presidente e con dous ministros de Cultura do Partido Popular, e nos que vostedes non moveron nin un só papel nesta cuestión.

E a biblioteca do Estado é só un exemplo da parálise permanente que sofren infraestruturas fundamentais para a nosa cidade pola falta de vontade política, mais tamén pola falta de diálogo e colaboración entre o presidente Rueda e o alcalde Caballero.

O mesmo ocorre co instituto de Navia, que o Goberno galego demorou anos antes de orzar a súa construción e que estivo paralizado tres anos por falta de acordo entre as dúas administracións. Ou coa residencia da terceira idade na ETEA, que o presidente Feijóo prometeu hai oito anos e da que nada se sabe. Ou coas reformas das pistas de atletismo conveniadas entre a Dirección Xeral de Deportes do BNG e a Consellería de Deportes do BNG no ano 2008, hai dezaseis anos e que seguen sen executarse.



E estas son só algunhas das actuacións das que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista fan uso partidista en lugar de dialogar e colaborar no beneficio de Vigo. Proba disto é que, tal e como previamos, meses despois da reunión que mantiveron Rueda e Caballero para abrir o «diálogo» e desbloquear diversas actuacións, seguen exactamente igual, lanzándose acusacións mutuas e freando o avance da maior cidade de Galiza.

E hoxe assistimos neste hemiciclo a un episodio máis deste capítulo de *y tu más* e por culpa túa e ¿a culpa de quen é? E vimos como nun asalto máis dese combate utilizando temas fundamentais para a cidade de Vigo tanto o Partido Popular como o Partido Socialista se enzarzaron en discusións ridículas que non fan avanzar a nosa cidade.

E vémolos agora na nosa cidade coa discusión que estamos a vivir polo uso da antiga estación de autobuses ou polo que nomeaba o señor Fidalgo o centro de asociacionismo. E resulta paradoxal que ambos os dous partidos leven dezanove anos insistindo na necesidade de dotar Vigo dunha biblioteca do Estado, mentres non falan de ampliar a rede de bibliotecas públicas ou mentres deixan que o valioso patrimonio bibliográfico da cidade se estrague. Tal como ocorreu o pasado mes de xullo cando na biblioteca Juan Compañel, por una avaría nas tubaxes, se produciu un asolagamento do depósito do fondo local, o chamado «Fondo Vigo», que afectou obras de valor para a nosa cidade, que quedaron estragadas.

A escasa dotación bibliotecaria en Vigo xustifica sobradamente a necesidade da construción da biblioteca do Estado na nosa cidade. Mais tamén a necesidade de ampliar a rede de bibliotecas públicas.

E, nese sentido, o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda de engádegas para que neste Parlamento poidamos mostrar o noso compromiso coa Rede de bibliotecas de Vigo. A comezar por garantir a continuidade da biblioteca Juan Compañel no Casco Vello, unha vez que se trasladen os fondos e o persoal á biblioteca do Estado, converténdoa na nova biblioteca pública municipal de barrio, co obxectivo de non reducir a xa escasísima dotación de servizos bibliotecarios da nosa cidade. A Juan Compañel é unha instalación que xa está equipada e preparada, polo que sería un erro non mantela e que siga sendo utilizada como biblioteca. O Partido Popular xa rexeitou esta emenda. Agardamos que hoxe mostren o compromiso e a acepten.

E, en segundo lugar, instamos a Xunta de Galiza a colaborar mediante convenio co Concello de Vigo para incrementar o número de bibliotecas ata chegar ao número recomendado para unha cidade do tamaño da de Vigo. Unha proposta que o BNG xa trasladou nas emendas ao orzamento e que o Partido Popular rexeitou.

Miren o Partido Socialista e o Partido Popular: as viguesas e os vigueses xa non aturan máis que utilicen a nosa cidade para as súas leas políticas. Están fartos da soberbia dun alcalde socialista que nos amuralla e enfronta ao resto do país. Están fartas do abandono e castigo ao que ten sometido o Goberno do Partido Popular á maior cidade de Galiza. E dixéronllo hai un ano. Hoxe á mañá escoitabamos o señor Rueda fachandear dos resultados electorais. En Vigo dixéronllo hai un ano ao colocar o BNG como a primeira forza política na cidade,



(Aplausos.) demostrando que xa abondou da inacción do PP de Rueda, da soberbia do Partido Socialista de Caballero e da lea partidista dos dous.

Escoiten os vigueses e as viguesas e póñanse a traballar da man polo ben da cidade. Deixen esa posición infantil de discusión permanente.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: No BNG imos apoiar esta iniciativa pedíndolles encarecidamente que o Concello de Vigo e a Xunta de Galiza se coordinen e colaboren para que a biblioteca do Estado en Vigo sexa unha realidade na maior brevidade, pero, sobre todo, para que avancemos na ampliación da Rede pública de bibliotecas na cidade.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de darlle paso á seguinte intervención, saudamos e damos a benvida aos alumnos e alumnas do centro educativo de formación profesional de Bueu. ¡Benvidos ao Parlamento!

O voceiro do Grupo Mixto anúnciame que renuncia á súa intervención e pasamos entón á rolda de peche.

Polo Grupo Parlamentario do Partido Popular ten novamente a palabra o señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Señora Espinosa, como diría su compañera de partido Pilar Alegría, portavoz del Gobierno, eso no es así, (Aplausos.) eso no es así. No, porque el Gobierno de Mariano Rajoy sí que tuvo en el presupuesto varios años una partida para la biblioteca del Estado. (Murmurios.) Y también le adelanto o le informo que el Museo Arqueológico de Ourense lleva veinte y tres años cerrado. No sé qué vino a inaugurar Miquel Iceta, pero el Museo Arqueológico de Ourense no lo vino a inaugurar. (Murmurios.)

Sobre as emendas presentadas á nosa iniciativa, adiántolles que non podemos aceptar a do Partido Socialista porque non nos parece construtiva, simplemente.

E respecto da do BNG, concordamos na necesidade de que Vigo conte cunha rede de bibliotecas acorde co noso número de habitantes, mais quen debe crear esa rede é o Concello de Vigo. E a Xunta está a colaborar co Concello na dotación de fondos a través de axudas. Porque Vigo merece e Vigo necesita unha biblioteca á altura da cidade, con fondo de libros e servizo de préstamo, e non un espazo cheo de mesas e cadeiras a modo de sala de lectura.

A realidade é que dende hai catorce anos, cando se abriu a biblioteca Xosé Neira Vilas no Calvario, non se volveu crear ningunha outra biblioteca en Vigo. Un exemplo son os veciños de Teis, que seguen esperando pola biblioteca tan prometida e tan comprometida polo alcalde, a pesar de contar co inmobile desde hai once anos. Levan once anos esperando.



Señorías, nós non vimos aquí confrontar nin facer demagogia, iso deixámolo para vostedes, o que queremos é que non se perda máis tempo e que canto antes se poña en marcha esta infraestrutura. Porque despois ten que ir nos orzamentos xerais do Estado, hai que facer o proxecto, hai que licitar a obra, hai que construíla. Polo tanto, por moito que corramos, é difícil poder ler un libro nela antes do ano 2029.

Vostedes dirán o que queiran, pero o certo, señorías, é que ao alcalde minguante, Abel Caballero, non lle gustan as bibliotecas; ao alcalde minguante non lle gustan nin as bibliotecas nin as piscinas, porque tampouco fixo ningunha piscina, senón que pechou dúas piscinas municipais; non lle gustan as pistas de atletismo, non lle gusta tampouco que a Xunta invista nun centro de asociacionismo, non lle gusta que a Xunta invista en Vigo, porque ao alcalde o que lle gusta, por iso é fillo adoptivo tamén da cidade da Coruña, por impulsar o aeroporto de Alvedro, o que lle gusta é mentir e manipular e intentar confundir a xente. O que lle gusta ao alcalde de verdade, á parte de ir aos platós de televisión, é ir de vítima para seguir crispando. Esa é a súa estratexia; por certo, esa estratexia baleira de contido e prexudicial para a cidade.

A Xunta segue esperando unha resposta polo túnel de Beiramar; a Xunta segue esperando polo desenvolvemento da ETEA cando xa hai un acordo coa Zona Franca. Os vigueses seguimos esperando que o Partido Socialista apoie Vigo como porto nodal, seguimos esperando pola gratuidade da AP-9, seguimos esperando polo porto nodal, polo transporte metropolitano. Seguimos esperando, en definitiva, a que o alcalde abandone a confrontación, porque sería moi bo para Vigo.

Hai polo menos 711.713 razóns, que son os 711.713 votos que o Partido Popular recibiu en Galicia hai un ano, máis que os apoios do PSOE e do BNG e de Sumar xuntos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar.

O señor FIDALGO IGLESIAS: —Xa termino—. Desde logo quen castiga a Vigo e ao seu alcalde é o seu xefe Pedro Sánchez.

Como diría Jennifer López: *¿la biblioteca pa'cuándo?*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Fidalgo.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputadas e deputados máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobar o expresidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar Blanco, logo da súa condena por parte do Tribunal Supremo pola comisión dun delito contra a seguridade viaria

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.



E para defendela ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Exemplaridade: substantivo feminino. Calidade de exemplar, que dá bo exemplo, que serve de modelo.

Representatividade. Calidade de representativo. Calidade dunha persoa, partido, etcétera, que se expresa no nome da poboación.

Lexitimidade. Calidade daquilo que é lexítimo, que é conforme a razón, a xustiza e o dereito das persoas.

Definicións de exemplaridade, representatividade e lexitimidade, tres valores que debería encarnar todo cargo institucional, pero moi especialmente cando falamos dun dos só tres senadores ou senadoras que escolle este Parlamento galego para representar o noso país e os seus intereses ante o Estado. E hoxe é evidente que José Manuel Baltar Blanco non reúne nin por asomo ningún destes tres valores. (*Aplausos.*)

Se nestes días nos que na sociedade e neste mesmo Parlamento están de actualidade a intelixencia artificial e o debate mesmo de se é mellor Deepseek ou o ChatGPT, se en lugar de estar iso de actualidade estiveramos falando dos dicionarios ilustrados que había antes, sabemos que a foto do señor Baltar non iría ao lado da definición de exemplaridade nin de representatividade nin de lexitimidade, máis ben iría ao lado do termo delincuente, persoa que comete un delito. Porque a estas alturas a xustiza xa falou e o tribunal xa condenou esta persoa penalmente por un delito contra a seguridade viaria, o que xa era política e eticamente reprobable hai máis dun ano, desde o primeiro día.

Hai un ano e dez meses coñecemos que o expresidente da Deputación de Ourense conducía un coche propiedade desta mesma institución a máis de 200 quilómetros por hora. Algo que foi negado ata a saciedade, mentira tras mentira, e que foi probado científica e obxectivamente xa, deixando en ridículo as escusas do señor Baltar e tamén as do Partido Popular do señor Rueda e de Feijóo, que, incapaces de facelo dimitir, o que fixeron foi premialo cun posto de senador por designación autonómica, recolocándoo así para facer os seus equilibrios internos entre a boina e o birrete.

Soubemos, como dicía, que o 23 de abril de 2023, un domingo por certo, este señor conducía un coche oficial a máis de 200 quilómetros por hora. Pero hoxe aínda hai moitas cousas que non sabemos. Non sabemos exactamente a que ía, porque o detalle da axenda non é público nin está demostrado documentalmente. E non sabemos tampouco quen conducía ese mesmo vehículo menos dunha hora antes cando foi interceptado por un radar á altura de Allariz a máis de 170 quilómetros. Son os tres grandes misterios da humanidade: ¿onde está a tumba de Cleopatra?, ¿por que desaparecen barcos no Triángulo das Bermudas?, ¿e quen sería a persoa misteriosa que conducía menos dunha hora antes o coche que despois conducía o señor Baltar? (*Aplausos.*) Misterios inexplicables.

Pero isto, que parece o guión dunha mala telenovela, xa tivo un custo ao erario público. Os galegos e galegas, que pagan o financiamento da deputación, tiveron que ver como esa



multa, que sería de 400 euros, pasou a ser de 1.200 porque non identificaron o condutor. É absolutamente bochornoso. Vehículos oficiais pagados con recursos públicos para un rali persoal de cargos do Partido Popular. ¡É absolutamente indecente! (*Aplausos.*)

Tampouco se sabe quen conducía ese mesmo vehículo moitas outras veces noutras xornadas que foi multado. ¿É iso exemplaridade?, ¿é iso representativo do sentir dos galegos e das gallegas?, ¿é iso o que debe caracterizar o rol, o funcionamento, dunha institución e dun cargo público? Desde logo que nós pensamos que non, e falamos dunha cuestión moi seria, porque todo este relato breve dos acontecementos que eu fixen denota un *modus operandi*, denota unha forma de actuar, de quen concibe as institucións como un mecanismo para beneficio privado e representa tamén a impunidade de quen está acostumado a facer calquera cousa todo o tempo desde o seu posto de poder porque pensa que non vai ter consecuencias. E neste caso, por riba, falamos dun perigo público. Porque, señorías, a violencia viaria é un problema moi serio no noso país, un problema que custou 89 vidas no ano pasado —¡89 vidas, señorías!—. Falamos dun tema moi serio e cada minuto que esta persoa segue representando este Parlamento no Senado é unha vergonza. (*Aplausos.*)

E xa sen entrar en que chove sobre mollado, porque poderíamos aquí recordar os antecedentes e poderíamos falar de que este é o segundo expresidente da Deputación de Ourense condenado. O anterior foi o seu pai, condenado por prevaricación continua por enchufar 104 persoas na Deputación de Ourense, que moi acertadamente Cristina Huete —por certo, acaba de sacar libro; pódeno ler as súas señorías— cualificou de «fábrica dos enchufes». Poderíamos recordar aquí tamén audios recentes da familia do señor Baltar nos que presuntamente se recoñecían mordidas, ou tamén recordar outros audios que puidemos escoitar todos e todas onde se chantaxeaba sexualmente a unha muller para intercambiar un posto de traballo.

Pero xa sen ir á hemeroteca e aos antecedentes, só falando desta cuestión pola que foi condenado, está claro que quedou demostrado que esta persoa ocultou información, mentiu e manobrou, ademais, para evitar as súas citas cos tribunais unha e outra vez ata que o Partido Popular lle regalou un aforamento —non fose ser xulgado como un cidadán normal—. E aínda tivemos que escoitar como argumento de defensa que estaba sometido a unha persecución política. ¡Pero hai que ter valor! ¡Hai que ter valor para que veña do baltarismo unha acusación así! Dígollelo eu, que vin en Ourense e vivín, desde a miña militancia no BNG, moitísimas veces o que é realmente a persecución política e o que é que haxa persoas que non se atreven a falar ou a formar parte de listas electorais pola persecución política. ¡Hai que ter o rostro de formigón armado! Cre o ladrón que son todos da súa condición. (*Aplausos.*)

Chegados a este momento e lamentando que tivese que pasar un ano e dez meses para que teñamos que volver pedir esta cuestión, que é ética e politicamente unha obriga, é evidente que hoxe reprobamos e pedimos a dimisión de Baltar Blanco por todas estas cuestións como senador é unha obriga ética e democrática. As persoas non podemos estar por riba das institucións, e en tempos, ademais, de descrédito da política, de perda de confianza nas institucións, é unha irresponsabilidade absoluta mirar para outro lado.

Por exemplo, o propio Eurobarómetro da Comisión Europea sitúa o Estado español á cabeza da desconfianza política. Nove de cada dez cidadáns non confían na política, nos políticos;



nas e nos políticos e nas institucións. Vendo este relato dos feitos, máis propio dunha serie de Netflix, ¿como non van desconfiar? Teno todo: uso espurio dos recursos públicos, evitación da xustiza, mercadeo de cargos... ¿Como non vai desconfiar a xente? Se isto non ten consecuencias, estaremos alimentando ese caldo de cultivo da antipolítica, ese caldo de cultivo da ideoloxía máis reaccionaria que usa o público para beneficio propio.

Nós temos claro que as responsabilidades xurídicas correspondían á xustiza, e a xustiza xa falou. Polo tanto, acabáronse as escusas, acabáronse as escusas do Partido Popular; é hora da responsabilidade política. Por iso, pola dignidade da política, pola dignidade deste Parlamento galego e tamén pola dignidade de Galiza, Baltar debe ser reprobado e debe dimitir como senador por designación autonómica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Falouse dese acto, de «delito viario». Creo que así se cualificou por parte do tribunal que xulgou ese feito; un feito coñecido polo que a Garda Civil interceptou esa persoa, o expresidente da deputación, un par de veces. Tamén se probou que estaba usando un coche oficial, sen que estea aclarada exactamente cal era a finalidade pola cal se usaba ese recurso público. Tamén é estraño que un presidente dunha deputación conduza un coche oficial desa deputación. Eu viaxei neses coches unhas cantas veces, na miña condición de vicepresidente —que o fun durante un tempo—, e, loxicamente, o coche sempre ía conducido por un condutor que formaba parte da plantilla da deputación, e sempre cun horario e cunha folla de ruta. Ese, loxicamente, é un acto... Hai dous aspectos. Primeiro está o aspecto xa de utilizar un recurso público dun xeito irregular desde o momento en que el non era un dos choferes acreditados para conducir ese vehículo, e despois tamén porque non se aclara ou non se aclarou cal era a finalidade pública coa que se collía o vehículo. E, segundo, está o acto irresponsable de circular a esa velocidade, como se denunciou por parte da Garda Civil; o cal, loxicamente, supón un perigo potencial para as persoas que puidesen estar circulando nese momento. Afortunadamente, non pasou nada, pero, loxicamente, a esa velocidade puido pasar calquera desgraza, que non é difícil de imaxinar.

Ao mesmo tempo, entendo que tamén supón un desprezo máis ou menos consciente —ou inconsciente— cara a un recurso público como é a estrada. Mentres un circula dentro dos límites de velocidade legalmente establecidos, está usando esa estrada como o que é, como un recurso público, pero no momento en que un supera a velocidade permitida pola lei, á marxe dos moitos riscos que iso pode ter, dalgunha maneira está privatizándoa; quere dicir, que a medida que ti utilizas a estrada a unha velocidade maior da que che permite a lei, dalgunha maneira estás dicindo aquilo de: a estrada é miña. É dicir, tantos quilómetros por



hora nos que ti te pases, tanto que ti estás —no teu subconsciente— pensando que a estrada é túa, porque lles estás tamén quitando recursos aos outros potenciais usuarios da estrada, que se poden ver obrigados a apartarse ou a circular cun grao, digamos, de perigo que non tiñan por que ter. Son cousas bastante evidentes.

Loxicamente, cinguíndonos, como dixo a portavoz do BNG, a ese caso concreto e obviando outras accións que tamén puidesen ter sido reprobables na conduta do expresidente —nalgún caso, eu mesmo levei aos tribunais algunha decisión del nalgún sentido, que non vén agora mesmo ao caso, porque, como digo, imos centrarnos nese tema, nesa cuestión—, o feito é totalmente reproable; e se o feito é reproable, pois que sexa reprobado. Entón, nese sentido, pois tamén apoiaremos esa cuestión.

Nada máis.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra a señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días.

Os ourensáns asistimos perplexos, abochornados, á pasividade do Partido Popular ante un presidente da deputación kamikaze, hoxe senador por designación autonómica. Si, o domingo, 23 abril, o presidente da Deputación de Ourense circulaba a 215 quilómetros por hora. Achégase o PSdeG ao plantexamento desta proposición non de lei cunha sensación de asunto manido de seu, de vello, de asunto recorrente, acerca do que se ten manifestado de maneira clara e contundente.

José Manuel Baltar representa en si mesmo unha longa traxectoria política, contundentemente marcada por unha conduta censurable, tanto dende o punto de vista da ética como da simple observancia dos requisitos indispensables a un representante público. O seu paso polos distintos cargos que ocupou deixa un ronsel de extravagancias e corrupcións que, ao fin, van cerrando un personaxe tan lamentable como pernicioso. Para a xente da provincia, á que eu represento, todo o relacionado co concepto «Baltar» conta xa cun pouso, cun cuño inconfundible: caciquismo, corrupción, estrafalaria confusión do público e do privado, nepotismo, arbitrariedade e estrambótica cerimonia de populismo, que podemos chamar antes do punto cero.

Baltar pai, creador da marca, despregou ata a éxtase toda a retahíla das virtudes arriba descritas para consolidarse na política da provincia e dende aí exercer a súa área de influencia e exixir os dereitos de cota. Ía coas súas sacas de votos e viña coa súa tallada do pastel. E cando viu que estaba preto de caer nas mans dos que vixían o contrabando, caería a título póstumo —póstumo, por unha breve cousiña de nada, ao modo dos grandes criminais como



Al Capone, que foi finalmente preso por unhas caixas de viño, cando sementara en Nova York centos de cadáveres— e cederíalle os trastos ao sucesor. E José Manuel Baltar entón toma os mandos e reprende as operacións. Coa infraestrutura xa montada, reanúdase a vella fábrica de papeletas electorais impresas nesa dobre cara do contrato e deseñadas na [*Inintelixible.*] da subvención. E veña para Santiago coas sacas outra vez infalibles e volta coa talladiña do recién cociñado poder.

E, claro, parello ao exercicio da maquinaria do éxito, aparecen as primeiras deformacións de quen o detenta. E deses comportamentos, antes ou despois, había de deducirse o feito delituoso. E, deste último, por máis que quixera dárselle para largo, está a condena xudicial firme da que nestes días se facía eco a sociedade galega sobre outros ámbitos de relevancias distintas: un senador designado pola Comunidade Autónoma de Galicia condenado por un delito contra a seguridade viaria. Parece un titular de importancia bastante como para que se tomen ao respecto medidas á altura da gravidade do asunto. (*Aplausos.*)

A integridade das institucións depende en gran medida do respecto co que sexan xestionadas, e ese prestixio que tantas veces reclamamos con solemnidade para os que consideramos símbolos do país e sobre os que dicimos sustentar as claves da sociedade depende de ata que punto sexamos capaces de mantelos limpos de todo cando puidese menoscabalos. E se lle preguntamos ao señor Rueda, diríámoslle: o Parlamento de Galicia designou en xullo de 2023 a José Manuel Baltar senador cos votos do seu grupo parlamentario. O Tribunal Supremo vén de condenar o señor Baltar mediante sentenza firme por un delito contra a seguridade viaria. Se vostede, señor Rueda, non quere —amparándose, antes do fallo xudicial, nos favores da presunción de inocencia e unha vez emitido este nas costuras do regulamento interno— reprobar nesta Cámara a José Manuel Baltar toma sobre si unha decisión da que derivan dúas consecuencias: en primeiro lugar, fai que recaia sobre o Parlamento de Galicia unha mancha de indignidade que deixará, no ata o de agora respectado lenzo da Cámara, ese primeiro lamparón. E despois diso queda vostede inutilizado de vez para tentar no futuro botar man da dignidade e honradez no desenrolo da acción política que lle queda por diante. Non lle vai chegar o nó da garavata que agora abre ata os topes para enviar semellante sapo, para tentar deixar atada toda a carga de hipocrisía que a partir de hoxe ha de constituír esa carga para o Partido Popular, para vostede, para o presidente da Xunta de Galicia.

Víaselle estes días atrás ao señor Rueda moi fachendoso a propósito doutras institucións e doutras persoas que dende hai semanas chaman para quen queira opinar sobre o crime pésimos que no gobernante constitúe o uso espurio das institucións públicas sobre a exemplaridade inescusable que se lle ha de pedir a quen ocupa cargos públicos. E faino dicindo que a dimisión ou cese deba darse de inmediato, con independencia dos tempos, que, no caso aludido, nin sequera neste momento son chegados. Non tira pedras ao aire, señor Rueda, quen ten o tellado de vidro, porque resulta que vostede con este asunto converte o Senado no acubillo dun delincente, nin máis nin menos. Fíxoo en 2023 para compor as pezas poselectorais na provincia de Ourense, tambaleándose coa perda da maioría absoluta na Deputación Provincial, e consúmao agora, seguindo ese costume tan arraigado na casa Popular de premiar os que non se teñen que premiar. E así, señor presidente Rueda, se vostede se converte no seu propio fiscal e quedan postas así as cousas, na tesitura de decidir reprobar todo aquilo que con tanta contundencia declarou obrigado reprobar, ou de quedar, caso de



incomprensible ou torticeramente non querer agora facelo, pois pateticamente reprobado, autoreprobado.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todos.

«¡Ai de vós, escribas e fariseos hipócritas!, porque diezmades a menta, o aneto e o comiño, e deixastes o máis importante da lei: a xustiza, a misericordia e a fe. Isto era mester facer sen deixar de facer o outro; guías cegos que coades o mosquito, pero tragades o camelo». *(Aplausos.)*

Señorías do BNG e do Partido Socialista, non me considero especialmente relixioso, pero creo que ao longo da miña intervención se entenderá perfectamente o porqué de ter escollida esta cita do Evanxeo segundo San Mateo sobre os fariseos para iniciala. Unha cita sobre aqueles que, ao igual ca vostedes, predicán para os demais unha cousa, mentres fan outra totalmente distinta; aqueles que, coma vostedes, predicán que debemos facer todo o que vostedes digan, pero non facer o que vostedes fan, porque, ao igual ca eles, vostedes tamén —cito novamente— imponen mandamentos moi difíciles de cumprir, pero non fan nin o máis mínimo esforzo por cumprilos. E á recentemente pechada Comisión de investigación me remito, na que predicaban uns estándares de calidade democrática que vostedes mesmos non son quen de cumprir. *(Aplausos.)*

Señorías, en primeiro lugar, quero darlles as grazas por sumarse ao recoñecemento de que Galicia vai ben, nas vésperas da vitoria nas urnas do presidente Alfonso Rueda, para nós, aniversario, para vostedes, cabodano, que, como saben, ten como fin lembrar o defunto —político, neste caso—, ao tempo que se pide pola súa salvación —política tamén, neste caso—, porque hai un ano os galegos enterraron a aspiración de quen hoxe encabeza coa súa sinatura esta iniciativa de que á terceira ía a vencida. Pero, afortunadamente, os galegos dixerón que non, que non había dous sen tres e que non había quinta mala, e por iso lle deron ao presidente Rueda a súa primeira maioría absoluta, señorías. *(Aplausos.)*

E si, señorías, Galicia vai ben e vostedes están a recoñecelo con esta iniciativa. Miren, vostedes teñen a posibilidade de traer dúas proposicións non de lei a cada pleno, e adicaron as dúas desta sesión a pedir que non se implante un novo grao universitario en Dereito en Galicia e a isto... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.



O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Por certo, esta a emendaron polo camiño, señora Presas, porque na súa iniciativa non se pide a dimisión do señor Baltar, pídesse a súa reprobación; vese que do estrado aquí, ao mellor, lle parecía pouco, ou alguén pensaba que se precisaba algo máis do que vostedes presentaron. Pero a verdade, señorías, é que, á vista das súas iniciativas, Galicia non vai ben; Galicia, á vista das súas iniciativas, debe ir moi ben, señorías, ¡moi ben! (*Aplausos.*)

Sobre os feitos, non é preciso falar, porque xa falou a xustiza, recollendo a sentenza, e o Ministerio Fiscal solicitou a pena mínima, toda vez que a Garda Civil acreditou que a vía se atopaba despexada sen que existise situación de risco ningún. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Pese a isto, vostedes prefiren falar na súa iniciativa dunha forte alerta social, duns feitos gravísimos que cuestionan a política; feitos, por certo, en calquera caso, anteriores —e publicamente coñecidos— á designación do señor Baltar como senador e, polo tanto, alleos á súa actividade como tal.

Si hai na súa iniciativa algo co que concordamos: os cargos públicos deben exercer a exemplaridade. É certo. O limiar da dignidade para ocupar un cargo público non o marca só o Código penal, márcano tamén a decencia e o decoro no seu desempeño, de tal xeito que mesmo pode haber supostos que, sen entrar no ámbito da responsabilidade penal, merezan tanta ou máis reprobación que outros con relevancia penal, como o que, por exemplo, nos ocupa.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, aínda non rematou o segundo pleno do ano e o que vostedes traen hoxe aquí é a primeira entrega da nova temporada da súa serie favorita: «Moi bravos en Galicia e moi mansos en Madrid». Vostedes deixan toda a súa bravura nada máis pasar Pedrafita. Si, señorías, porque, se non, non se entende. ¿U-la súa primeira petición de reprobación dese goberno que vostedes apoian incondicionalmente en Madrid? ¿Cando o van instar, señorías? ¿A que esperan? Teñen para elixir —collo aire—: Koldo, Aldama, Ábalos, Armengol, Begoña, David, García Ortiz, Calviño, Montero, Marlaska, Ribera, Maroto, Torres, Cerdán, Illa, López. ¡Empecen polo que queiran, señorías!, empecen polo que queiran. (*Aplausos.*) É máis, eu, para algunhas cousas, son clásico, e eu de vostedes empezaría polo «número un». Son vostedes os perfectos herdeiros deses guías cegos que coan o mosquito e tragan o camelo, que relataba San Mateo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Presas, o maior misterio da humanidade non é ningún dos que vostede enumerou, o maior misterio da humanidade a día de hoxe é por que seguen vostedes a apoiar incondicionalmente a Pedro Sánchez. Ese é un misterio para o que non hai explicación ningunha. (*Aplausos.*)

Pero para que non teñan razón cando nos acusen de demagogia —que o farán—, podemos acudir a casos equiparables, pero máis graves aínda. ¿U-la súa reprobación ao senador socialista Alfonso Carlos Moscoso González, condenado no 2011 por triplicar a taxa de alcoholemia cando era alcalde de Villaluenga del Rosario e deputado provincial? ¿U-la reprobación á concelleira do Goberno multipartito no Concello de Cangas, que triplicaba a taxa de alcohol ao volante o pasado verán? (*Murmurios.*) Cangas, por certo, concello claramente aspirante a instaurar este verán a «Festa do milagre da nosa señora da reprobación», porque todo parece indicar que, salvo milagre, tampouco vai haber reprobación ao novo concelleiro do Go-



berno, acusado recentemente de tráfico de influencias e usurpación de identidade. (*Murmuros.*) ¡A ver, un pouco de coherencia!, ¡un pouco de coherencia!

Sigo. Apoiándose vostedes para xustificar esta petición en que dende hai anos o Parlamento galego traballa a cuestión da seguridade viaria... A ver, é certo, pero é que este Parlamento de Galicia tamén traballa noutros aspectos, que non sei se é que non merecen a mesma consideración para vostedes, por exemplo, a igualdade. ¿U-la súa petición de reprobación á concelleira do BNG no concello da Estrada cando escribiu aquilo de «nin o bebé quere ser o seu fillo», despois de que a presidenta da Comunidade de Madrid perdese o bebé de oito meses que estaba a esperar?

¿U-la súa reprobación ao señor Tomé, ao que apoian como presidente da Deputación de Lugo, cando unha compañeira nesta Cámara lle espetou aquilo de «...a súa vestimenta e o seu aspecto de leopardo»? ¿Ou é que o machismo e a misoxinia son intolerables nun cargo público só cando este non é do BNG ou do partido do Goberno que apoia o BNG, señorías? ¡Un pouco de coherencia! ¡Un pouco de coherencia! (*Aplausos.*)

¿Ou o que nos queren dicir é que estes feitos son menos merecedores de reprobación por non implicar responsabilidades penais? Porque, sen ser unha conduta exemplar a que hoxe debatemos, estamos ante un delito de perigo abstracto. E, por iso, señorías do Bloque Nacionalista Galego, botamos en falta ese afán purificador da reprobación noutros casos nos que tamén houbo condena, e por delitos inequivocamente dolosos: unha reprobación ao concelleiro do BNG en Allariz, condenado hai cinco anos por furto; unha reprobación á concelleira do BNG de Burela, condenada hai tres anos por pedir o voto en xornada electoral; unha reprobación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) — ¡home, xa sei, xa sei que...!, quedan uns segundos, acabo pronto, non se preocupen—; unha reprobación á concelleira do BNG de Fene, condenada tamén hai tres anos por impedir unha moción de censura; unha reprobación ao alcalde socialista de Pol, condenado hai dous anos por lesións tras agredir a un xove durante un partido de fútbol; e, se imos máis atrás, unha reprobación aos exalcaldes do BNG de Arzúa ou do Porriño, condenados por prevaricación e desobediencia respectivamente.

¿Onde e cando se debateron esas reprobacións, señorías? ¿Consideran estas condutas menos graves ou é que simplemente afectan membros do seu partido, señorías? ¡Ai de vós, escribas, fariseos hipócritas! ¡Señorías, por favor! (*Aplausos.*)

Vou rematando. Imposible non pensar, señorías, que o que vostedes realmente queren reprobado con esta iniciativa son os corenta anos de vitorias electorais democráticas e ininterrompidas do Partido Popular en Ourense.

Señora Dacosta, fixo vostede acusacións moi graves. Vitorias si, democráticas. Non tire a pedra e esconda a man. Ten dúas opcións despois do que vostede deslizou na súa intervención: ou ir ao xulgado ou pedir perdón. Elixo vostede mesma.

Señor Ojea, non dubido de que a próxima iniciativa que vostede vaia traer a este pleno vaia ser para reprobado o seu alcalde, o señor Jácome, tamén condenado por acoso a un funcionario, ¿non? Penso que, xa que esta é a festa da coherencia, imos abordala todos.



Finalizo. Finalizo primeiramente reiterando o único positivo que se pode sacar da presentación desta iniciativa, señorías: Galicia vai ben. Neste primeiro ano de lexislatura, Alfonso Rueda, á fronte dun goberno sólido e estable, cumpriu coa palabra dada aos galegos, e por iso, por poñer só tres exemplos: Galicia é pioneira na gratuidade da educación pública dende a entrada da escola infantil ata o remate do grao universitario; (*Murmurios.*) Galicia acaba de ampliar o que xa era o calendario de vacinación infantil máis completo do mundo e lidera a nivel mundial o cribado de cancro ao estendelo aos de próstata e pulmón; e lidera as políticas públicas de acceso á vivenda, co impulso de máis de dúas mil vivendas para incrementar o parque público de vivenda.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Rodríguez.

O señor RORÍGUEZ MARTÍNEZ: Agora si que remato como comecei, citando novamente a San Mateo: «Fariseos cegos, limpade primeiro o de dentro do vaso e do prato, para que o de fóra tamén quede limpo. ¡Ai de vós, escribas e fariseos hipócritas!».

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTÑOS: O baltarismo está aínda peor do que pensabamos, porque xa non se pode nin defender a si propio; (*Aplausos.*) non sabemos se porque xa asumen que son indefendibles ou porque nesa batalla de líos internos entre boina e birrete que nos levan a esta situación tan vergonzante sabemos quen vai gañando.

Mire, señor Rodríguez, pode enfundarse nas citas da *Biblia* que queira, pero, desde logo, vaia papelón ter que poñer aquí o ventilador das acusacións —moitas delas absolutamente falsas— e ter que falar da comisión de investigación, da actualidade do Estado, do senador de «Villanoseionde» do Rosario —que xa tomarei nota do topónimo para buscalo en Google e ver cal é a responsabilidade do BNG nesa cuestión—, para non falar da cuestión, que é o uso espurio demostrado, contrastado, e da mentira constante do Partido Popular, a través do señor Baltar e a través dos seus propios líderes aquí, en Galiza, sobre un caso vergonzoso de uso privativo dun medio público, que pagamos todos e todas, no seu ámbito persoal, cometendo un delito condenado polo Tribunal Supremo e no que o seu papelón non foi pedir responsabilidades e exemplaridade, non foi transparentar a verdade dos coches da Deputación de Ourense, senón premialo como senador para que non fose xulgado como unha persoa normal. (*Aplausos.*)

Non hai un só caso homologable dos que vostede puxo aquí enriba da mesa, nin en condena, nin nese tipo de actos cometidos. E, ademais —non me dá tempo en tres minutos—, puxo o ventilador. Falou, por exemplo, vostede de Cangas. ¡É que aplique vostede a exigencia que pide o Partido Popular en Cangas coa que pide vostede neste caso! ¡É que chegou aquí a falar ata do tema da cuestión de Pol! ¡É que trouxeron a reprobación a este Parlamento e o BNG aprobou a reprobación desa conduta en concreto!



Mentiu incluso sobre unha cuestión, sobre un comentario machista que se fixo contra a agora vicepresidenta deste Parlamento galego, que sabe perfectamente ela que o Bloque Nacionalista Galego inmediatamente defendeu que ese era un ataque machista e que tiña que ser rec-tificado, (*Aplausos.*) ¡Inmediatamente! Algo que non veríamos por parte da outra bancada.

Polo tanto, leccións de moralidade e leccións de ética e de dignidade na ostentación dun cargo público aos concelleiros, deputados e deputadas e alcaldes e alcaldesas do BNG, por parte do Partido Popular, igual que de corrupción, ningunha, ¡ningunha!, (*Aplausos.*) que son vostedes o partido político condenado por corrupción e financiamento ilegal nesa trama da Gürtel.

Intentaron vostedes unha vez máis defender o indefendible aquí, pero a cuestión é que esta persoa non é digna de ser —insisto— nomeado por este Parlamento como unha das tres persoas representantes que teñen que defender os intereses colectivos deste país ante o Estado, porque é unha absoluta vergonza, señores do Partido Popular, por moito que intenten tapalo, e demostra que vostedes avalan un *modus operandi* de como entender a política e as institucións para beneficio privado e para control político. Nós, desde logo, estaremos sempre en fronte desa práctica, reclamando que esta cuestión debe ser claramente reprobada e que é unha vergonza colectiva.

E volve hoxe —quero recordalo— ...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque un ano e dez meses antes vostedes non quixeron actuar, e viñeron aquí citar a *Biblia*, dicir que «¡Ay la presunción de inocencia y ay los errores puntuales y personales!» e que había que esperar, entre outras cuestións. Polo tanto, hoxe caen as carautas das dobres varas de medir e de quen, por intereses partidarios, para manter os seus equilibrios internos, somete esta institución, este país, este Parlamento, e a todos e todas colectivamente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a unha vergonza, que é que esta persoa siga sendo senador por elección autonómica. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Rematada a deliberación das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA (Candía López): Prégolles aos servizos da Cámara que pechen as portas.

Comezamos coa votación da iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados e deputadas máis, á que non se presentaron emendas.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar a inserción da mocidade no mercado laboral galego e a calidade do emprego nesta franxa de idade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Pasamos á votación da seguinte proposición non de lei, da que non se aceptaron as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento da dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa terceira iniciativa, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López.

Había dúas emendas. Interpretei que rexeitaba a do Grupo Parlamentario Popular e que estaba disposta a aceptar —entendo— como engádega un punto da do Bloque Nacionalista Galego. Non sei se están de acordo ou non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿O punto 4? (*Asentimento.*)

Entón, votamos o texto da iniciativa do Partido Socialista, engadindo o punto 4 da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de impulsar as comunidades enerxéticas locais e o autoconsumo compartido.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e dona Mercedes Queixas Zas, á que non había emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que desautorice a implantación do grao en Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de don Miguel Fidalgo Iglesias e nove deputados e deputadas máis, da que non se aceptaron as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Fidalgo Iglesias e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que axilice todos os trámites necesarios para poñer en marcha o Proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa última, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Pontón Mondelo e vinte e catro deputados e deputadas máis. A esta iniciativa non se presentaron emendas.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobado o expresidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar Blanco, logo da súa condena por parte do Tribunal Supremo pola comisión dun delito contra a seguridade viaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día, e comezamos coas interpelacións.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Acumúlanse, para efectos de debate, a interpelación número 4468 e a número 16145, consonte o disposto no artigo 14.9.1 do Regulamento, por referirse ao mesmo tema.

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a iniciativa ten, en primeiro lugar, a palabra —interpreto— a señora Queixas. ¿Non? *(Pausa.) (O señor letrado oficial maior, Sarmiento Méndez, fala coa señora presidenta, Candia López.)*

Como saben, o Grupo Parlamentario dos Socialistas nunca identifica as persoas que van defender a iniciativa. Sempre queda o oco en branco, e iso fíxome perder a liña; cousa que lle agradecería, porque para levar o debate, sinceramente, facilitaríaa un pouquiño as cousas. *(Murmurios.)*

Ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día outra vez.

Un saúdo a todos os que estades hoxe aquí acompañándonos na tribuna, que, igual que todos os demais que ás veces nos manifestamos aí fóra e traballamos aquí dentro, temos unha seria preocupación polo que está a pasar coa cultura galega en xeral, e coa lingua en particular.



O acaído desta interpelación queda en certa medida un pouco solapado por esa convocatoria que hoxe pola tarde está feita para as comisións, para construír ese novo pacto pola lingua que parece ser que se quere levar adiante. E, ademais, é que é curioso porque, unha vez desestimadas as iniciativas, se convoca esta comisión. Perfecto, pode ser unha coincidencia, non hai problema. Pero, ¡home!, un día de pleno, no que temos que desdobrarnos os parlamentarios que estamos aquí... Ben, pareceríanos máis acaído noutro momento. En calquera caso, alí estaremos nesas once comisións, tratando de ver que é o que nos depara o futuro.

Pero, en calquera caso, desde que comezamos a falar deste tema ata o de agora hai unhas accións que se levaron a cabo —algunhas foron impulsadas por outros partidos políticos, neste caso polo Partido Socialista en Europa, e outras foron tomadas pola xestión do Partido Popular aquí, en Galicia— que nos fan pensar que non estamos no camiño que eu creo que deberíamos de estar. Cito por orde.

A primeira é que presentaron nesta mesma Cámara un proxecto de lei de servizos audiovisuais —o que vén sendo a CRTVG de toda a vida—, onde a lingua galega queda supeditada a que poida ser substituída por outra lingua —polo castelán— cando sexa necesario. Eu poñía de exemplo —precisamente, esa era unha das eivas que ten este proxecto de lei— que non se resolveu por parte do Goberno da Xunta, cando está o proxecto posto e cando se manifesta a intención de fallar en prol do galego e en prol de que a lingua sexa revitalizada, despois daquelas enquisas tan demoledoras do IGE. Parecíanos que era unha oportunidade para posicionarse. Pois non foi así, senón que aquí veu o texto tal cal, sen ningún tipo de corrección, sendo, ademais, unha das eivas polas que pelexaron —e que se denunciaron— tanto o Colexio de Xornalistas como os sindicatos e outras asociacións, e tamén o Partido Socialista.

A outra é que na mesma CRTVG hai pouco, para acadar un posto de traballo, o director xeral saca unha resolución onde habilita que o castelán poida ser empregado en lugar do galego e non pasa nada. Polo camiño, por segunda vez, o Partido Socialista intentaba en Europa facer do galego e, por suposto, do catalán e do euskera, linguas cooficiais por ser linguas minoritarias, como outras máis de cen linguas que se falan e que están acreditadas nesa Cámara como linguas cooficiais; e, por segunda vez, o Partido Popular traballaba para que non fose así.

E, por último, como esa crenza tan unívoca na cuestión privada, encargaban vostedes unha enquisa a unha empresa privada por un módico prezo de 17.545 euros —*lo que viene siendo un menor de toda la vida*— para que puideramos ver reflectidos alí unha serie de datos como: o 69 por cento das familias usan única e preferentemente o castelán, o 52 por cento empregan prioritariamente o galego e o 54 por cento manexan ambos e consideran que non existe discriminación idiomática. Menos aínda nos colexios, dado que máis dun 94 por cento dos pais aseguran que os seus fillos falan correctamente o galego e que o 67,5 por cento se expresa habitualmente nesa lingua e que só un 31 por cento se comunica exclusivamente en español. Bueno, claro, era unha enquisa privada, feita con oito veces menos persoas coas que a fixo o IGE, que é o estamento oficial da Xunta de Galicia, público, para levar a cabo este traballo. Pero parece ser que despois daquela manifestación en Santiago, eses datos —e esa manifestación— non gustaron o suficiente, e temos esta enquisa coa que hoxe seguramente abriremos esas comisións, e sobre a que vostedes dicían que traían



isto para que nestas próximas comisións o abordásemos, non digo como unha guía, pero si como un espello onde mirarse.

E eu xa sei que vou ser moito máis banal que o señor Rodríguez, que citou a San Mateo, pero voulle citar unha cousa tan sinxela e tan banal como as películas do domingo pola tarde na canle da primeira. Suelen ser películas alemás, na campiña berlinesa. Nunca vin que chovera; vai moitísimo sol sempre. Pois iso é tan inverosímil como o seu ímpeto por facer do galego unha lingua que se veña arriba. É que non podemos crer que con estas medidas e que con esta actitude teña vostede algunha verosimilitude co que está a acontecer, porque o tiña na man; é dicir, serían catro medidas evitables, serían catro accións que non aportan nada e que nos poñen aos demais a dubidar. Porque eu dígolle sinceramente que, tanto no plano político como no persoal, vostedes crearon un problema no ano 2009 chamado «bilingüismo harmónico» —que xa dixen vinte veces que non é bilingüismo nin é harmónico— e agora temos que desfacerlo, porque a alguén se lle ocorreu no Partido Popular que había que desfacerlo. Ben, pois nós, desde o PSOE, ímolo crer, e crémolo a «pies juntillas»; é dicir, é unha pena, porque é facer traballo sobre traballo, e se non o fixeramos, se non tiveramos aquela situación, non teríamos que estar hoxe aquí perdendo o tempo —ou gañándoo, neste caso, con este tema—. Pero é que estamos aquí para resolver un problema que vostedes crearon.

¿Como é posible que iso, con toda a vontade, con toda bonhomía de: imos crer nisto, nomeamos as persoas que van á comisión, acatamos as súas reunións e estamos ao seu dispor para que nos diga por onde imos empezar...? Porque estamos en consonancia —voullo dicir— co Consello da Cultura Galega e coa Real Academia Galega, que son os órganos, ademais de escoitar, evidentemente, a Asociación Pedagóxica de Profesores, de escoitar a Mesa, de escoitar a Agal, de escoitar moitísimas asociacións que traballan en prol do galego, sexan de corrente lusista, non sexan de correntes lusista, teñan un carácter educativo ou teñan un carácter artístico; dános igual, ¡dános igual! ¿Como é posible que, tendo todo isto encima da mesa e tendo esta bonhomía, vostedes teñan este tipo de cortocircuitado? É que non o podo entender.

Estamos á expectativa do que nos van dicir. Porque, de verdade, ¿que problema hai?, ¿que problema pode haber en ter unha mellor plataforma, propaganda, incluso diría que en ilusionar? Porque moitas veces esta cuestión do emprego do galego, á parte de desprestixialo dentro da educación, dentro do audiovisual e de moitos outros sectores, é unha cuestión de ilusionar tamén, de crear unha opinión e de que con iso, como dicía un compañeiro meu de partido, agrome o suficiente e que sexa unha onda grande que leve todo por diante e que nos volte levar a unha situación de partida de hai quince anos.

¿Como é posible que vostedes non aproveitasen a iniciativa de elevar o galego como lingua cooficial en Europa? Xa non digo que recoñezan o que non queren recoñecer no Parlamento español, no Parlamento do Estado; xa non digo que volten un paso atrás, pero ¡vamos!, olviden o pasado, boten unha mirada cara ao futuro e, ademais, fagan disto o de verdade, porque, mire, están reducindo isto a mero folclore, a unha cuestión testemuñal. Eu dicíao o outro día na intervención: dan medallas Castelao como se desen trofeos no torneo de golf; pasando por enriba de nomes, de situacións e de estratexias de país que non se atopan en ningún outro lugar, botando fóra do xogo unha serie de valores que nos fan diferentes. Des-



pois si, despois temos cuestións folclóricas que nos levan a facer publicidade de Galicia e ese tipo de cuestións. Pero a realidade é que en ningún momento nin sequera atenden o propio sector, que xera produto interior bruto —como poden ser os tradutores, como poden ser os autores do teatro ou como pode ser o propio audiovisual—, para que teña un apoio firme. Diciao aquí o outro día: hai películas galegas que están nas plataformas de Netflix, en Inglaterra, en galego, e teñen audiencias magníficas. E non pasa absolutamente nada, todo o contrario. Hai películas catalás que acabamos de aplaudir nos Goya, e, ademais, gústanos escoitar o catalán. E gústanos pensar que estamos nun país que ten esa riqueza e ese poderío lingüístico.

Entón, señor conselleiro, de verdade imos seguir adiante con esa bonhomía que lle dicía antes, esperando que nos dean, non sei... Imos ver se podemos cambiar, polo menos, o da Televisión de Galicia e imos ver se podemos darlle unha volta ao de ter a lingua cooficial en Europa. Pero —insisto— son catro cuestións que non terían por que estar enriba da mesa. ¿Que necesidade había de encargar unha enquisa a unha empresa privada, por un contrato menor, tendo o Instituto Galego de Estatística? Que, volto dicir, é oito veces menos plural, no sentido de que ten oito veces menos participación que a propia do IGE.

Eu espero que nos diga algo; algo que nos leve por *el camino de la esperanza*, porque ata o de agora o que temos é totalmente unha desidia, igual que antes.

Eu quíxeno crer o día que se sentou aquí..., bueno, o día que se levantou aquí e que o falou. Vostede vén dun pobo, foi alcalde dun pobo, supoño que é galegofalante de toda a vida, como moitos outros compañeiros seus —cito aquí o alcalde de Lalín, que fala un perfecto galego—, e eu entendín que, ao mellor, tiñamos unha oportunidade. Oxalá non estea equivocada e isto sexan simplemente ordes de...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—agora remato— xestión dun Grupo Popular que vostede ten que acatar. Ao mellor nos sorprende hoxe pola tarde con outro tipo de cuestións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Ten —agora si— a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

En nome do BNG saúdo, en primeiro lugar, as persoas que nos acompañan neste hemiciclo neste debate e tamén os representantes da Plataforma Queremos Galego, aos que nos unen o amor, o compromiso e o traballo a favor da normalización lingüística e dun futuro pleno e vivo para a nosa lingua. (*Aplausos.*)



O pasado sábado o Partido Popular estivo de celebración. Cumpríanse dezaseis anos daquel 8 de febreiro de 2009 en que o hoxe presidente Rueda e a plana maior do Partido Popular arroupaban esta pancarta nunha manifestación en contra do galego. (*A señora Queixas Zas mostra unha fotografía.*) Este foi o punto de partida dunha política de acoso e derribo do galego con Rueda e con Feijóo á cabeza do Goberno. E conseguírono; conseguiron o seu obxectivo. Hoxe o estado de saúde do galego é crítico.

Mais a pregunta que nos facemos é: ¿como queremos que sexa mañá, señor conselleiro? ¿Que futuro queremos para o galego? Porque o futuro non é o que vai ser, senón que é o que imos facer. E no BNG estamos completamente convencidas de que aínda é posíbel revertir esta situación tan crítica en que o galego está en mínimos históricos, mais para iso é preciso, primeiro, recoñecer a diagnose da realidade actual e, segundo, mudar de rumbo nas políticas lingüísticas que o Partido Popular leva implantando dende hai case dezaseis anos. E isto é así porque nolo demandan as institucións do país, porque nolo demandan os colectivos, as asociacións e as entidades que traballan a favor do galego e porque nolo demanda continuamente a inmensa maioría da sociedade galega.

Temos nas nosas mans o presente do futuro da lingua galega, da lingua propia e oficial de Galiza, do noso principal sinal de identidade; a lingua que nos fai ser, pensar, sentir e amar dunha maneira propia e persoal, e a lingua que nos fai ser de aquí e non de calquera outro lugar. É o futuro desta lingua, coa que nos temos que comprometer. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, vostede sabe igual ca min que o galego está nunha situación de emerxencia lingüística. E iso non é unha percepción do BNG, iso son datos contrastados; é unha evidencia contrastada no tempo —tampouco é ningunha novidade— e son datos científicos e datos oficiais.

O Instituto Galego de Estatística o que fixo no mes de outubro foi escribir con cifras o que para cada persoa das que estamos aquí é perfectamente medíbel, constatábel, audíbel e visíbel na nosa vida diaria. O galego non é xa a lingua maioritaria de Galiza despois de trece séculos; o grupo dos monolingües en castelán é o que máis medra; 1 de cada 3 menores de 14 anos non ten competencia suficiente para se expresar en galego —no IGE de hai cinco anos era 1 de cada 4, seguimos baixando—; e só o 7 por cento dos menores de 14 anos se expresan en galego con normalidade sempre —hai cinco anos o IGE dicíanos que eran o 14 por cento—. Seguimos perdendo. Señor conselleiro, ¿onde está a imposición do galego que vostede segue defendendo? (*Aplausos.*)

A Academia Galega presentounos recentemente un informe exhaustivo e rigoroso precisamente das conclusións da Enquisa de coñecemento e uso do galego por parte do IGE. As conclusións son —insisto— contundentes. E como vostedes, no Partido Popular, xa nos demostraron que de ler son moi pouco, vou ler literalmente algunha destas conclusións: «O proceso de substitución do galego gañou un novo impulso ao longo do presente século. O monolingüismo en castelán avanza velozmente, acadando proporcións nunca vistas na franxa de poboación escolarizada. O declive cada vez máis pronunciado do galego estase achegando perigosamente ao limiar do colapso».



Hai unha conclusión que todos e todas coñecemos: o galego é a única lingua do Estado que perde falantes. Acáballo de volver dicir agora moi recentemente outro novo estudo do Consello da Cultura Galega, onde fai unha análise comparativa entre o coñecemento e o uso do galego en Galiza e os das outras linguas cooficiais do Estado.

Insisto, a conclusión é evidente: o galego é a única lingua do Estado que perde falantes. Pregúntolle ao señor Rueda: ¿onde está a súa imposición do galego? Que responda aos galegos e ás galegas da súa mentira. (Aplausos.)

Todas as voces autorizadas concordan un día si e outro tamén en que as causas desta situación é certo que son múltiples e diversas, mais todas concordan en que hai que mudar xa de forma radical a política lingüística do Goberno. E, sobre todo, cómpre mudar a principal razón da falta de competencia, da falta de coñecemento do galego, que é un dos factores que impide o uso: a escola; a escola desgaleguizadora que formou a xeración do mal chamado por vostedes, pero con moita intención, «Decreto do plurilingüismo», como a xeración máis monolingüe en castelán. Este era o obxectivo, e vostedes conseguírono. Por iso se negaron a facer o que lles manda o decreto que vostedes redactaron: unha avaliación anual. Débennos quince enquisas de quince anos de aplicación deste decreto, onde claramente se vía que todo ía a peor para o galego. Son vostedes un goberno insubmisos á súa propia lexislación.

A análise da Academia Galega —que antes mencionei— é contundente neste sentido: o modelo educativo actual non está cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística, que di que o alumnado ten que rematar a súa escolarización coa adquisición das dúas linguas oficiais: galego e castelán. Non está a ser así. E o propio informe di textualmente: «O cambio no modelo educativo é imprescindible». Como tamén lle dixo o propio presidente da Real Academia Galega: «Este decreto foi un xigantesco fracaso». O mesmo que lle leva dicindo en sucesivos informes o Consello de Europa a respecto dos incumprimentos da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas.

Reitera aínda o Consello da Cultura Galega esta mesma visión. Galicia é a única comunidade onde as persoas novas presentan niveis de competencia máis baixos en relación ás outras comunidades do Estado. A singular tendencia á baixa entre as xeracións máis novas, así como a aparente menor efectividade das políticas educativas en comparación con outras comunidades, subliñan a urxencia de intervir no ámbito escolar e na transmisión interxeracional. Todo o mundo leva anos dicíndolle, señor conselleiro, a este goberno: urxe un cambio de rumbo que poña fin ás políticas lingüísticas contrarias e obstrucionistas do futuro do galego. Exíxenolo a sociedade e non lle podemos fallar.

Por iso —insistimos—, en primeiro lugar, urxe recuperar o consenso que o Partido Popular rompeu en 2009 de forma unilateral. E por iso, con ese obxectivo, acudimos con boa disposición e, sobre todo, cun documento de propostas (*A señora Queixas Zas mostra un documento.*) ás dúas reunións ás que vostede nos convocou nese publicitariamente chamado «Pacto pola lingua».

E aquí publicamente temos que dicir que foi o que nos trasladou e o que nos propuxo o Goberno do Partido Popular na súa persoa e na do secretario xeral de Lingua: facer parte dun



escenario de confusión onde o Partido Popular condicionaba as regras de xogo do diálogo, en primeiro lugar, deixando claro do que non se pode falar, que é da modificación, da necesaria e insistente mudanza, derogación e substitución por outra proposta do Decreto do plurilingüismo. E, en segundo lugar, asumirmos que non vai tomar o Goberno ningunha medida ou acción de choque que actúe ante esta emerxencia lingüística e que nos temos que conformar con, como mínimo, quince meses en que unhas comisións debatan como hai que actualizar e avaliar o Plan xeral, que nós sempre solicitamos e ao que o Partido Popular votou nesta Cámara en contra. Claro que o hai que actualizar, porque non é un plan que responda a 2025, un plan que foi aprobado no 2004. Mais, igual que o hai que avaliar, tamén hai que implementar inmediatamente moitas medidas que hai nese Plan xeral que son efectivas e que o Partido Popular segue vetando.

¿Que nos respondeu o Goberno do Partido Popular? ¿Que nos respondeu vostede? Silencio. Fixo vostede un dobre pacto de silencio: silencio ás propostas do BNG para favorecer e impulsar o galego e silencio ás propostas do Partido Popular contra o galego, porque vostede leva nove meses como titular da Consellería de Lingua e, mentres tanto, permitiu que o Partido Popular aquí seguise votando novos retrocesos en contra do galego. Vostede fala dun pacto pola lingua e o Goberno do Partido Popular actúa reforzando o seu pacto contra a lingua, que empezou en 2009. (*Aplausos.*) Lidera vostede unha consellería secundaria e, ademais, de *atrezzo*.

Porque recordémolo, o Partido Popular, os deputados e as deputadas do Partido Popular, levan votando aquí nestes meses en contra de aplicar as medidas vixentes no Plan xeral; un plan que foi o último gran pacto pola lingua aprobado por unanimidade nesta Cámara. Votaron en contra de reforzar a oferta positiva do galego na sanidade, na xustiza, nas notarías; e votaron en contra de cumprir e desenvolver a Lei Paz Andrade, dez anos metida no conxelador por vostedes. Pola contra, o Partido Popular votou a favor de manter os orzamentos para o fomento do galego en menos da metade dos orzamentos de 2009; votou a favor de permitir que a presenza do galego non estea garantida na Lei de intelixencia artificial; votou a favor de permitir o acceso á función pública de persoas que non teñan ningún coñecemento de galego; votou a favor de reducir a presenza do galego na Radio e na Televisión galega; e incluso non hai nin unha voz máis alta que outra en relación a esta nova opción que dá o director xeral da CRTVG de permitir escoller —por suposto, libremente— facer en castelán as probas de acceso para traballar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...na Radio e na Televisión galega.

Remato xa, señora presidenta.

Señor conselleiro de Lingua, ¿vai pasar vostede á historia como a man redactora do novo capítulo do pacto contra a lingua que Rueda impulsou no 2009 ou vai realmente petar na mesa, plantarse, poñerse do lado do futuro do galego e facer unha política lingüística a favor da nosa lingua e a favor da normalización lingüística, como lle están pedindo todas as institucións do país e como lle está pedindo a sociedade galega? (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos. Ten quince minutos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moi boa tarde a todos e a todas, señoras e señores deputados. Boa tarde tamén ás persoas que hoxe nos acompañan neste hemiciclo.

Eu agradezo moito, como sempre, a posibilidade que se me dá como membro do Goberno para poder comparecer, esta vez a través dunha de dúas interpelacións formuladas polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e, ademais, nun tema no que —eu sigo insistindo— son moitas máis as cousas que nos unen e son moito máis as preocupacións que temos en común. Polo tanto, nunca está de máis debater sobre elas.

Ademais, creo que tamén é importante que aquí falemos sobre os modelos diferentes. Evidentemente, non hai ningún tipo de problema nin ningún tipo de obstáculo en defender, nun parlamento como o Parlamento galego —profundamente democrático, no que cada un ten, evidentemente, a súa visión, a súa estratexia e, sobre todo, o seu posicionamento en relación a este aspecto—, o que estamos defendendo e, ademais, coincido coas persoas interpelantes, coas señoras deputadas, en que ninguén é alleo a iso, porque, efectivamente, a lingua galega é unha das cuestións de maior valor sentimental e patrimonial que temos os galegos.

Por iso, a Xunta de Galicia, nesta nova etapa, creou por primeira vez unha consellería, a Consellería de Cultura, coa Lingua e a Xuventude por bandeira, e por iso fomos os primeiros, nada máis tomar posesión —eu fun creo que o primeiro conselleiro en comparecer nesta Cámara—, en propoñerlles a todas as forzas políticas un novo acordo, un novo pacto, un novo marco no que establecer as estratexias, as liñas de traballo en relación ao galego, sen dar ningún tipo de mensaxe triunfalista. Evidentemente, nós non estamos transmitindo que o galego estea nunha situación extraordinaria, pero si estamos dicindo que creo que hai que analizar a situación que temos e que tamén hai que reflexionar e facelo con certo optimismo. Por iso discrepo, nas intervencións da señora Queixas e da señora Longueira, de varias cuestións.

En primeiro lugar, da intervención da señora Longueira quero dicir que ese é o problema de presentar iniciativas extemporáneas. A interpelación que hoxe nos trae aquí foi presentada creo que no mes de abril do ano pasado, hai aproximadamente dez meses. Polo tanto, a cuestión de traer debates ou cuestións —nesa interpelación— extemporáneas levan a que un teña opinións de difícil encaixe na actualidade, porque moitas das cuestións que vostede plantexa nesa interpelación, por suposto, están resoltas xa no día de hoxe.

Fala, por exemplo, da Mesa pola Normalización Lingüística. Este conselleiro, xunto co secretario xeral, foi o primeiro en recibir os membros da Mesa pola Normalización nun acto —creo—, nunha relación de cordialidade absoluta, no que, ademais de reunírnos, por suposto, coa Real Academia Galega, co Consello da Cultura ou cos distintos axentes que teñen que ver coa nosa lingua, tamén, evidentemente, nos reunimos con distintos colectivos, e tratamos cuestións de debate profundo.



Creo que, ademais, falaba vostede da coincidencia da convocatoria das comisións co acto que temos hoxe pola tarde. Terá vostede en conta que hoxe pola tarde temos convocadas máis de cen persoas. Este acto non se convocou dun día para outro e, desde logo, este acto estaba xa previsto —acto no que imos mobilizar, como dixen antes, máis dun centenar de profesionais— antes da convocatoria deste pleno. Polo tanto, non vexa vostede ningún tipo de polémica en relación con este tema.

Igual pasa na defensa do Partido Socialista, que ten unha posición realmente complexa cando falamos de asuntos de lingua. Falamos, por exemplo, de cuestións que non son opinables, que son medibles, en relación á actitude do Goberno socialista en Madrid cando falamos, por exemplo, da repartición dos fondos no ámbito lingüístico; falamos non só do «fondillo», desa gran diferenza de financiamento que temos os galegos con respecto aos cataláns ou aos vascos —será por unha cuestión de cupos, por unha cuestión de interese—, pero, evidentemente, en Galicia estamos totalmente discriminados en relación ao resto das linguas cooficiais. En ningún caso vin que nin o Bloque Nacionalista Galego, apoiando ese goberno en Madrid, nin o Partido Socialista, reivindicasen a igualdade de dereitos que temos entre as linguas euskera, catalá e galega. E nunca vostedes levantaron a voz nin criticaron nin defenderon esta posición, ¡nunca! (*Aplausos.*) Eu non o escoitei nesta mesa. Igual que non defenderon vostedes o acordo, o pacto ao que se chegou tamén para a repartición dos fondos do PERTE da lingua, exactamente igual. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Falan vostedes de política. Encántalles falar con palabras grandilocuentes, pero á hora da verdade, cando teñen que exercer vostedes a súa capacidade, no marco de determinados pactos —como está sostendo sobre todo o BNG—, sosteñen un goberno central que incumpre constantemente con Galicia. E dígolles máis, nese PERTE aprobado, nese PERTE da lingua, recordo que eran uns 1.100 millóns de euros os que había para presentar proxectos de innovación no ámbito das linguas cooficiais. Deses 1.100 millóns, Galicia —que nun dos puntos do seu acordo de goberno, do acordo de Goberno do Bloque Nacionalista Galego, mencionábase que Galicia tiña que recibir 15 millóns de euros— de momento o que recibimos ata o día de hoxe foron 2 escasos millóns de euros, e temos a información extraoficial de que o resto dos fondos dese PERTE foron destinados a proxectos de descarbonización. Polo tanto, Galicia non recibirá nin un só euro máis de financiamento de fondos en relación coa aplicación e co desafío que ten a lingua galega no ámbito das nosas tecnoloxías.

Falaba tamén das enquisas, do hábito sobre o galego. Non sei que lle preocupa que o Goberno galego poida ter certa información á hora de poder tomar decisións e que esa información, ademais, como mostra de transparencia, a fagamos pública e llela deamos aos grupos de traballo que van levar adiante ese acordo do Pacto pola lingua. Non entendo eu que alerxia teñen vostedes á información e á transparencia dun goberno que, ademais, evidentemente, non só utiliza eses datos, como digo, para estudar determinadas cuestións ás que o IGE non atende, porque saben vostedes perfectamente que o IGE é un instituto de estatística que fai unha análise dunhas enquisas de hábitos familiares, pero non fala en absoluto dun tema que a vostedes non lles interesa. O que pasa é que, ao mellor, acertamos no punto do debate, acertamos en preguntarlles ás familias, porque a vostedes, que son tan democráticos e que lles encanta tamén que a sociedade galega participe, fale e que a escoitemos, non sei por que lles preocupa que lles preguntemos ás familias que lles parece a aplicación do decreto



do plurilingüismo —que vostedes chaman «decreto da vergoña»—, que lles parece ás familias a implantación deste decreto no sistema educativo. Non sei por que lles preocupa tanto a vostedes; ao mellor, é porque non di o que vostedes queren escoitar, (*Aplausos.*) e só lles interesa a parte que nada máis que valida ou xustifica os seus posicionamentos. Pero non, evidentemente, nós, con total liberdade, facemos unha enquisa e preguntamos ás familias cal é a súa opinión.

Falaba tamén a señora Longueira sobre o decreto, sobre esa ruptura do acordo no ámbito lingüístico. Iso non é verdade, e sábeo vostede perfectamente, señora Longueira. De feito, é tan, tan incerta esa realidade, que vostedes mesmos, formando parte do Goberno bipartito, tiveron grandísimas tensións co BNG no ámbito da lingua, ¡grandísimas tensións! E sabe vostede que unha das tensións máis importantes que tiveron —ademais doutras no ámbito enerxético ou no ámbito industrial— foi no ámbito do acordo do decreto que aprobaron vostedes no ano 2007; un decreto que levou un informe desfavorable do Consello Consultivo. Por iso, foi nese momento cando aprobaron un decreto que abría a posibilidade de facer un proceso de inmersión lingüística no ámbito do ensino, no que vostedes non estaban de acordo, pero que tiveron que apoiar necesariamente para non romper ese acordo de investidura que tiñan co Bloque Nacionalista Galego, para seguir mantendo o Bipartito.

E, ademais, vostede falaba tamén dese acordo da Unión Europea. Eu creo que en política hai que ter certa coherencia, e se falamos de que non somos capaces nin sequera de cumprir o compromiso que temos con Galicia do financiamento dos 15 millóns de euros do PERTE da lingua, eu creo que na última intervención que tiven neste Parlamento lles falei a vostedes dunha cuantificación do custo da implantación dos idiomas cooficiais de España no ámbito da Unión Europea, e falaba de que estaba nuns 40 millóns de euros o custo que lle exixía Bruxelas a España para implantar o galego, o catalán e o éuskaro; 40 millóns de euros por cada idioma. Isto non o di o Partido Popular, isto dío un diario tan pouco sospeitoso como é *El País*, que afirma que Bruxelas cifra en 132 millóns de euros o custo de implantar na Unión Europea o catalán, o galego e o éuskaro. Esta é a realidade do acordo que tiñan vostedes. (*O señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, López Campos, mostra un documento.*) Pero dígolles máis, aínda seguen esperando en Europa, con aquela presidencia rotatoria que tivo España no último semestre —creo recordar— do 2023, cando introduciu este debate, que non por cuestións de ideoloxía política socialista, senón por imposicións das minorías vascas e catalás, levaron vostedes ese suposto acordo á Unión Europea, e a Unión Europea díxolles que o custo que tiña que asumir integramente o Estado español era de 132 millóns. A partir de aí díganme vostedes como vai conseguir que os 27 países membros da Unión Europea vaian apoiar a implantación do galego, do catalán e do vasco na Unión Europea. Non é que o Partido Popular estea retrasando a implantación destes idiomas, senón que sabe vostede que en Europa nin teñen os fondos, nin teñen a proposta de acordo, nin teñen o apoio dos 27 países para implantar os tres idiomas cooficiais. Por suposto, no caso de que cumpran co que lle corresponda a Galicia, o Partido Popular en ningún caso se vai opoñer á regulación e ao recoñecemento do galego como lingua cooficial na Unión Europea. Pero, primeiro, o que teñen que facer é asumir as responsabilidades, as competencias e as obrigas que teñen con Galicia.

E digo máis, creo que os señores do BNG coñecen este diario *Ara*, (*O señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, López Campos, mostra unha portada do devandito diario.*) que creo que fala



de: «*El catalán en la Unión Europea atascado a la espera de un informe de España que nunca llega*». Esta é a realidade da situación da implantación dos idiomas cooficiais en Europa.

Esta é a situación, desde logo, que temos nun debate que ademais interesa sempre, e máis agora. Igual que vostede dubidaba da coincidencia deste acto que temos programado esta tarde na Cidade da Cultura, eu dubido tamén da casualidade de que o Bloque Nacionalista Galego presente esta interpelación a días, a poucos días, dunha necesaria mobilización social. Vostedes van arreglar o galego detrás dunha pancarta, seguro que si; non lle caiba ningunha dúbida de que van arreglar o galego. (*Aplausos.*) Non van arreglar o galego apoiando o Goberno a implantar as medidas de estímulo do uso do galego na nosa sociedade, non o van arreglar; non van arreglar o galego estando presentes, con lealdade, na tramitación dun pacto, non o van arreglar, vano arreglar vostedes detrás dunha pancarta o próximo día 23 de febreiro —¡seguro que si!—; e vano arreglar, ademais, con palabras grosas e con palabras que asusten a sociedade, como cando falan de «situación crítica», de situación de «emergencia lingüística», de «decreto da vergoña»; cando falan vostedes con palabras iguais ás cales utilizan noutros proxectos como Altri ou tal; cando vostedes pensan realmente que está no seu ADN, que só poden ser, desde logo, duros e críticos co Goberno, e utilizan sempre este tipo de expresións.

Nós xa estamos acostumados e, ademais, recórdolle ao Bloque Nacionalista Galego que claro —¡claro!— que falamos dun pacto pola lingua; ¡claro! que lle propuxemos un pacto pola lingua. Os primeiros —e non torzan a realidade, porque aquí, evidentemente, poden falar de cuestións que non vivimos os que estamos nesta Cámara— ...pero os que levamos xa uns meses negociando con vostedes saben que lles gusta moito retorcer a realidade. Aquí non houbo ningún tipo de liña vermella do Goberno do Partido Popular; foron vostedes os primeiros que saíron da primeira reunión dicir aos medios ou que se anulaba, ou que se derogaba o decreto da vergoña, ou que vostedes non tiñan nada que negociar. ¡Se iso non é unha liña vermella, señora Queixas; (*Aplausos.*) se iso non é unha liña vermella do partido que está na oposición...! Nós estamos ofrecendo un pacto con lealdade, un pacto leal, ao resto das forzas políticas, e son vostedes, na oposición, (*Aplausos.*) os primeiros que se plantan e establecen esas liñas vermellas.

E dígolle que ¡claro! que falamos dun pacto...; claro que falamos dun pacto pola lingua. E, ¿sabe que? Ao mellor non o coñece porque vostedes están fóra de todo este proceso. Vostedes apostan...; ¡si!, vostedes apostan todo *al 23F* (*A señora Queixas Zas move o dedo da man e tamén a cabeza en sentido negativo.*) —¡todo!—. *Lo apuestan todo al 23 F.* Pero... —dígolle e recórdolle que hoxe á tarde, e están en tempo aínda de achegarse... agradezo moito á señora Longueira, ao señor Ojea e tamén a Carmen Pomar, que irán en representación das forzas políticas. Faltarán, como sempre, o BNG, que irá a remolque do proceso— recórdolle unha cousa: para que dubide vostede —e hai que ter pouca capacidade de autocritica— da lexitimidade deste Goberno, cando establece un equipo e un grupo de traballo de máis de cen profesionais de acreditado prestixio —supoño que non dubidará deles e da súa capacidade—... ¡Si, si!, acaba de dubidar vostede aquí do proceso e da estratexia, e acaba de responsabilizar o señor Rueda... (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Si, si, si!, acaba de responsabilizar o señor Rueda, ao final da súa intervención, da responsabilidade deste pacto. ¡Si, señora Longueira...; ou si señora Queixas!



E dígolle máis, si, dígolle máis, señora Queixas. Hoxe vai haber máis de cen profesionais —cen profesionais—: homes e mulleres —igual que os que fan os informes de Altri; igual que os que fan os informes de Altri... —...; (*Murmurios.*) homes e mulleres de reputado prestixio que van estar defendendo, desde logo, o seu proxecto, (*Aplausos.*) as súas ideas e un plan e un documento que nos permita sentirnos orgullosos do noso idioma. (*Aplausos.*)

E finalizo a miña primeira intervención. Nós temos un modelo para o galego e, evidentemente, non coincide; pode ser certamente coincidente co do Partido Socialista e co de Democracia Ourensana, pero non coincide, en principio, co modelo que representa o Bloque Nacionalista Galego. Nós defendemos un modelo que se fundamenta no equilibrio lingüístico; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) un modelo con equilibrio lingüístico nas aulas; un modelo que acredite e que garanta as competencias dos alumnos nas distintas etapas educativas.

Non sei se vostedes teñen a información para asegurar, coa rotundidade con que o fan, que os alumnos dos distintos ciclos educativos non teñen as competencias necesarias. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

¡Silencio, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...Non sei se teñen a información, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero, ademais de dubidar da capacidade dos profesionais que van redactar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o Plan de normalización, están dubidando do profesorado galego, (*Aplausos.*) que está levando a xestión do galego nos centros educativos. (*Aplausos.*) Están vostedes dubidando e, coa súa estratexia, están poñendo en dúbida absolutamente todo: os profesionais e os técnicos que informan os proxectos industriais; as persoas que, con acreditada solvencia, forman parte dun plan xeral; as persoas, os mestres e os profesores, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que están valorando e validando as notas dos alumnos nos centros educativos. Están vostedes cuestionando absolutamente todo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E xa remato. O noso modelo baséase no equilibrio lingüístico nas aulas..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten un segundo turno.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...na acreditación de garantías e de competencias e, en canto aos diversos ámbitos de uso social, no reforzo positivo á nosa lingua, que permita prestixiar e mellorar o uso do idioma galego na nosa sociedade.

Ese é o noso modelo; non sei cal será o bo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra, novamente, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

É a cuarta vez que vou falar aquí sobre o PERTE da lingua. Pregunteille ao meu compañeiro Julio Abalde por se eu non estaba certa.

O proxecto que tiñan vostedes era de 15 millóns; era o seu, do PERTE da lingua. O PERTE da lingua foi de 2 millóns para cada unha das linguas cooficiais e unha plataforma máis. Temos o mesmo que os cataláns e que os vascos, aínda que un pouquiño menos, como me informaba o meu compañeiro en Valencia. E iso xa o dixemos catro veces aquí.

Claro, eu non sei se os nosos modelos van coincidir. Nós estamos aliñados coa Real Academia Galega, co Consello da Cultura e con todas aquelas asociacións e institucións que están tratando de facer que nós sexamos un pobo cunha cultura diferencial, que é o que temos. Todo o demais é política.

E claro que hai que chegar a acordos, se non, ¿para que nos elixiron? Pois haberá que sentar e falar, como houbo que chegar a acordos cando neste Parlamento gobernabamos dúas forzas políticas de signo diferente. Claro que si, e supoño que un enriqueceu o outro, e pelexariámonos ou teríamos as nosas diferenzas —ou o que fose—, pero fixemos política; non fixemos rodillo. Non pasamos por encima da xente, e non exhibiamos, cada dous por tres, ter ganado e estar gobernando. ¡Non!, gobernabamos, con maior ou menor éxito, pero gobernabamos. ¡Que é o que ten que facer vostede, porque vostede está aquí porque gañou! Entón vostede é o que ten que gobernar. Nós imos ter que escoitar o que ten que dicir, e esperemos que sexa algo do que poidamos arrancar e chegar a un acordo. Pero a responsabilidade é súa; non é dos que imos a unha manifestación ou dos que promoven unha manifestación e levan as pancartas; non é das asociacións que van convocar todo o que convocou o 23F.

¡Non!, a responsabilidade é do Goberno, que cometeu un erro hai quince anos, e agora chama os demais para que axudemos; (*Murmurios.*) ou chama os demais para que pactemos a cuestión e fagamos un pouco que estamos no tema. Nós, dixémosllelo aquel día: os estamos aquí é para facer que este patrimonio non volte caer na ignominia, porque si que está na ignominia, señor Campos; si que está. Vostede dirá que non, pero os datos son os que son.

Todos temos fillos e amigos no ensino, ou ben nenos que están recibindo educación. Todos sabemos como está iso e a que niveis chegamos. Todos sabemos como funciona ese órgano que foi creado para dar unha máxima difusión á nosa cultura, que é a CRTVG, que é unha cousa espantosa; (*Murmurios.*) espantosa como canle de difusión, que ningunea os profesionais, que por certo —nin fondillo nin fondilla—, son profesionais que non atopan na CRTVG o sistema de traballo e que o atopan fóra. Grandes profesionais do audiovisual galego que traballan fóra porque aquí non hai traballo, porque aquí non se opta pola produción propia. E iso é a realidade; esa é a realidade: cartos que teñen aí e que non se empregan. Porque aquí —e dicíao pola mañá— é como se quixésemos educar os nenos en función do diñeiro. ¡Non!,



haberá que educalos en función dunha estratexia ou de poñerlle cabeza ao asunto. O diñeiro vén despois, pero aquí ano tras ano cambiamos de rumbo nas cousas que nos teñen que levar a un bo porto.

Entón, eu vouno ler para que vexa que xa foi unha cuestión aprobada, por certo, no ano 2001 —que aquí eu creo que estaba o señor Fraga, que en paz estea; e en España estaba o señor Aznar, que aínda está aí—, e foi a Carta europea —que mencionaron aquí— das linguas rexionais ou minoritarias. Voulle ler os catro puntos. ¡Aprobárona!; quero dicir, estamos na ilegalidade ou están caendo na ilegalidade.

O primeiro punto é o recoñecemento e a promoción: establece que as linguas minoritarias son unha expresión da riqueza cultural de Europa, e deben ser protexidas. Aprobárono vostedes.

O segundo punto é o uso na vida pública e oficial: defende o uso destas linguas na Administración, nos tribunais, nos medios de comunicación, na cultura, na educación e na economía.

O terceiro punto é o dereito a aprender e a usar a lingua: promove a educación en e sobre as linguas minoritarias, garantindo a súa transmisión xeracional.

O cuarto punto é compromiso dos Estados: obriga os Estados asinantes a tomar medidas concretas para garantir a protección e o desenvolvemento destas linguas.

Só con isto —só con isto—, hoxe iríamos a esa reunión máis contentos, a verdade. Só con que cumprísemos estes catro puntos; todo o demais sería aplaudirilles, a verdade —todo o demais sería aplaudirilles—.

E volto repetir, por se non quedou claro: a nosa postura está cos entes que defenden a cultura e a lingua en Galicia porque son os garantes de todo isto. Non é vostede nin son eu, nin é o seu partido, nin é o meu: é a xente da cultura, formada, que ama o que fai e que vai estar sempre aí. Vostede pasará e eu pasarei, pero como lle dixemos naquela reunión, o Partido Socialista quere estar seguro de que este é un patrimonio que vai ser inamovible e que non vai pasar como hai quince anos, que foi moeda de cambio. Porque —insisto— a ninguén lle ocorre agora derribar San Martiño Pinario, ¿verdade? Estamos todos de acordo con que é un ben patrimonial, cultural, BIC e todo o que queira. Pois isto debería ser a lingua, pero desgraciadamente —non é só aquí, evidentemente— non o é.

E eu volto repetirille: toda a nosa boa disposición; pero, de verdade, a esta reunión iríamos moito máis contentos se tan sequera se cumprisen estas catro medidas que están na Carta europea, e da cal o seu partido e o meu son partícipes. E aprobouno con todas as garantías.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—remato agora—. E nada máis pola nosa parte.

Nós imos querer que nos expliquen polo miúdo como van ser as comisións. Por certo, ninguén pon en dúbida os profesionais que están alí; ninguén os pon en dúbida. Eu creo que



van, ¡bueno!, moitos irán porque a cuestión, evidentemente, sobrepásalles, no sentido de que é algo polo cal apostaron toda a súa vida, e outros irán con moita motivación para ver que é o que poden aportar.

Eu soamente espero que non se defrauden polo camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

¡Como de crítica ten que ser a situación do galego para que o Partido Popular siga facendo o posíbel e o imposible para negalo en solitario; cal *llanero* solitario (*Aplausos.*) porque non teñen ninguén en quen se apoiar que avalase a súa política lingüística! (*Aplausos.*) ¡Como de cómodo ten que estar o Partido Popular con esta situación de emerxencia lingüística para que sexa incapaz de poñer en marcha nin unha soa acción de choque que empece a reverter a situación crítica do galego!

Hoxe empregou quince minutos, señor conselleiro, para falar de todo, menos de que medidas fan falta para impulsar o galego e saír da situación de mínimos históricos en que teñen o idioma. ¡Iso si!, aproveitou e non desperdiciou nin un minuto para atacar a sociedade galega que, ¡outra vez!, (*Aplausos.*) se vai manifestar o Día de Rosalía, o día da nosa poeta nacional, o 23 de febreiro. (*Aplausos.*) ¡Porque claro que se vai mobilizar e vai saír á rúa! ¿Que quere dicir?; ¿que cando o PP acompaña pancartas en contra do galego (*A señora Queixas Zas mostra unha fotografía.*) é unha boa manifestación e cando o fai en defensa do galego é unha mala manifestación?; ¿é o que está querendo dicir vostede, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

¡Como de antigaleguista é o Partido Popular a que vostede pertence, cando até o seu coordinador de Lingua e de Cultura acaba de dimitir, dicindo publicamente que este Goberno non está disposto a mudar nada da política lingüística; (*O señor López Campos ri.*) non está disposto a facer nada polo galego! (*Aplausos.*) —¡o seu coordinador de Lingua e de Cultura!—. (*Aplausos.*) ¡Vostedes non teñen límites!; non teñen límites en contra do galego, e, por iso, nin se quera queren recoñecer a diagnose sociolingüística actual. (*Aplausos.*)

Asómbreme —tamén hoxe llo digo—, señor conselleiro de Lingua, a súa capacidade para negar a emerxencia lingüística en que temos o noso idioma, só cun único obxectivo: manipular; seguir manipulando a sociedade galega. Nós seguimos no mesmo lugar. Cando nos volva chamar, nós volveremos acudir para traballar a favor do galego, e non para facer o que vostede queira nin o que vostede nos mande facer. (*Aplausos.*) Seguimos á espera da resposta a este documento con propostas que lle entregamos; (*Aplausos.*) non houbo resposta, como non a houbo á carta que lle mandei eu persoalmente. (*Aplausos.*)



¿Cales son as propostas de actuación do Partido Popular a esta situación de emerxencia lingüística que todo o mundo recoñece? Primeiro, negarse a implementar as medidas do Plan xeral, que están totalmente vixentes, e dedicar quince meses mínimo para avaliar o Plan e para actualizalo. Volvo dicir o que dixen antes porque parece que non me escoitou: claro que hai que actualizar o Plan; nós mesmos no BNG, nesta Cámara, o solicitamos, e os deputados e as deputadas do Partido Popular votaron en contra hai moi poucos meses. Pero, ao mesmo tempo, hai que implementar moitas medidas —hai máis de catrocentas— nese Plan xeral —insisto—, que é un pacto social, un acordo unánime do Parlamento, e vostedes se están negando.

En segundo lugar, a súa proposta é vetar calquera modificación do decreto da vergoña. ¡Si!, chamámolo así porque é un decreto que prohibe o galego na escola, (*Aplausos.*) como no franquismo; ese é o seu modelo. (*Aplausos.*)

E, en terceiro lugar, a súa proposta é encargar unha enquisa de percepción social do galego —e xa o dixeron tamén— para condicionar o traballo das persoas, que honradísimamente —estou segura— van participar nas comisións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Menudo papelón, para as persoas que participan nas comisións, ter que cinguirse ao que di esta enquisa!

Eu fágolle unha proposta, señor conselleiro: teña vostede a valentía de facer outra enquisa. Fágalles outra enquisa aos galegos e ás galegas en que lles pregunte que lles parece que o Goberno galego destine diñeiro público para encargar unha enquisa prefabricada a unha empresa privada co único obxectivo de que diga o que está dicindo sistematicamente o Partido Popular; co único obxectivo de que negue os datos oficiais dunha institución da Xunta de Galicia, como é o Instituto Galego de Estatística; e co único obxectivo de que negue toda a evidencia científica e académica de institucións como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega ou o Consello de Europa. Pregúntelles aos galegos a ver o que din. (*Aplausos.*)

Vostedes son un Goberno insumiso á súa propia lexislación, (*Aplausos.*) antisistema, desleal coas institucións e hipócrita coa sociedade. (*Aplausos.*) Hipócrita —¡si!—, porque vostedes descualificaron precisamente a enquisa do IGE a máis de nove mil galegos e galegas, dicindo que non se debía preguntar ás familias polas linguas que falan os seus fillos, e vostedes fan exactamente o mesmo —insisto—, pagando a unha empresa privada para que diga e amplifique a súa mensaxe. ¿Que pasa, señor conselleiro? Que tamén hai enquisas malas e enquisas boas; tamén hai persoas boas que responden ben e persoas malas que responden mal. Iso é o que vostede lles ten que responder aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*) E, por certo, se esa enquisa, da cal nós non podemos falar —porque xa lle pedín moitos datos, con base no artigo 9, e aínda non mos enviou—..., (*Aplausos.*) se esa enquisa —pola cal vostedes informan aos medios de comunicación— sobre a que hoxe dixó aquí que estaba todo tan ben, entón non fai falta ningún pacto pola lingua, ¿verdade? Está todo estupendo. Morreu o conto. Deixámolo así.

Señor conselleiro, vostede non pode actuar por percepcións. Ten que actuar ante a realidade dos feitos e con evidencias; e de momento a única evidencia, que é constatábel, é que nestes nove meses como conselleiro vostede non foi libre para actuar a favor da lingua e para mudar



o rumbo da política lingüística do PP. Rueda — queda claro — escolleuno a vostede para acelerar o proceso de substitución lingüística que iniciou Feijóo en 2009 e que segue a impoñerlle desde o seu despacho de Madrid.

Pódese rir, a min infelizmente non me fai graza ningunha. *(Aplausos.)*

Vostede é cómplice dun presidente da Xunta...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...que non quere recuperar o consenso. *(Aplausos.)* Nunca apareceu nin deus a cara por un pacto pola lingua, neste proceso que iniciou vostede absolutamente en solitario. *(Aplausos.)* É cómplice dun presidente da Xunta que lle chama «imposición» a calquera proposta de recuperación, de restitución e de reparación do galego; un presidente da Xunta que chegou ao Goberno detrás da pancarta en contra do galego e que agora segue actuando en contra do galego desde o DOG, desde a Lei dos orzamentos e desde a Lei de acompañamento.

E mentres tanto, señor conselleiro de Lingua, vostede achanta, cala e asina da súa man o novo capítulo do seu pacto contra o galego. Non teña nin a menor dúbida de que o 23 de febreiro...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...o Día de Rosalía, a sociedade galega volverá berrar alto e claro: «En Galiza, si. Sempre».

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche desta interpelación.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que escoitei atentamente as intervencións das dúas interpelantes.

Quero agradecerlle —e eu estou convencido— e, á parte, quero tranquilizala, señora deputada do Partido Socialista. Creo que hoxe non me vai tocar a min nin a ningún político exercer o papel de condutor deste encontro da primeira reunión das máis de cen persoas que forman parte dos equipos de traballo. Hoxe será o coordinador, Manolo González, e serán os once coordinadores de cada unha das áreas os que reúnan eses máis de cen profesionais que van participar neste proceso, que esperemos que se inicie hoxe e remate antes da finalización deste ano, como, ademais, nos comprometemos nas reunións do Pacto pola lingua.



Se algo podemos dicir é que este Goberno, dende que... *(Comezan a cantar nas bancadas da tribuna das persoas convidadas.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Un momento, por favor, señor conselleiro.

Prégolle... *(Continúan a cantar nas bancadas da tribuna das persoas convidadas.)*

Imos suspender o Pleno.

(Continúan a cantar nas bancadas da tribuna das persoas convidadas.)

Rógolles, por favor..., *(Pausa.)* que teñen unhas normas que respectar.

(Continúan a cantar nas bancadas da tribuna das persoas convidadas.) (Pausa.)

Isto ten unhas consecuencias na visita ao Parlamento. *(Continúan a cantar nas bancadas da tribuna das persoas convidadas.)*

Prégolles, por favor, aos servizos da Cámara que conviden a abandonar a tribuna aos convidados, ou que estes estean en silencio.

Moitas grazas. *(Pausa.)*

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Prégolles aos señores deputados e aos grupos parlamentarios que, cando convidan a asistir ao Parlamento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Prégolles aos señores deputados que garden silencio! E non me gustaría, nun debate tan importante, ter que chamar á orde a ninguén.

Os grupos parlamentarios, cando traen convidados á Cámara, saben que teñen que informalos dos dereitos que teñen que respectar no uso da tribuna. *(Murmurios.)* E esa —sexa o grupo que sexa— é unha norma que hai que cumprir. *(Murmurios.)* Cando iso non se fai, todo o mundo sabe as consecuencias que ten.

Entón, suspendeuse o tempo.

Agora, que se mantén a orde nos escanos dos invitados, o señor conselleiro pode rematar a súa intervención.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

A min tamén me encanta, eu son un defensor da... Á parte, este ano, que dedicamos as Letras Galegas ás pandeireteiras e á cultura popular tradicional, creo que non é o Parlamento o sitio



adecuado para facelo, (*Aplausos.*) e, aínda menos, interrompido unha intervención. Creo que non é a maior mostra... (*Pausa.*) de respecto e de democracia. (*Aplausos.*)

Espero e desexo que sexan máis respectuosos e máis demócratas na manifestación que convocaron o 23F as persoas que hoxe estiveron aquí. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Cando vostedes falan do lexítimo dereito a manifestarse da plataforma con pancartas de Queremos Galego, espero que exerza ese dereito de democracia e de liberdade dunha maneira axeitada, e correspondéndose co dereito e respectando o dereito que tamén temos os demais a vivir en liberdade. (*Aplausos.*) Espero que o fagan tamén e que así llo fagan saber. (*Aplausos.*)

Dicía, señora Longueira, que non teña ningunha dúbida. Non vai ser unha reunión de perfil político. Este é —como dicía antes— un grupo de traballo formado por máis de cen profesionais, no cal estou convencido que farán un extraordinario traballo, e que van dedicar moitas horas do seu tempo para intentar construír e actualizar un documento, que, ademais —creo que todos niso coincidimos—, é un documento necesario de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega.

Falaba a señora Queixas hoxe... A verdade é que a min me gusta especialmente velos nestas posicións —cando se manteñen vostedes nestas posicións— tan extremistas; encántame velos cando realmente demostran e acreditan o que vostedes son. Cando, dende logo, ademais —presionados por esa asemblea que tiveron hai escasos meses—, lles din que hai que apertar o acelerador contra as políticas do Partido Popular. E, sobre todo, ese apertar o acelerador significa aumentar o nivel, tanto neste tipo de manifestacións, que acabamos de ver hoxe, como tamén na forma de utilizar as palabras que tanto lles gustan a vostedes: as palabras de «emerxencia», de «vergoña» etcétera, etcétera.

Falaba vostede de mudar o rumbo das políticas porque o demanda a maioría social galega. Señora Queixas, eu creo que mañá, (*O señor López Campos olla para o seu reloxo de pulso.*) se non me equivoco, dende hoxe falta un ano e seis días para escoitar... (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.*) —¡home!, non lle vou entrar ao trapo máis do que xa levan provocado; entón... —...para escoitar o que... (*Aplausos.*)

Nós non somos coma vostedes, non se equivoquen; nós sabemos o lugar que ocupamos, (*Aplausos.*) sabemos a responsabilidade que temos, e non imos —ou eu persoalmente xa levo moitos anos nisto da política— entrar ao trapo en determinadas cuestións ou en determinadas provocacións. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Prégolles aos señores e señoras deputados que garden silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Non se preocupen..., (*Murmurios.*) porque realmente nós si que cremos que este é un debate serio, (*Murmurios.*) responsable e sosegado.

Creo que xa o ten anunciado a señora deputada do Partido Socialista que, ás veces, dá certa pena e certa tristeza, ver o nivel de debates, ou de determinados debates, no Parlamento.



Creo que se afanan vostedes (*Murmurios.*) demasiado en levar os debates por esa vía; e a nós, dende logo, o que nos toca é responsabilizarnos da nosa xestión. E —xa digo—, neste caso, xa vai facer un ano —menos seis días— en que a sociedade galega —sobre a cal tanto di a señora Queixas que nos reclama un cambio radical de rumbo na nosa xestión— non só é que validase a nosa xestión, (*Murmurios.*) senón que tamén validou maioritariamente as políticas lingüísticas do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E recórdolle, ademais, señora Queixas, (*Aplausos.*) que, mire, isto de ter fondo de armario... E recórdollo, porque, cando empezou a darse conta a sociedade galega desa pátina que estaba intentando dar o Bloque Nacionalista Galego ao seu discurso, foi nun debate televisivo no cal lle descubriu a súa realidade. E cando falamos dun dos puntos do seu programa electoral —eu díxenlle cal era o noso proxecto político para o galego; díxenllo. E vostedes levan quince anos criticando o suposto decreto do plurilingüismo— non foron capaces de poñer enriba da mesa nin unha soa proposta alternativa; e pedínlle por activa e por pasiva. Ao igual que vostede me di que nós non respondemos á súa proposta, o primeiro que lle puxo unha proposta encima da mesa foi este conselleiro na primeira reunión do pacto, e vostedes nin sequera se dignaron a respondela.

Esa proposta, señora Queixas, chegou con posterioridade a que o Goberno galego lle fixese unha proposta en firme que vostedes nin sequera responderon. ¿Sabe onde a responderon? Diante dun micrófono, fóra da reunión... ¡si, señor—, poñendo a condición de que vostedes non se sentaban a falar mentres que non derogásemos (*Aplausos.*) o Decreto do plurilingüismo. Aí foi onde empezaron. (*Aplausos.*)

Dígolle máis, señora Queixas. Mire, se vostede cre que o Goberno galego non conta co apoio maioritario da sociedade galega e vostedes teñen tanto medo a defender a súa posición en relación co galego, voulle dicir eu —e creo que vostedes o saben— cal é a súa posición en relación con este tema. (*Murmurios.*) E aquí, evidentemente, non van encontrar o Partido Popular, entre outras cousas, porque a maioría da sociedade galega non o quere e tamén porque a incómoda enquisa dunha empresa con toda a solvencia —dunha empresa totalmente solvente— e solvente no mundo e, dende logo, da demoscopia —que a vostedes lles encanta tanto demonizar todas as empresas de Galicia—; unha empresa con toda a solvencia e, dende logo, que nós non poñemos en dúbida.

Dicía que un dos seus puntos era derrogar o Decreto 79/2010 —aí son coherentes—, para o plurilingüismo no ensino non universitario; aprobar unha nova lei de normalización lingüística para, entre outras cuestións, recoñecer o galego como lingua vehicular no ensino; elaborar un modelo de inmersión lingüística (*A señora Queixas Zas move a cabeza afirmativamente.*) (*Murmurios.*) —cuestión que vostedes intentan disimular—, (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) co obxecto... —¡non, non, non rematou, non rematou aínda; o mellor aínda vén agora, señora Queixas!—... de conseguir a plena normalización lingüística nun ensino totalmente en galego. Esa é a súa proposta para o ensino en Galicia. (*Aplausos.*) —¡esa é a súa proposta!— E —xa lle digo—, esa non é a súa proposta. ¿Sabe por que, señora Queixas?; ¿sabe por que? —e vou rematar— Porque a liña vermella non a pon o BNG, a liña vermella non a pon o Partido Popular e a liña vermella non a pon o



Partido Socialista. ¿Sabe quen pon a liña vermella? A sociedade galega que —cada vez que vota— lle dixo non ao BNG. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Se queren un pacto e queren vir ao pacto, señora Queixas, fágolle unha proposta —fágolle unha proposta— *(Aplausos.)* e lánzolle un guante. *(Murmurios.)* Xúntense vostedes co resto das formacións políticas para a renovación do Plan xeral de normalización e eu comprométeme a sentar co BNG para negociar, para escoitar, para intentar ver as distintas alternativas que temos dentro da estratexia de cada formación política, e decidir no que podemos mellorar o Decreto do galego.

O presidente díxollo esta última fin de semana —díxollo claramente—. Nós queremos un bilingüismo recoñecido, pero estamos dispostos a falar de cuestións sobre as cales se poida mellorar ese decreto. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Dígollo eu, señora Queixas; dígollo eu.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Estamos en condicións de negocialo, *(Murmurios.)* téndolle a man. Incorpórense vostedes, que son os que están na oposición, *(Murmurios.)* a este pacto con máis de cen profesionais acreditados no ámbito lingüístico, e nós sentaremos con vostedes para escoitar a súa proposta en materia de decreto da lingua no ensino e para intentar negociar unha postura en que todos nos sintamos cómodos, pero na cal escoitemos tamén as ideas e a realidade da sociedade galega que —creo— falou alto e claro vai facer un ano.

Moitísimas grazas. *(Aplausos prologandos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión, que será reanudada ás dezaseis e trinta.

Bo proveito a todas e a todos.

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Boa tarde a todas e todos.

Reanudamos a sesión coa seguinte interpelación.

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación, e por tempo de dez minutos, ten a palabra a señora Pérez.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señorías.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señor conselleiro, boa tarde, por dicir algo.

Señorías, a situación do sector do mar galego é dramática. Amósano os datos deste último ano, que son unha auténtica debacle, mais, como son moi recentes, probablemente todos e todas os coñezan ou cando menos lles soarán. E eu voume referir precisamente aos datos non do último ano, senón dos últimos anos, porque, como teño repetido aquí moitas veces, esta situación non é unha cuestión puntual dun ano.

Galiza, señorías, perdeu de vender nas súas lonxas nos últimos quince anos, o tempo que leva gobernando o Partido Popular, 83.440 toneladas de peixe e marisco, ou, o que é o mesmo e se di moi pronto, un 91 por cento menos que hai quince anos; deixou de facturar 40,8 millóns nestes quince anos, un 10,3 por cento menos; perdeu, señorías, 6.209 traballadores e traballadoras do mar, nada máis e nada menos que un 25 por cento menos; e perdeu, ou perdéronas, case 1.000 mariscadoras a pé, un 22,8 por cento, nos últimos anos.

Señorías, estes son os datos e outra cousa moi distinta, moi distinta, é o relato. A Xunta de Galiza pasou por tres fases nestes anos, como as do sono, para contarnos o seu relato. Unha primeira fase de adormecemento, cunha evidente desconexión da contorna, onde negou a realidade durante anos e repetiu que mentiamos, que eramos uns catastrofistas e que só queriamos enganar a xente e afundir a imaxe do sector; unha segunda fase de sono lixeiro, con episodios de terrores nocturnos, onde deixou de negar a realidade, pero seguiu acusando o BNG e todo o resto do mundo, que nos acusaba que desta vez o que non sabiamos era interpretar os datos, que os liamos mal e que o único que tratábamos era de confundir a xente; e unha terceira fase, de sono REM, que é no que aínda continúa, porque o sono REM é unha fase da que é difícil espertar e é precisamente —din os expertos— cando se producen os pesadelos, unha fase REM na que nos di que si, que os datos son malos pero que non os sabemos valorar, que hai que valoralos partindo das competencias de cadaquén.

É que neste caso, se os poñemos en función das competencias exclusivas da Xunta, pois a valoración da situación actual é positiva, señorías, é positiva. Este é o último pesadelo do sono REM que nos transmitiu a nova directora xeral de Pesca a semana pasada na Comisión 8ª. Como ven, non un auténtico pesadelo, senón un auténtico delirio, porque, miren por onde se miren, interprétense como se interpreten, os datos, señor conselleiro, son verdadeiramente alarmantes.

Un delirio, porque os bivalvos, que son competencia exclusiva da Xunta de Galiza, a ameixa e o berberecho por exemplo, caeron, nun só ano, un 27 por cento e nada menos que un 36 por cento en facturación. O polbo, que é competencia exclusiva da Xunta de Galiza, reduciuse un 40 por cento e un 30 por cento de facturación nun só ano. O ourizo, que é competencia exclusiva da Xunta de Galiza, caeu un 10 por cento, no último ano. O mexillón, que é com-



petencia exclusiva da Xunta de Galiza, caeu un 19 por cento do 2022 ao 2023, que son os últimos datos que se saben. O percebe, a centola, a nécora, o camarón, competencia exclusiva da Xunta de Galiza, todos, absolutamente todos, reduciron as súas capturas.

Neste último Nadal circulou moito máis marisco —marisco, competencia exclusiva da Xunta de Galiza— de fóra ca nunca. E, mentres, os mariscadores e as mariscadoras galegas estaban na casa ou, no mellor dos casos, collendo cupos moi reducidos, mentres o marisco de fóra, o marisco importado, campou ás súas anchas. Estou por asegurar que foi o que comemos todos e todas os que comemos marisco a noite de Nadal, marisco de fóra.

Pero todos os datos que coñecemos a primeiros de ano, como dixen, non son novos. Levan quince anos, como acabo de demostrar, cos datos da propia Xunta de Galiza, caendo en picado. Levamos outros tantos anos traéndoo aquí, o sector leva outros tantos anos advertindo do que pasa e a Xunta leva outros tantos anos ocultándoo, meténdoo debaixo da alfombra e actuando como se non pasase nada. Xa o dixen, señorías: continúan en fase REM.

A súa política pesqueira, señor conselleiro, pesqueira e marisqueira, non ten rumbo, ou, mellor dito, si o ten, porque, aínda que o afundimento da produción afecta toda a cadea, dende os propios produtores pasando polos cocedeiros, as depuradoras, os estaleiros, ata as conserveiras e o resto de industrias transformadoras e comercializadoras, a Xunta de Galiza abandona o sector extractivo e favorece extraordinariamente, regando con cada vez máis millóns de euros, a parte industrial da cadea.

E os investimentos, iso si, en —leo textual o concepto que vén nos orzamentos— investimentos en feiras e eventos nos que se participa, vinte e cinco feiras no ano 2024, e case 15 millóns de euros dos petos de todos e todas as galegas destinados a feiras do sector do mar, da promoción da consellería habería que dicir, no ano 2025. E todos estes millóns, que poderíamos incluso pasar, mentres racanean ou directamente negan as axudas ao marisqueo.

A escusa ¿cal é, señorías? A escusa son os fondos europeos, as normas estritas dos fondos europeos, uns fondos que curiosamente favorecen sempre os mesmos, que nunca chegan aos de abaixo e que se destinan case en solitario a desmantelar o noso modelo produtivo, que é sostible, que nos dá valor, que reparte riqueza nas localidades e nas comarcas costeiras e que se diferencia dese modelo de grandes empresas de acuicultura industrial masiva, que cada vez vostedes, señor conselleiro, fomentan máis.

Uns fondos europeos que, no que ao sector extractivo se refire, curiosamente sempre sobran, sempre van de volta. Dos 371 millóns de euros que lle corresponderon a Galiza dos FEMP 2014-2021, a Consellería do Mar deixou de gastar 109, case un terzo do total, señor conselleiro, mentres o noso marisqueo agoniza.

Fíxense se o Partido Popular ten claro a quen serve, se ten claro a quen se debe, a quen obedece e que tipo de actividades quere para este país, que, por unha banda, a Consellería de Industria reclama 250 millóns de euros para a macrocelulosa velenosa de Altri e, por outra, a Consellería do Mar, que fai o traballo sucio, manda de volta cento e pico de millóns (*Aplausos.*) dun sector que lles molesta e que queren exterminar.



En definitiva, é a política que xa coñecemos, a política bipolar do Partido Popular, que tamén se demostra aquí cando fan públicos uns datos absolutamente demoledores o 1 de xaneiro —uns datos, por certo, diante dos que calquera gobernante debería estar obrigado a dimitir por lei— e en febreiro, en boca da nova directora xeral de Pesca, din que a situación que deriva deses datos podemos cualificala de positiva. En fin, é así todo na Consellería do Mar.

Señor conselleiro, diante deste panorama, pídlle encarecidamente que non nos volva pedir —valla a redundancia— que rememos todos no mesmo barco, pídllo encarecidamente, porque nós sabemos en que barco temos que remar, nós sabemos de que lado estamos, e queda claro, polo que acabo de dicir, tamén en que barco están vostedes. Polo tanto, nós non queremos ir no mesmo ca vostedes, nós queremos ir no do sector produtivo, no do sector marisqueiro e pesqueiro galego.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato.

Señor conselleiro, o que queremos que nos diga hoxe, se pode, é que vai facer vostede diante desta situación, cales van ser as medidas que van tomar, cando menos para amortiguar, xa non dicimos para solucionar, o impacto social e económico que xa está a ter a perda de capturas pesqueiras. E, sobre todo, señor conselleiro, gustaríanos moito saber se xa a estas alturas, quince anos despois, chegaron vostedes á conclusión de que é imprescindible, polo ben do país, dar un xiro de 180 graos na súa política pesqueira ou se van seguir traballando para os de sempre.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno agora do conselleiro do Mar, o señor Alfonso Villares.

O señor CONSELLEIRO DO MAR: (Villares Bermúdez): Moi boas tardes.

Señora presidenta.

Señorías.

Señora Pérez, eu creo que non me equivoco dicindo que toda a Cámara sabe da importancia estratéxica que ten o sector da actividade pesqueira para as xentes de Galicia, para nós sen dúbida ningunha.

Non me gustou que diga —e empezo polo final— que vostede plantexa que non remamos no mesmo barco; a verdade é que non é un bo principio de sociedade, esa onde xa deixamos claro que no mesmo barco non andamos. Vostede, coma min, creo que, ademais, vén da política municipal, por aí entraríamos, imaxino cada un nos nosos concellos, e eu, cando entrei na administración pública, e imaxino que vostede tamén, fixémoslo para axudar a xente e para



axudar os nosos veciños. É o mesmo servizo que intentamos e que estamos facendo agora e eu non dubido de que vostedes, neste caso desde a oposición, teñan os mesmos propósitos, pero, dende logo, dicir que no mesmo barco non imos remar ou que non queren estar no mesmo lado creo que dende logo non é un bo principio para ningunha sociedade. *(Aplausos.)* Eu espero que sexa unicamente unha frase pero que non sexa realmente a realidade.

Nós, digo, o sector da actividade marítimo-pesqueira, pois é fundamental para nós. A verdade é que o mar ten que ser un referente, e así o é. Temos unha costa que é altamente produtiva, e ademais é, sen dúbida ningunha, tantísimas poboacións do noso litoral que viven do sector do mar, e ademais, para que haxa vida nos nosos pobos, é fundamental e é imprescindible que siga habendo vida económica, e aí a actividade marítimo-pesqueira pois é imprescindible.

Está claro que hai momentos difíciles, hai momentos complicados. Eu tampouco utilizaría os termos que vostede utilizou ao longo da intervención: dramático, de debacle; ben, son termos tamén que nun debate parlamentario se poden entender. Eu creo que hai situacións sempre con máis dificultade unhas que outras, e evidentemente pois hai que afrontalas, e imos afrontalas conxuntamente.

Para nós, a nosa forma de traballar é coa cogobernanza, falando co sector, falando coa xente; entendemos que esa é a mellor forma de resolver calquera problema na vida, e así é como imos intentar facelo, e tamén con vostedes desde a oposición, desde a cordialidade e desde o entendemento, e intentar todos xuntos buscar unha solución ao noso problema.

Á fin e ao cabo, Galicia é unha, todos vivimos na nosa terra, e eu creo que todos debemos e temos que querer o mellor para a nosa xente. Unha, porque llelo debemos aos nosos pais, porque llelo debemos aos nosos avós, porque nolo debemos a nós mesmos, aos que estamos aquí, e sobre todo porque, ademais, é o legado que teremos que deixar para as seguintes xeracións. Como a nosa terra non hai ningunha, e eu creo que iso tamén é algo que debemos de ter claro; polo menos desde o Partido Popular e desde o Goberno da Xunta de Galicia así o entendemos.

Nas dificultades, por falar e empezar desde que eu cheguei, atopámonos con eses problemas no marisqueo, unhas temperaturas elevadas da auga do mar, unhas choivas exaxeradas tamén no inverno, parece ser, e dinnos todos os técnicos da Xunta de Galicia que ese foi o motivo polo cal realmente houbo unha mortalidade excesiva en certas zonas das nosas rías, e intentamos facer o mellor para solucionar ese problema.

Falamos con eles, cos técnicos, cos homes e mulleres da Consellería do Mar, cos que tamén forman parte das distintas confrarías, e entre todos intentamos establecer unha forma de solucionar ese problema, sobre todo —repito— a través da investigación; unha investigación que, ademais, non soamente abordamos nós desde a nosa consellería, senón tamén que abordamos en colaboración con moitísimos entes públicos, sobre todo coas nosas universidades públicas, das cales nosoutros sempre, desde a Consellería do Mar, estamos continuamente conveniando, facendo distintos proxectos e cooperando en todo o que consideramos necesario. E sempre —repítoles—, sempre, escoitando e falando co sector, porque así é como hai que solucionar as cousas, os problemas, e así o entendemos nós. *(Aplausos.)*



Nese plan que deseñamos conxuntamente coas distintas federacións e confrarías galegas, coas que nos estamos reunindo periodicamente, son xa moitas as reunións que levamos tido durante todos estes tempos, estamos con eles vendo cal é a mellor solución que se poida abordar.

Cada ría é distinta, cada banco marisqueiro e cada confraría ten as súas peculiaridades, e así é como estamos traballando. E comentando e escoitando e poñendo á disposición do sector todas aquelas medidas que o sector, nós, sobre todo os técnicos, consideramos que son as mellores.

Dese plan levamos na actualidade mobilizados máis de 70 millóns, ben sexa baixo subvencións directas ás distintas confrarías polas paradas temporais, unha orde pola que mobilizamos 1,25 millóns de euros a través de equipamentos e infraestruturas portuarias e tamén máis de 27 millóns de euros que temos mobilizado. Poderíalle dar un relato de todas cantas ordes estivemos xa e se están poñendo á disposición do sector. Xa lle digo, repítolle: 70 millóns que levamos neste caso postos neste momento.

É certo que, despois, o que é no sector da pesca, xa que estamos a falar de moitas outras cuestións, a pesca extractiva pois non é o que era antano. Sen dúbida ningunha hai unha política europea na que estamos todos metidos, e esa política europea ten moi en conta os criterios técnicos, a dispoñibilidade dos recursos mariños e sobre todo a sostibilidade do medio. Son unhas políticas que inflúen moito nas políticas estatais, e despois, ¡como non!, nas autonómicas, nas que estamos nós.

Pero diso son moi coñecedores todos vostedes, tamén non soamente nós desde o Goberno, senón tamén vostedes, porque á fin e ao cabo o comisario de Pesca que estivo gobernando e deseñando a pesca durante os últimos cinco anos, o excomisario de Pesca, era un home lituano que pertencía ao grupo dos Verdes, que é o grupo no que están vostedes. Polo tanto, son coñecedores perfectamente das políticas que desde Europa emanan, porque ese comisario de Pesca entendo eu que estaría alí non para figurar, estaría tamén para ler, deseñar, participar, elaborar. E, evidentemente, as políticas europeas levan unhas directrices das que vostedes teñen que ser moi coñecedores. *(Aplausos.)*

Porque, evidentemente, nesas directrices das que vostedes teñen que ser coñecedores, e, se non, as súas europarlamentarias terán que comentarlles a todos vostedes cales son esas normas e todo canto se está deseñando aí, pois a prioridade está posta claramente nunha serie de políticas onde ao sector da acuicultura —onde tamén vive moita xente— lle dan moita forza. E os fondos FEMPA, eses fondos onde o seu comisario participou neles, o comisario do que forman parte vostedes, entendo eu que con moito orgullo do seu grupo, pois nesas leis, nese deseño deses fondos europeos participou o seu comisario, e aí daba unha serie de fondos e dicía que había que utilizar moitos fondos para a acuicultura.

Por iso que a min me estraña que vostede aquí se poña a dar un discurso demonizando un sector no que vostedes desde Europa están apoiando cunha cantidade importante de diñeiro. *(Aplausos.)* E nós estamos de acordo con que iso sexa así, e estamos de acordo con que a xente que vive do sector extractivo tamén siga vivindo, e estamos coas políticas europeas,



con certas cousas non, porque entendemos que hai que modificalas, e tamén estamos plan-
texando modificacións no deseño das políticas europeas. Pero durante estes últimos cinco
anos vostedes foron totalmente partícipes e coñeceron todo canto se dixo desde aí.

Polo tanto, eu pídolle que non teña un discurso tan irascible cun sector, (*Murmurios.*) ben,
así foi, irascible, tampouco é unha palabra que doa tanto, é bastante suave despois de ver as
que utilizou vostede. Pero non teña ese discurso tan extremo, porque repítolle: vostedes par-
ticiparon dun xeito moi activo en todo iso.

Está claro que nosoutros, no sector da pesca extractiva estamos a sufrir, igual non estamos
de acordo coa política do seu comisario de Pesca que estivo estes últimos cinco anos, porque
dicía que tiña en conta as cuestións medioambientais. Nós tamén, nós temos en conta as
cuestións medioambientais, ¡como non!, porque hai que respectar o medio, pero nós tamén
temos moi en conta as cuestións socioeconómicas de cada zona, e nós temos moi en conta
as mulleres e os homes do sector galego, claro que si. Pero vostedes, dentro das políticas do
seu comisario, pois tomaron unha serie de decisións que estiveron prexudicando o noso sec-
tor, e iso, ¡como non!, tamén baixou a captura desa pesca extractiva, ao non poder ir pescar
nesas 87 áreas do Atlántico, sobre todo vinculado máis á pesca de fondo. Pois tamén aí in-
fluíron moito as políticas europeas.

Polo tanto, eu creo que todos somos partícipes dunhas políticas que se están a facer desde
Europa con respecto á política de pesca.

Nós cremos que, sen dúbida ningunha, hai moitas cousas que facer, e estámolo a facer. Es-
támolo a facer a través da cogobernanza, repítolle. Estamos a facelo falando coa xente da
ciencia, cos técnicos, con moitísimos técnicos, biólogos, biólogas, xente analista, xente das
ciencias do mar, que están na consellería e nas distintas confrarías. Entendemos que ese é
o xeito, un xeito sosegado de resolver unha serie de problemas, e resolvémolos —repíto-
lle— en cada confraría, en canda banco falando co sector.

Hai cousas que facer, sen dúbida ningunha. E, ¡como non!, aínda que lle doa, eu pídolle outra
vez que rememos xuntos, que esteamos no mesmo barco, que o noso barco é Galicia. Galicia,
non hai mellor terra que a nosa, ¡viva o noso sector do mar, viva a nosa xente do mar e viva
Galicia! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, pois o meu discurso pareceríalle irascible, incluso podía vostede cua-
lificarlo de algo incluso un pouco máis grave, probablemente. O que non pode dicir é que
o meu discurso, o noso discurso, fora irrespectuoso ou maleducado, como o do seu com-
pañeiro de Sanidade nos últimos meses. A iso non chegamos, a iso non chegamos.
(*Aplausos.*)



E vólvolle dicir que non, non sei cantas veces quere que llo diga, *¿a la tercera irá la vencida?* Pois dígollo outra vez: non. Non imos remar no mesmo barco, señor conselleiro. ¿Sabe por que non imos remar no mesmo barco? Por moitísimas razóns que lle dixen na miña primeira intervención e que agora lle vou volver repetir ou completar.

Vostede fala de Europa, vostede fala dunhas normas, efectivamente, onde Europa promove, con inxentes cantidades de millóns de euros, que se instaure a acuicultura por todos os países membros da Unión Europea. E pregunta: mentres Europa e o Partido Popular europeo, que tiña maioría no Parlamento Europeo na anterior lexislatura, votaban a favor diso, ¿que facía o Partido Popular en Galiza?, ¿que facía? Aplaudía coas orellas, aplaudía coas orellas.

Señor conselleiro, gárdese un pouco, *(Aplausos.)* porque, se analizamos as fotos do conselleiro do Mar todos os días dos últimos dous meses, de sesenta días, cincuenta e cinco son fotos con empresas de acuicultura, ou existentes ou que se van implantar. Non diga —e por iso non podemos remar no mesmo barco— que vostede fala coa xente, cando sabe mellor ca min —pero eu tamén o sei— que os patróns maiores da ría de Arousa levan semanas agardando por unha reunión que teñen solicitada, e que curiosamente, señorías, tiveron onte, curiosamente, ¿non? É un pouco estraño. *(Murmurios.)* Ben, é unha coincidencia.

Non diga, señor conselleiro, que podemos remar no mesmo barco, porque, se vostede estivera no mesmo barco que estamos nós, no que estivese na súa man poñeríao en funcionamento, deixaríase de Europa, que eu non lle falei en todas e cada unha das cousas que lle dixen, citeille que eran competencias exclusivas súas, e faría, por exemplo, un protocolo de baleirado e limpeza dos encoros.

Porque ¿sabe vostede que a Confraría de Noia, precisamente pola súa inacción e polo seu consentimento ás eléctricas, acaba de denunciar no xulgado a Naturgy por volver abrir o encoro do Tambre e arrasarlle con todo o marisco por enésima vez? *(Aplausos.)*

Iso é o que fala vostede co sector. ¿Con que sector? Vostede fala con Naturgy, dille: vós ide facendo, e, mentres tanto, a Confraría de Noia e mil e pico de mariscadores e mariscadoras teñen que recorrer ao xulgado para denunciar a Naturgy, mentres vostede di que fala co sector.

E, señor conselleiro, eu fun concelleira, efectivamente; non sei cantos anos foi vostede, eu fun dezasete. E claro que falaba con todos os veciños, con todos os veciños, pero non dicíndolle a cadaquén o que quere oír, e sabendo perfectamente a quen teño que defender; iso sempre o tivemos claro. E, evidentemente, se poñen o sector do mar ao lado dos 250 millóns que vostedes están reclamando de fondos europeos para Altri, mentres pola outra porta están devolvendo cento e pico, que boa falta lle fai ao noso sector produtivo do mar, pois comprenderá que é imposible que vaíamos no mesmo barco.

Por último, eu sabía que vostede me ía falar da investigación. Seguramente agora na súa réplica nos cite toda a retahíla de proxectos: dos caducados, dos que están a medias, dos que van vir e dos que non se sabe aínda onde están.



Mire, señor conselleiro —díxenllo antes—, ¿canto? —díganolo vostede, porque, en fin, a min cáusame certo pudor—, ¿canto dedican nos orzamentos do ano 2025 á investigación?, ¿canto? Dígao aquí con claridade, señor conselleiro. Se non se acorda, consúlteo coa súa xefa de gabinete. ¿Canto? ¿3, 4 millóns de euros? Nin iso, nin iso. Díxenllo antes: ¿canto dedican a feiras e eventos? 14 millóns de euros, case 15, dos petos dos galegos e das galegas. (Aplausos.) ¿Promocionando que, señor conselleiro? ¿Que produto promociona vostede nesas feiras e eventos?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Porque o produto galego —deille os datos ao principio— está polo chan. Os galegos e as galegas comemos este Nadal e calquera día o marisco importado, porque aquí está baixo mínimos. Entón, ¿que produto promociona vostede nesas feiras? ¿Que empresas promociona nesas feiras? ¿As que envasan mexillón de Chile e o venden como galego?

Señor conselleiro, imposible remar no mesmo barco.

E, por certo, aproveite a súa segunda intervención, por favor, para responderme ao que lle preguntei: ¿vai cambiar de política pesqueira? ¿Vaise poñer precisamente no barco —nunca mellor dito— dos que queren este modelo produtivo, un modelo produtivo sostible —xa llo dixen antes—...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que nos dá valor e que nos diferencia de calquera outra parte do mundo ou vai seguir no barco das grandes empresas: de Altri, da mina de Touro ou de San Fins?

Máis nada, grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de darlle a palabra ao señor conselleiro do Mar, dámoslles a benvida ao Parlamento aos alumnos e alumnas do Colexio de Formación Profesional Vivas, de Vigo. Benvidos ao Parlamento.

Señor conselleiro, ten o turno de réplica.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Ben, señora Pérez, a verdade é que, igual que a vostede lle faría falta máis tempo para falar e para explicar, a min tamén para contestar moitas das cousas que vostede aquí comentou e comenta.

Pero volvo outra vez comentar o último que vostede mencionou. É unha pena que non queiran vostedes remar no mesmo barco que o resto da xente que representamos nós. Nós aquí somos representación popular dunha serie de xente que lle votou ao Partido Popular, e vos—



tedes son representación popular dunha serie de xente que votou ao BNG e ao Partido Socialista. O ideal é que o pobo estea xunto e vostede, como representante dun grupo, desde logo a min non me gusta escoitar da súa voz que non quere remar xunto con esa gran parte da sociedade que votaron libremente o que votaron, (*Aplausos.*) non me gusta escoitar iso.

Tampouco me gusta que demonice a acuicultura, por dúas cuestións. Unha xa lla dixen na anterior intervención: esas políticas europeas, onde estaba o seu comisario de Pesca, o lituano do Grupo dos Verdes, onde vostedes forman parte, foron deseñadas tamén por ese comisario, e ese comisario apostaba pola acuicultura nos índices e nas cifras que son agora mesmo coas que estamos xestionando tamén desde a Xunta de Galicia. Polo tanto, por iso, porque vostedes son coñecedores e partícipes dese tipo de políticas, non me gusta que comente iso.

E non me gusta que comente e demonice a acuicultura, porque viven persoas da acuicultura; hai xente, mulleres e homes, que traballan nese sector, porque a política extractiva, onde vostedes tamén son coñecedores perfectamente, cada vez pois está un pouco máis restrinxida e, evidentemente, a xente ten que buscar unha forma de vida.

Polo tanto, hai que apoiar a política extractiva e hai que apoiar o resto dos sectores acuícolas, porque en todos hai mulleres e homes, galegos e galegas, que queren seguir vivindo e queren levar cartos e pan para as súas familias. (*Aplausos.*) Eu, polo tanto, nese sentido tampouco estou de acordo con vostede.

Cando fala vostede da promoción, que demoniza a promoción, eu quéro lle dicir, señora Pérez, que vostede igual tamén o sabe ou non o sabe —e igual, se non o sabe, pois prefiro dicirillo—: cando facemos esas políticas de promoción, veñen acompañando a Consellería do Mar moitísimos emprendedores, pequenas empresas, xente que quere saír adiante na internacionalización, sacándolles maior valor engadido aos nosos produtos do mar, que esa é, sen dúbida ningunha, a estratexia de futuro que ten que ter o noso sector; e están acompañándonos, e están elixindo eses lugares, porque, se non houbera esa axuda promocional, onde hai cartos europeos e hai tamén cartos da Consellería do Mar, se non puidera ser así, non poderían achegarse a eses mercados e poder facer que os nosos produtos chegaran aos mercados internacionais.

Polo tanto, eu creo que nese sentido tampouco fai ben criticando ese tipo de políticas, que ademais a nosa xente estea buscando mercados no exterior. Polo tanto, nese sentido tamén estou en desacordo con vostede. Nosoutros imos seguir traballando.

Di vostede que a cansa que eu diga que imos falar de investigación, de técnicos. E é verdade, claro que si, claro que é verdade. Vostede sabe que nosoutros en Galicia, a Consellería do Mar, ten os centros de investigación máis importantes e máis potentes que hai en toda España, por non dicir en toda Europa.

Onte, por exemplo, estiven no Intecmar, coa xente do Intecmar, que hai 88 persoas —70 delas son técnicos— nun só centro. Pero temos o Cima, temos tamén o Cetmar, temos a propia consellería, os técnicos que hai na propia consellería.



Estamos tamén a axudar cos nosos fondos para que as distintas confrarías teñan biólogos e biólogas e asistencias técnicas para tamén axudar a tomar as decisións.

Está na nosa Consellería do Mar o seu presuposto destinado exclusivamente para o sector do mar e unha gran parte dese presuposto está facéndose para pagar soldos, para pagar os salarios de homes e mulleres que se dedican á investigación. Polo tanto, ¿como está vostede dicindo que non se dedican cartos á investigación? Moitísimos, unha alta porcentaxe do noso presuposto.

Polo tanto, eu creo, señora Pérez, que ir por ese camiño polo que estamos indo nós, falando co sector, con esa cogobernanza, que —repítolle— eu creo que é a mellor forma de solucionar os problemas, falando coa xente, escoitando e intentando buscar un camiño común, eu creo que iso é a mellor forma na que se pode construír un pobo.

E volvo dicirlle: sei que vostede estivo na política municipal e non dubido de que fixera todo o mellor para os seus veciños, é que non o dubido para nada. Tampouco dubide de nós, dos que somos representantes do Partido Popular, que non somos xente doutro planeta nin somos xente que aquí fagamos ou esteamos aliados. Estamos aliados coa xente e non dubido de que vostedes tamén. Nós estamos aliados coa xente e falamos co sector e estamos continuamente cerca do sector. Hai cuestións que se poderán resolver dunha maneira ou doutra, pero estamos ao lado da xente e para nós a xente é o máis importante. Cogobernar, falar e estar ao lado do sector.

Galicia ten que seguir vivindo do mar moitísimo. Son máis de 1.600 quilómetros de litoral que ten Galicia, máis da metade de poboación que ten Galicia está nas nosas vilas mariñeiras. Polo tanto, é fundamental que haxa vida económica nas nosas vilas mariñeiras, e desde a Consellería do Mar imos seguir traballando continuamente para que iso sexa así. Non temos outro obxectivo, non temos outra finalidade que esa: traballar por e para a xente do mar. *(Aplausos.)*

E repítoles: gustaríanos facelo conxuntamente con vostedes, señora Pérez, conxuntamente, uns e outros, galegos e galegas, que uns pensan dunha maneira e outros pensan doutra, pero todos xuntos, porque eu creo que iso é o que queren os nosos galegos e quere a nosa xente: que falemos ben do noso mar, que falemos ben da nosa xente e que non se anden publicando en ningún diario —ás veces por malas informacións— informacións negativas da nosa terra e de Galicia. Galicia, non a hai mellor que a nosa, e, se estamos todos xuntos, vaimos ir moito mellor.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.



Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que o Goberno galego ten de dotar a comarca do Baixo Miño cun servizo de transporte público de persoas por estrada que cubra as necesidades de mobilidade da cidadanía desta comarca

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde. E benvido, señor conselleiro.

Das actividades que máis facemos a cidadanía ao longo do día a de desprazarnos é unha delas. E a Administración, neste caso a Xunta de Galiza e a súa consellería, debe velar por garantir un transporte efectivo e que responda realmente ás necesidades das galegas e dos galegos alí onde habitan.

Hoxe preguntámoslle, señor conselleiro, precisamente por esta cuestión, e queremos centralo no que ten a ver co transporte por estrada na comarca do Baixo Miño. Porque dende que a UTE de Lugove foi adxudicada pola Xunta de Galiza para xestionar este servizo de transporte público na comarca do Baixo Miño, alá polo 2019, os problemas vinculados á calidade do servizo foron en aumento, chegando a xerar situacións insostibles para usuarias e veciñas de toda esta comarca.

É que esta UTE xa non comezou con moi bo pé, porque dende o minuto un as usuarias e usuarios comezaron a padecer múltiples problemáticas, comezando por un incumprimento reiterado dos horarios, o que supón que en moitas ocasións as veciñas e veciños do Baixo Miño agarden horas, horas, por un autobús que non dá chegado. Sumándolle a isto, existe unha sobrecarga tal de pasaxeiros pola mala xestión da Xunta de Galiza que provoca que, ademais de estar agardando un tempo excesivo polo autobús, hai moitas probabilidades de que quedes tirado en terra. Son centos as queixas, que vostede seguro que coñece mellor ca min, de pasaxeiros e de pasaxeiras que quedan tiradas porque non hai sitio no autobús, que piden que se reforcen as liñas de ida e volta cara a Vigo e que piden unha nova liña que articule realmente a comarca do Baixo Miño.

E aquí o Goberno galego, no lugar de poñerse do lado da cidadanía, no lugar de defender as veciñas e veciños do Baixo Miño, preferiu mirar para outro lado e aplicar esa característica xordeira permanente. Porque semella que para o Goberno do Partido Popular, unha vez adxudicada a concesión, aquí remata o exercicio das competencias. E converten, efectivamente, esas concesións nese caramelo do que as empresas adxudicatarias poden chuchar sen ter que cumprir un servizo público que cumpra uns mínimos estándares de calidade.

Por iso, dende o Bloque Nacionalista Galego vémonos na obriga de preguntarlle hoxe, señor conselleiro, como e cando pensa o Goberno galego poñer en marcha medidas que garantan un transporte digno na comarca do Baixo Miño, como está demandando a cidadanía desta comarca.

Moito obrigado.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, á verdade é que é innegable o compromiso da Xunta de Galicia co transporte público interurbano. Demostrámolo cada día apostando por un transporte de calidade, eficiente, atractivo e útil para os cidadáns, como o demostra a demanda cada vez crecente, mes a mes, durante os últimos anos. Proba recente disto tamén é que, fronte á improvisación do Goberno do Estado cos descontos do 50 por cento famosos, a Xunta garantiu dende o primeiro momento a bonificación da parte que lle correspondía, máis aló das propias bonificacións que xa temos no transporte público de Galicia, que vostedes seguro xa coñecen.

Falan vostedes de perda de servizos, de agardar durante horas e de xordeira permanente. Mire, non hai tal. O que houbo foron modificacións —e vostede debería de sabelo—, modificacións na oferta das liñas, paradas e horarios, en aras de racionalizar os servizos que se solapan precisamente ou adaptalos ás demandas que nos son trasladadas.

Con respecto ao inicio da concesión, unificamos dúas liñas, señoría, que cubrían o itinerario ponte internacional de Tui-Vigo en horarios próximos e percorridos semellantes. Axustamos os horarios dos autobuses en épocas de exames da Universidade. E, ante o incremento da demanda á primeira hora da mañá entre A Guarda e Vigo, fixemos cambios para que saíran dous autobuses con dez minutos de separación; creamos un servizo de volta ás 9.45 na liña A Guarda-Baiona, de luns a sábado, e o servizo de ida ás 12.40, porque nolo pedían os usuarios.

Na comarca do Baixo Miño funcionan neste momento 61 liñas, atenden 1.026 paradas e fan máis de 34.800 servizos ao ano. En concreto, na Guarda funcionan 24 liñas; Oia, 8 liñas; O Rosal, 22 liñas; Tomiño, 18 liñas; Tui, 45 liñas. Polo tanto, consideramos que hai unha oferta bastante ampla, que responde aos intereses da maior parte dos cidadáns, aínda que estou seguro de que haberá algún cidadán ao que non se adapta perfectamente o horario dos buses coas súas necesidades, seguro; e tamén coa conexión con Vigo, xa que, en xeral, trátase de liñas con saída da Guarda, que pasa polo Rosal, Tomiño e Tui, ou que van por Oia cara a Baiona ou que realizan o percorrido por Gondomar.

Coas universidades, chegan á primeira hora da mañá tres servizos dende todos os concellos da comarca, e ás 15 horas saen os correspondentes servizos de volta. Ás 07.15 da mañá saen dende O Rosal cara a Tomiño e Gondomar, ás 07.15 da mañá saen dende A Guarda por Oia cara a Baiona e ás 08.00 sae o servizo de Tui para a Universidade. Unha media de 40 estudantes utilizan este autobús cada día, señoría. Os servizos de volta, a partir das 03.00 da tarde, saen de Vigo os correspondentes servizos cara á Guarda e ao Rosal.

Os hospitais contan, en conxunto, con 59 servizos ao día, señoría, dos que 30 son de ida; e destes 30, 11 autobuses chegan antes das 9.30 da mañá, e o resto do día en cada hora hai



unha ou dúas frecuencias, señoría. ¿Parécelle suficiente? ¿Cre que —como dicía na pregunta— queremos facelo mal a propósito? ¿Vostede realmente cre o que puxo na pregunta?

En concreto, 13 liñas de autobús teñen unha parada no Álvaro Cunqueiro e 11 no Meixoeiro.

Incumprimentos de horarios. Nos primeiros días houbo unha serie de incumprimentos. ¿Sabe por que?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Remato.

Porque entrou en funcionamento a estación intermodal de Vigo e houbo que axustar os horarios.

Despois continúo.

Grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten un segundo turno.

Réplica, señor Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Grazas, señora presidenta.

A verdade, señor Calvo, é que o papel aguanta todo, jeh! Convídoos a que utilice o servizo de transporte público que hai agora mesmo no Baixo Miño e que comprobe por vostede mesmo as ineficiencias deste servizo xestionado pola Xunta de Galiza.

Porque despois de centos de queixas de persoas usuarias, despois de máis de cinco reunións que tivo o Goberno galego e esta UTE, despois de practicamente dilapidar todas as emendas que se formularon ao anteproxecto XG883 de transporte no Baixo Miño, despois de todo isto, as problemáticas seguen.

Como xa lle dixen, hai incumprimentos de horarios reiterados, que o papel o aguanta todo, pero a realidade non. Hai sobrecarga de persoas nos autobuses, quedando tiradas nas propias paradas. Hai frecuencias insuficientes nas horas punta e un longo etcétera, que non se solucionan nin a golpe de nota de prensa, senón que se solucionan escoitando as demandas das persoas usuarias e tamén os concellos.

Porque ben saberá que foi o Bloque Nacionalista Galego quen presentou mocións en todos os concellos do Baixo Miño instando a súa consellería a tomar cartas no asunto. E a verdade é que aquí o Bloque Nacionalista Galego quedamos un pouco co pé torto. Porque ¿a que Partido Popular lle temos que facer caso? ¿Ao que votou a favor desta moción, admitindo que hai un problema e dicindo que é responsabilidade da súa consellería? ¿Ao que preferiu absterse e poñerse de perfil? ¿Ou ao que votou en contra, dicindo que non hai unha problemática que é evidente para a cidadanía do Baixo Miño?



Isto o único que nos demostra é que o Partido Popular non ten nin proxecto nin vontade nin interese en solucionar as graves problemáticas que padece o transporte público no Baixo Miño.

Por iso, señor conselleiro, lonxe dos golpes no peito polo incremento de viaxeiras e de viaxeiros, pedímoslle ao Goberno galego que garanta un servizo esencial como é o transporte público no Baixo Miño, que deixe de premiar a empresa e prexudicar a cidadanía. Porque o que lle pedimos é que, fronte ao lucro dunha UTE, se antepoña o dereito das veciñas e veciños do Baixo Miño a ter un transporte digno e efectivo.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Teñen vostedes unha teima en moitas ocasións en moitas das iniciativas porque din que a xente queda sen montar no autobús e que non pode ir. Mire, os servizos de autobús teñen unha capacidade limitada. Hai veces, cando se sabe que a necesidade de demanda do transporte vai ser excesiva, en que se fala coas empresas e, dentro do marco normativo que nos permite o propio contrato, refórzanse todos os servizos. Pero hai outras ocasións nas que non existe. Se ve o número de pasaxeiros que pasan en cada unha das frecuencias, poderá comprobalo perfectamente. Vostede, se vai no metro á hora de entrar no traballo, está colapsado e ás veces hai que esperar que chegue o seguinte metro, ¿verdade? Ou se vai utilizar un tren, supoño —non sei se o utiliza— que saberá que Renfe o deixa tirado na estación; agora si, eses usuarios de Renfe van á estación de autobuses e demandan que se poñan autobuses ata que se acabe o último pasaxeiro. Iso é o que está a pasar algún día nalgunha situación concreta. E vostedes de todas esas cousas fan unha categoría. Pois isto non é así.

As prazas claro que se incrementan sempre que se pode e reforzáronse os servizos nos que se detecta que a demanda é constante ao longo do tempo, pero non nun día concreto en que pode existir unha demanda. Supoño que vostede iso o entenderá —digo eu—.

Fíxese: nun día laborable, nun día laborable da semana calquera, hai de media 145 servizos; 64 deles conectan con Vigo, 33 de ida e 31 de volta. O autobús máis madrugador chega a Vigo ás 7.35 horas da mañá. Di vostede que non se axustan ás necesidades. ¡Home!, pois é verdade, temos unha petición para que, en vez de chegar ás 7.35, chegue ás 7.50. ¿Que quere que lle diga?, ¿que quere que lle diga? Se é consciente de todo o percorrido que teñen que facer, pois síntoo, non se vai adaptar ás necesidades do 100 por cento dos viaxeiros; non o vai facer nin este sistema nin ningún outro. E o último sae de Vigo ás 21 horas.

Comparando os datos do 2023 e do 2024, di vostede: non fale do número de viaxeiros. É que vostede na pregunta di que é unha falta de planificación e inadecuada adaptación ás necesidades dos usuarios, actitude de desatención absoluta; lonxe de mellorar, vaise deteriorando. ¡Home!, incrementáronse 93.000 usuarios en dous meses, entre outubro e novembro deste ano comparado co ano pasado, 93.000. ¿Vostede cre que a xente é tonta? ¿Sabe por que



se incrementan os usuarios? Porque lles dá servizo o autobús. Se a rede, o sistema de transporte non lles valera para nada, non utilizaban o autobús. Pero non paramos de medrar na utilización da Tarxeta, na utilización de todas as liñas.

Claro que hai desaxustes. Pero ¿vostede sabe o que é facer 61 liñas con 1.026 paradas todos os días, onde o bus vai pola estrada e o traxecto pode durar unha hora e pico, como é este caso, e pode atoparse en hora e pico de traxecto con calquera circunstancia? Claro que si. E hai que ser comprensivos cando un bus se atrasa cinco ou dez minutos. O que había é que darlle un premio, porque facer unha hora e pico nun autobús e atrasarse cinco minutos é para darlle un premio. Tiñan que ser un pouco máis comprensivos e saber do que estamos a falar, e non, cada vez que hai un problema ou alguén que fai unha queixa, vostede pono como se fora unha categoría.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido ás reivindicacións de nais e pais do CEIP Bergantiños, de Carballo, relativas á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

O primeiro de todo quero darlles a benvida ás nais e pais da ANPA da Granxa, do Colexio Bergantiños, e aos que nos acompañan no grupo, máis de vinte persoas, e moitas que quedaron en Carballo.

As socialistas de Galicia hoxe somos a voz da comunidade educativa de Carballo: dos profesores, das profesoras, das nais e pais, e, sobre todo, somos a voz dos nenos e nenas do colexio Bergantiños.

Creo que aos que estamos todos aquí sentados na bancada, con independencia da nosa cor política, o que máis nos preocupa son os nosos fillos e fillas, o seu futuro.

E evidentemente a pregunta que latexa sempre na cabeza da nai de Roi, que ten autismo, é: ¿que pasará cando eu non estea?

Señor conselleiro, dicíalle hai uns meses que eu son das que penso por convicción que na política hai formas de facer política con sensibilidade, con empatía, que non é un sinal de debilidade, de vulnerabilidade; todo o contrario, é un sinal de fortaleza. E pídolle, por favor,



que non me responda con ratios, números, catálogos. E tamén lle pido, se é posible, que non responda con altivez e soberbia e con ese paternalismo moi masculino co que me respondeu a última vez. Porque, se non, só se delatará ante as nais e pais que nos están escoitando e, sobre todo, ¿sabe que? Delatará que non ten esa empatía e sensibilidade social da que lle falo.

Nós, as socialistas de Galicia, si estivemos e o noso voceiro, José Ramón Gómez Besteiro, en Carballo o 12 de decembro nas concentracións. Levan desde novembro concentrándose polos recortes e pola falta de apoio aos nenos con necesidades educativas especiais. Escoitámoslos no día a día, no que é o día a día dos nenos. Eu pídlle que tamén os escoite.

Señor conselleiro, o Colexio Bergantiños é o meu colexio, ao que lle debo todo, o que son. A educación pública é o corazón da nosa base, da nosa sociedade, a escola que non distingue de barrios nin tampouco de capacidade económica nin de apelidos; evidentemente, a grande igualadora de oportunidades e que é historias persoais que debuxa novos camiños. En cada aula están sentados futuros médicos, médicas, enxeñeiros, científicas —onte foi o Día da Nena e da Ciencia—, de soñadores; e tamén eses nenos e nenas que precisan de que alguén lles diga «ti tamén podes», os nenos que necesitan apoio.

Pero ¿como lles imos construír ese futuro se a Consellería de Educación mira para outro lado e non é capaz de darlles unha resposta? Ratios, números e catálogos.

O CEIP de Bergantiños conta con máis de 575 alumnos, o 35 por cento deles teñen un diagnóstico de nenos con necesidades especiais. Moitos están sen diagnosticar, como ben sabe. Lévanse concentrando desde novembro. Escritos, presentados tres á consellaría, á Valedora do Pobo. ¿Que reivindicamos? Incorporación dun segundo orientador, aumento do profesorado especialista de PT e AL. E tamén piden redución de ratios e incremento de horas de apoio para atender a eses nenos que o precisan.

O último escrito —aviso por se non lle chegou ao seu despacho— rexistrárono hai dous días; vai dirixido a vostede. ¿E que piden? Que os reciba, que os escoite. E está apoiado por máis de 1.700 firmas de veciños de Carballo, que apoian esa xuntanza. Para iso está, señor conselleiro, para recibir e escoitar a xente, a ANPA da Granxa, do Colexio Bergantiños.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Polo que lle formulo, de forma clara: ¿vai neste ano 2025 atenderse ás reivindicacións da ANPA da Granxa, do Colexio Bergantiños? ¿Si ou non?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, moitas grazas, señora presidenta.



Eu tamén saúdo as familias que están aquí, que nos acompañan aquí hoxe, familias estou seguro que preocupadas. E tamén lle quero dicir a vostede, señora deputada, que eu tiven ocasión de falar con elas persoalmente non hai demasiado tempo nunha visita a Carballo, e puiden falar con elas e compartir parte das súas preocupacións.

A verdade é que tamén a felicito, señora deputada, porque, dun xeito moi suave, moi suave, chamoume paternalista, chamoume machista, chamoume persoa que non ten empatía. E felicítoa porque o dixi moi suavemente, pero aproveitou para dicilo.

Verá vostede, eu teño moi claro..., ben, por certo, eu tamén fun a un cole público dun concello rural e tamén defendo absolutamente a igualdade de oportunidades que dá o sistema educativo. Creo que esa é unha das grandes bazas, das mellores bazas que temos tido nos últimos anos como sociedade, que nos permite pois a vostede e a min estar aquí defendendo ideas diferentes, postulados diferentes, con total educación. Creo que iso é tremendamente importante.

E, efectivamente, hai dúas formas de facer política. Mire, escoitándoa a vostede, a min dáme a sensación de que non quere falar de números, non quere falar de ratios, non quere falar de medidas organizativas, como se todo puidera ser arbitrario, se todo puidera basearse en decisións puramente políticas, sen facerlles caso aos técnicos, se non existiran procedementos que permiten organizar un sistema público tan sólido, tan forte e tan complexo como é o sistema educativo.

Non lle vou dar as macrocifras, as macrocifras deste sistema educativo, que precisan obviamente duns marcos estables, dun sistema de procedementos e dun marco para tomar decisións. Se non, é tremendamente difícil non caer na arbitrariedade, non caer pois no politiquero —se se quere a palabra— e pensar que unha decisión política como a que vostede parece pensar aquí non se fundamenta en decisións técnicas.

Pois, detrás disto, do que vostede di e, por suposto, de todo o que se fai neste ámbito, ten detrás procedementos, ten detrás —digamos— un marco de relacións.

E despois tamén, escoitándoa a vostede, parece que esta consellería, esta Xunta de Galicia, este goberno pois é absolutamente insensible cos alumnos con necesidades educativas especiais. Dá esa sensación, ¿non? E eu creo que aquí vostede comete —se se me permite a expresión— un certo pecado de descoñecemento do sistema e intentar tomar a parte polo todo.

Creo que, se algo ten caracterizado este goberno, se algo ten caracterizado esta administración, é precisamente axudar máis aqueles alumnos que máis o precisan e ter a capacidade de non tomar decisións arbitrarias, senón todas aquelas decisións que teñen que ver coa xestión dos recursos humanos neste ámbito tan sensible e tan importante para as familias, tomalo sempre en base a estudos rigorosos, a procedementos transparentes e á información que realmente ten que ver co máis importante, cos alumnos.

Os alumnos deste centro...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e do conxunto de Galicia reciben a atención necesaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Ben, señor conselleiro, agradézolle o ton, pero un minuto falando da forma, pero do fondo, nada. E non contestou á miña pregunta.

Defender a educación pública é moito máis que defender un servizo, señor conselleiro. É defender o dereito para soñar, para crecer, porque na educación pública ensínanse máis que matemáticas e lingua, ensínase a convivir, a respectar, a ter un pensamento crítico, sobre todo a non deixar ninguén atrás.

E claro que é tema de recursos. Non permitamos, señor conselleiro, que a falta de recursos —que hai falta de recursos— e o recorte, o esquecemento, condenen o futuro dos nenos e nenas do noso futuro do Colexio Bergantiños.

A escola pública acolle todos e todas; evidentemente, estranxeiros —tan necesario—, familias vulnerables, e todos teñen cabida nun sistema de educación pública que non discrimina, senón que suma.

E ante a pregunta que sempre latexa na cabeza da nai de Roi, que ten autismo, ¿e que pasará cando eu non estea?, pois a resposta sempre, señor conselleiro, sempre, debería ser unha educación pública —e non se ría, porque estamos a falar de algo serio—, con recursos, inclusiva e de calidade, e non de ratios, catálogos, procedementos e números, señor conselleiro.

En definitiva, a educación pública é o reflexo do que somos e do que queremos ser no futuro e, como tal, debemos protexela, coidala, exixir que sexa forte, inclusiva e accesible para todos e todas.

E vólvolle repetir: hoxe as socialistas de Galicia somos a comunidade educativa da Granxa, da ANPA, das nais e pais, o meu colexio.

A educación pública non é un gasto, señor conselleiro. Claro que se poden aportar máis recursos públicos con fondos propios da Xunta de Galicia. Non é un gasto. O maior investimento que podemos facer. E pídolle, xa que non me contestou a pregunta, que, por favor, se comprometa hoxe aquí a que vai recibir no seu despacho de San Caetano a ANPA, os repre-



sentantes de nais e pais do Colexio Bergantiños. Pídlle ese compromiso, señor conselleiro. ¿Si ou non os vai recibir?

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora Iglesias, mire que coincidimos nalgúns dos aspectos que vostede di: no papel fundamental que ten o ensino, na transcendencia que ten para unha sociedade democrática sa, que poida progresar, que poida avanzar, que defenda os dereitos, o ensino. Creo que niso estamos de acordo.

¡Home!, eu non podo coincidir e desculpe que non estea de acordo con vostede en que diga que non importa nada, non importa valorar os ratios, non importa avaliar os números, non importa avaliar os recursos. Iso realmente é moi típico do Partido Socialista, ao que lle dá todo igual; cando hai un problema, cambian unha lei. Ben, iso é o seu ADN político, que non lle importa nada.

Mire, nós xestionamos dun xeito diferente. Non digo que sexa o mellor, porque ás veces vostedes gañan eleccións, e ás veces nós non, pero vostede entenderá que para organizar un sistema público tan importante como o sistema educativo haxa un mínimo de rigor e non sexa todo «ben, a min paréceme». Aquí parece que a súa forma e a súa base é «a min paréceme». Eu dígolle que non, dígolle que non é así.

E, mire, se hai algún sistema educativo en España, dentro das comunidades autónomas, que está especialmente preocupado pola integración dos nenos con necesidades educativas especiais, é o de Galicia. (*Aplausos.*) E non llo digo eu, non llo digo eu; dino vostedes, dío o propio ministerio. Vostede vaia ás estatísticas oficiais do Ministerio de Educación e verá que a comunidade autónoma que máis alumnos con necesidades educativas ten integrados nos sistemas ordinarios para favorecer a integración efectiva das persoas é o de Galicia. É así, é así.

E vostede pódeme dicir o que queira, pero mire, fala de recortes e queda tan ancha —perdón pola expresión—. Ben, verá vostede. Hai pouco tempo, cando vostedes deixaron a Xunta de Galicia, había entre PT e AL 1.500 persoas —número importante—, con menos crise demográfica e con máis recursos. Era a panacea. Hoxe hai cerca de 5.000, con menos recursos, segundo vostedes, e cunha situación demográfica moito peor que a que tiñan vostedes. Ben, poden dicir o que vostedes queiran.

E despois, claro, eu vin pois un importante socialista que ás veces está nesta Cámara ir a ese centro educativo a predicar. Eu diría: oxalá dera un pouco de trigo. E ¿por que digo que dera un pouco de trigo? Polo seguinte. Miren, unha medida moi boa para favorecer a integración



dos alumnos con necesidades educativas especiais é a redución de ratios, que nós estamos aplicando dende 4º de infantil de xeito progresivo. Para o Partido Socialista a ratio son 25 nenos por aula. Para o Partido Popular, para a Xunta de Galicia, 20. Ben, ¡que pena dun pouco de trigo!

Outra medida. Nós aplicamos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Román.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Perdón, señoría, déixeme simplemente expoñer este argumento. Todos aqueles alumnos que teñen unha discapacidade certificada con certificado médico computan á hora de crear un grupo por dous ou por tres. Criticouse nesta cámara. O Partido Socialista, a través do ministerio, agora quere copiala.

En fin, señorías, perdón por non ter máis tempo. Gustaríame ter moito máis tempo para responderlle, pero deberían predicar menos e dar un pouco máis de trigo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as necesidades de prazas de atención diúrna para adultos con trastorno do espectro autista na comarca de Pontevedra

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Boa tarde, señora conselleira.

Hoxe traio unha pregunta con todo o espírito construtivo; unha petición coa que nos facemos eco dunha máis que xusta reivindicación dun grupo de pais e nais de nenos e nenas con trastorno do espectro autista, moitos dos cales nos acompañan hoxe no Parlamento, que aproveito tamén para saudar desde aquí. Una reivindicación que iniciaron eles, pero que é extensible a case 700 familias na provincia de Pontevedra e unhas 27.000 en Galicia; familias que non están a ser tratadas nin asistidas pola Administración galega como se merecen.

E quero dicir que o Goberno galego non está a cumprir a súa obriga constitucional de prestarlles a esas persoas a atención especializada que requiren e que garanta o pleno disfrute dos seus dereitos.



As carencias na xestión afectan diferentes eidos e fan que estas familias teñan que enfrontarse a un longo camiño, economicamente moi custoso, un camiño que comeza cando as familias detectan no seu bebé que algo non vai ben, que algo non segue a normal evolución. Pois desde aí comeza o periplo sanitario: atrasos nas valoracións, desvíos a outros centros con profesionais específicos, tardanzas nas probas diagnósticas, que fan que moitas veces teñan que asistir á privada con probas que están valoradas entre os 1.500 e 2.000 euros. A isto súmase posteriormente, unha vez diagnosticadas, a atención temperá, que é claramente insuficiente e, polo tanto, ineficaz. Ou a etapa escolar, aínda que o conselleiro non o diga, pois a educación inclusiva non é unha realidade en Galicia, e isto evita o pleno desenvolvemento formativo destes nenos e nenas e que moitos teñan que acudir a centros de educación especial, con prazas tamén moi limitadas.

Pero, se cabe, o peor vén despois. Unha vez que estes mozos e mozas con trastorno do espectro autista cumpren os 21 anos e remata a súa etapa escolar, ¿que pasa con eles, señora conselleira? ¿Que recursos lles habilita o Goberno galego a estes mozos e mozas? Pois uns poucos, moi poucos privilexiados poden optar a unha praza, subvencionada ou non. O resto teñen que volver ao seu fogar, co prexuízo familiar e persoal que isto supón.

Eu voulle dicir o que isto implica. Implica que este mozo ou moza volve á súa casa, o que supón un illamento social total, ademais na súa aprendizaxe, e prexudica gravemente a súa evolución, e é un problema para a familia, que ten que asumir estes coidados ou contratar unha terceira persoa, co custo que isto supón.

E uns poucos privilexiados, 56 unicamente na provincia de Pontevedra, poden optar a unha praza, unha praza que ten un relevo que ten moi pouca rotación, e só existen 56 prazas na provincia de Pontevedra, como lles dicía; 35 en Vilagarcía, xestionadas pola asociación Bata, 7 privadas en Moraña e 14 subvencionadas en Nigrán; claramente insuficiente.

Hai un mes faciámonos eco desta reivindicación no pleno de Pontevedra, solicitabamos un centro de día que cubrira o norte da provincia; foi aprobado por unanimidade no pleno, tamén co voto do Partido Popular, e incluso o concello puxo á disposición da Xunta uns terreos.

Polo tanto, señora conselleira, agora a pelota está no seu tellado. ¿Vai vostede dar resposta á ausencia de prazas para a atención diúrna para adultos con trastorno do espectro autista en Pontevedra? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Deputadas e deputados.



Señora Castro, a Xunta, como vostede ben sabe, ten o firme compromiso de facer posible que todos teñamos as mesmas oportunidades, pero é un reto que se fai máis complicado que nunca cando falamos das persoas con discapacidade ou persoas que teñen TEA. Por iso, neste sentido estamos a investir máis que nunca para poñer en marcha máis servizos para todas as persoas que teñen trastornos do espectro autista, máis recursos, pero tamén, ¡como non!, novos enfoques para prestar esa atención de calidade a cada tipo de discapacidade.

Mire, hai tan só uns días presentamos en Friol un dos nosos proxectos estrela dende a Xunta de Galicia, que é a posta en marcha, da man dunha entidade social que é referencia non soamente en Galicia senón tamén en España, como é Aspanaes, dunha residencia, pioneira a nivel nacional, que está destinada a todas as persoas con autismo, pero que as coidan, que as miman e que as axudan para desenvolver o seu propio proxecto de vida con liberdade e con independencia. Un proxecto no que a Xunta de Galicia vai investir máis de 4 millóns de euros, que conta co visto e prace de profesionais de reputado prestixio como é o doutor Ángel Carracedo.

E, polo tanto, esta é unha aposta polas persoas con discapacidade, polas persoas que padecen TEA, polas súas familias, pero que non queda aí, senón que nestes momentos estamos destinando máis de 8 millóns de euros para financiar máis de 270 prazas específicas en toda Galicia, unha cifra que medra e que vai continuar medrando. Porque hai tan só uns meses inauguramos un centro de día para persoas con TEA en Lugo, financiando esas 10 prazas públicas. Nesta mesma primavera imos poñer en marcha o centro de atención ás persoas con discapacidade de Ourense, que tamén contará con 20 prazas específicas para persoas con TEA.

É, como lle dicía, unha cifra que vai continuar crescendo, incrementando máis prazas públicas en distintos centros tamén da provincia de Pontevedra: en Menela, en Nigrán; en Apacaf, en Moraña; e tamén en Bata; un incremento de prazas que irá acompañado de investimentos para poder mellorar e poder ampliar todas as instalacións de entidades sociais, como Bata, en Vilagarcía, ou Menela, en Nigrán.

Polo tanto, señora deputada, imos seguir adiante, imos seguir traballando e camiñando sempre da man das entidades sociais de Galicia que prestan esa atención inmellorable a todas as persoas con discapacidade, pero sobre todo que lles prestan sempre un apoio incondicional e necesario ás súas familias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Señora conselleira, vostede o outro día na inauguración do centro de Friol dicía que era un referente nacional neste ámbito, un novo horizonte de posibilidades na atención a persoas con TEA e que o obxectivo destes centros era que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades. Por iso, pídolle aquí estas oportunidades tamén para estes mozos e mozas da provincia de Pontevedra.



Pídlle que responda a esta xusta petición, a esa petición desesperada deses pais que ven como os seus fillos están preto de cumprir os 21 anos e non teñen prazas, pero é que nin públicas nin de xestión privada nin subvencionadas, en Pontevedra. Eu pídlle que escoite vostede estes pais, que se sente con estas familias, porque nós planteamos a necesidade dun centro de día na provincia de Pontevedra, no norte da provincia de Pontevedra, xa que son 80 quilómetros os que distancian o norte de Pontevedra de Nigrán e todos os días para unhas persoas que teñen trastornos do espectro autista pois supoñen un prexuízo grave estes desprazamentos.

E, polo tanto, pedímoslle que se habilite esa opción de crear un centro de día, ou incluso temos a posibilidade de que temos o Hospital Provincial de Pontevedra, que vai quedar baleiro e que está acondicionado nas súas instalacións para que poida ser de forma temporal, mentres non se constrúa outro centro, un centro de atención diúrna xestionado pola Xunta de Galicia, que sería prioritario, pero nós entendemos e conformámonos incluso con que ata poida ser unha entidade social a que o xestione, porque o que queremos é que se lles dea unha resposta a estas familias que están desesperadas, porque ven como os seus fillos, que levan unha traxectoria de formación e de estímulo e que teñen unhas relacións sociais nestes centros educativos especiais, cumpren os 21 anos e van ter que quedar illados na súa casa e van sufrir un retroceso enorme na súa formación e na súa evolución por mor disto, e ven como a súa vida familiar, a súa conciliación familiar tamén vai ser moi difícil e vai ser un problema, porque van ter moitas veces que renunciar aos seus empregos ou incluso contratar unha terceira persoa, co custo económico inasumible en moitas ocasións que isto supón.

Polo tanto, eu pídlle aquí que reciba estas familias, que busquen unha solución consensuada, pero que dean resposta ás necesidades destes mozos e mozas que van quedar sen ningún tipo de asistencia cando cumbran os 21 anos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Castro, no ámbito da atención ás persoas con discapacidade vostede sabe ben que dende a Xunta de Galicia traballamos sempre da man das entidades sociais, como lle dicía, para que todas as persoas con discapacidade e as súas familias conten con eses recursos que necesitan, pero sobre todo que o poidan facer o máis cerca posible dos seus domicilios.

Polo tanto, esta imprescindible alianza co tecido asociativo tennos permitido avanzar en Galicia cara a unha Galicia máis inclusiva e cara a unha Galicia máis accesible para todas. E iso tamén é no caso das persoas que teñen TEA, no ámbito no que traballamos para seguir ofrecéndolles cada vez máis prazas, máis recursos e tamén novas posibilidades.

Pero non só nos estamos centrando en destinar recursos ás persoas con TEA, senón que tamén buscamos innovar para achegar cada vez mellores servizos pero sobre todo adaptados



ás necesidades de cada persoa. E facémolo de formas moi diversas. Facémolo a través desa rede á atención temperá á que vostede facía referencia, unha rede de atención temperá na que no ano 2009 tan só había tres unidades de atención temperá e na que nestes momentos hai máis de douscentos concellos de Galicia cubertos por unidades de atención temperá grazas a esa alianza entre a Xunta de Galicia e os distintos concellos galegos. Estámolo facendo a través dun sistema educativo inclusivo, como acaba tamén de comentar e de trasladar o señor conselleiro de Educación. Estámolo facendo a través de centros específicos de emprego que procuran esa autonomía e esa participación activa de todas as persoas con discapacidade. E, por suposto, ímolo seguir facendo dende a política social da Xunta de Galicia, creando cada vez máis prazas de atención á discapacidade; non só na provincia de Pontevedra, senón en toda Galicia. Polo tanto, señora Castro, imos seguir avanzando, creando máis prazas públicas a través das distintas entidades sociais.

Pero, como vostede ben sabe, para poder crear novas prazas públicas fan falta centros e para ter centros fai falta un tempo. Iso é precisamente o que estamos buscando, señora deputada, para poder darlles resposta a todas esas familias, que eu son moi consciente das necesidades que teñen os seus fillos.

E imos seguir investindo cada vez máis, mellorando as instalacións, tamén, de todos os centros de atención á discapacidade en Galicia, poñendo sempre dende a Xunta o noso gran de area e tendéndolles a nosa man ás familias, ás entidades, pero, sobre todo, a todas as persoas con discapacidade da nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos cun debate acumulado das preguntas que levan o número de rexistro 19193 e 19203, que son os puntos da orde do día 7.5 e 7.6. Acúmulanse para efectos de debate conforme o Regulamento, porque se refiren ao mesmo tema.

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión do Goberno galego en relación co sistema de atención á dependencia en Galicia

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para reducir a lista de agarda na valoración da dependencia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta intervén, en primeiro lugar, a señora Longueira, por tempo de tres minutos.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.



Boa tarde.

Boa tarde a todos e boa tarde tamén, especialmente, ás traballadoras sociais que hoxe nos acompañan aquí na tribuna e polas cales nós traemos hoxe aquí boa parte desta pregunta. Porque é verdade que a pregunta ten esta cuestión de se é consciente a conselleira de que hai 4.000 persoas, a maioría delas da terceira idade, que esperan a ser valoradas en Galicia. Evidentemente é unha pregunta retórica, porque levamos falando disto hoxe todo o día, e cada pleno que hai, sobre esas 4.000 persoas que esperan no limbo dos xustos a que algún día o dedo da dependencia caia na súa solicitude.

Basicamente falamos disto porque a Consellería do PP, en xeral, leva nos últimos quince anos con tres modelos diferentes de xestión, tamén o dicíamos pola mañá. É como se un trata de paliar todo cos cartos; toda a solución vén co diñeiro. En certa medida é así, pero parte desa solución vén de que tomemos un modelo determinado para ver se imos cara ao norte ou cara ao sur, pero levamos dezaseis anos sen saber exactamente se queremos unha axencia, un consorcio, se queremos non telos, se queremos ter unha xestión centralizada... Bastante caótico, ata o punto de que hai dous meses tres xefes de servizo da área de dependencia dimitían do seu cargo, dada a nova ocorrencia por parte da Consellería de eliminar o traballo dos traballadores sociais —valla a redundancia— dos inicios da valoración. É dicir, hoxe para pedir a dependencia, calquera que dende o 1 de decembra teña solicitada a dependencia pode facelo sen o informe dun traballador social. Salvando a distancia, é como se fóssemos ao médico e nós mesmos pensásemos que non fai falta ir ao médico, que xa decidimos se imos a un traumatólogo ou se imos a que nos miren a vista.

E esta decisión que acaba de tomar supostamente eu entendo que é dende o ben común para alixeirar esta lista de espera. Pero esta decisión que acaban de tomar non é máis que unha privatización máis (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, e agora lle ensino por que— que abre as portas dos sistema de dependencia. (*A señora Longueira Castro amosa un documento.*) E teno aquí: as compañías aseguradoras, as xestorías e calquera axencia que poida estar ao servizo privado da cidadanía, pola módica cantidade de 110 euros se es socio de prata ou 135 se vostede non o é poden tramitarlle a axuda á dependencia. Si, despois pásoallo, xa sei que non o ve ben dende aquí, que estou na última fila. Pero é así. É dicir, este nicho de mercado que acaban de abrir vostedes para que aseguradoras e xestorías e demais empresas que viven de informar o cidadán —que está moi ben— poidan xestionar a dependencia, antes un servizo gratuíto, evidentemente, da man do traballador social, para todas aquelas persoas que teñan que solicitala.

Isto —e vexo que se me acaba o tempo— é simplemente a primeira parte deste sistema de dependencia que están vostedes a desmantelar. A miña pregunta segue sendo a mesma: ¿son vostedes conscientes do que acaban de facer? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.



Conselleira, boa tarde e benvida.

Oito de cada dez euros do orzamento da Xunta de Galicia están dedicados a políticas sociais. A súa consellería, en concreto, incrementou este ano un dez por cento o orzamento, ata poder atender tamén as 77.000 persoas con dependencia, que é un dos obxectivos o de seguir incrementando este número. Pero é que agora mesmo esas 77.000 persoas, máis de 77.000 persoas, é xa cinco veces máis do que tiña o Goberno bipartito.

Ademais, o 98 por cento das persoas que teñen recoñecida a dependencia teñen xa un servizo, o que nos sitúa entre os primeiros de España. E somos das comunidades que o ano pasado máis reduciu a lista de agarda, a pesar de que nese mesmo período incrementáronse nun corenta por cento as solicitudes.

Pero a pesar dos datos positivos, sabemos que hai cousas que precisan mellorar e unha desas cousas é o tempo de agarda para obter o grao de dependencia. Para isto, a Xunta de Galicia puxo en marcha un plan de choque o 1 de xaneiro, tanto para a dependencia como para a discapacidade. Un plan que xa beneficiou máis de cinco mil persoas no primeiro mes, un plan que inclúe medidas que a oposición reclamaba unha e outra vez. As mesmas medidas que reclamaban e que agora critican. Pero que non lle estrañe, conselleira; esta é a oposición que temos en Galicia. Un PSOE e tamén un BNG, que quizais é o máis sorprendente; un Bloque que se di «nacionalista» e «galego» cuxos líderes se levantan cada mañá con dous mandamentos: «amarás a Sánchez por enriba de todas as cousas» e «dirás non a todo o que propoña a Xunta de Galicia», (*Murmurios.*) aínda que para iso sexa necesario mentir, manipular e, o que é peor, ir en contra os intereses das galegas e dos galegos. Como cando se negan a esixirlle en Madrid a Sánchez que nos pague os 2.500 millóns que nos debe da Lei de dependencia, porque aquí algúns votan si —outros nin iso—, pero logo en Madrid caladiños; exixírlles alí, nada.

Isto é increíble que pase cuns grupos galegos que representan unha boa parte dos galegos, cando todos os concellos, onte mesmo, concellos de todos os grupos políticos a través da Fegamp, dicían que é necesario, que é imprescindible que o Estado nos pague esta débeda para poder atender os dependentes galegos como se merecen. E dicíao tamén a Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais o pasado luns. Reclámano todos, señora conselleira; todos menos Ana Pontón e Besteiro, que ocupan todo o seu tempo en intoxicar con calquera cousa, tamén incluso co choque para a dependencia e a discapacidade, cando sabemos que nun só mes beneficiou xa máis de cinco mil persoas. Conselleira, ¿podería explicar un pouco en que consiste este plan? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlles resposta, ten de novo a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade. Recórdolle que ten seis minutos polo debate acumulado.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.



Señora Longueira e señora Arias, moi boas tardes.

Somos moi conscientes dende a Xunta de Galicia de que aínda hai moitas persoas na nosa comunidade que están agardando máis do desexable por esa valoración da dependencia ou da discapacidade. Por iso estamos traballando, e seguiremos traballando sempre, para continuar reducindo todos estes tempos de agarda.

No ano 2021 puxemos en marcha un plan de choque que incrementou nun vinte por cento o número de persoas dependentes atendidas e axilizou nun quince por cento eses tempos de espera. Pero dende entón non deixamos de mellorar as prestacións e, por iso, as solicitudes se dispararon e o ano pasado houbo máis dun corenta por cento máis de solicitudes. Isto provoca que haxa moitas persoas ás que a dependencia lles tarda moito máis do razoable. Por iso dende a Xunta de Galicia o que facemos é actuar e o que facemos é adoptar novas medidas. Medidas para mellorar os tempos.

Por iso neste mesmo mes de xaneiro do ano 2025 puxemos en marcha este plan de axilización e de simplificación administrativa, que está dotado con máis de noventa millóns de euros e que ten unha única finalidade, que é reducir os tempos de agarda e a resolución de todas as persoas con esa valoración da dependencia nun prazo máximo de seis meses. Un plan que, como vostede ben sabe, se o leu, implica medidas como: a redución do pape-lame a un único documento, a creación dunha vía preferente non só para as persoas con ELA, senón tamén para todas as persoas maiores de oitenta anos, o reforzo dos equipos de valoración e tamén os incentivos económicos ao persoal.

Eu penso, señoras deputadas, que coincidirán comigo en que aínda é cedo para falar de resultados, porque ningún plan fai maxia en tan só corenta días. Hai que esperar, pero neste breve período de tempo, en tan só un mes, máis de cinco mil persoas acaban de recibir o recoñecemento da discapacidade e tamén se actualiza o grao da discapacidade doutras mil persoas nos vindeiros días. É dicir, en pouco máis dun mes seis mil persoas viron recoñecido ou mellorado o seu grao de discapacidade. Ese é o camiño que imos seguir dende a Xunta de Galicia.

Como tamén avanzou esta mesma mañá o presidente da Xunta, o seguinte obxectivo vai ser o pago efectivo dunha axuda económica de forma instantánea a todas as persoas dependentes cando non poidan desfrutar de forma inmediata do servizo público que elas solicitaban.

Mire, señora Longueira, vostede fala de privatización. ¿A que privatización se refire vostede? ¿Á da Deputación de Lugo, onde gobernan co Bloque Nacionalista Galego? Rede de residencias de referencia: xestión privada de toda esa rede de residencias. *(Aplausos.)* ¡Xestión privada, señora Longueira! ¿A que privatizacións se refire? ¿A cando estiveron eses pouquiños anos na Xunta de Galicia deixando e blindando a xestión externa de residencias públicas a empresas privadas? Mire, señora Longueira, eu penso que hai que predicar, pero hai que facelo co exemplo.

A min chámame tamén moitísimo a atención o total descoñecemento do Partido Socialista sobre este plan ou, polo menos, o seu intento de enganar toda a poboación de Galicia. Porque



en ningún momento se anula a figura do traballador social nin de ningún outro profesional que participa no proceso de valoración, senón que é todo o contrario. O que queremos é reforzar o papel dos traballadores sociais para que dediquen menos tempo a facer burocracia e tarefas administrativas e lle dediquen máis tempo ao asesoramento e á atención directa a todas as persoas. Polo tanto, non se elimina ningún informe social, senón que nalgún caso deixa de ser preceptivo con algunha solicitude, podendo emitirse nos casos nos que se considera necesario.

Miren, señoras deputadas, este plan tamén contempla un reforzo do persoal dos equipos de valoración, que inclúe as xa creadas xefaturas de servizo de atención á discapacidade, unha por cada provincia de Galicia. De feito, actualmente hai máis de cen profesionais que están valorando de forma directa todas as persoas potencialmente dependentes. É unha cifra que xa lle avanzo que imos continuar aumentando segundo as necesidades que haxa en Galicia.

Pero o que me resulta tamén moi chamativo, señora Longueira, é que as críticas proveñan precisamente do Partido Socialista, un Partido Socialista que está gobernando a nivel nacional e que segue sen achegarlles ás comunidades autónomas o financiamento necesario para custear a factura da dependencia. Un Partido Socialista que non fai máis que sumar decretos, sumar modificacións de leis, sumar novos consellos de ministros, sumar notas de prensa... pero segue sen sumar euros, que é o que fai falta; é o que necesitamos as comunidades autónomas e é o que necesitan os concellos, xestionando todos eses recursos públicos de atención ás persoas dependentes.

Pero miren, señoras deputadas, nós pola nosa banda imos seguir dando pasos firmes. Imos seguir demandando que o Goberno central nos financie eses 2.500 millóns de euros que nos debe a Galicia, pero que lle debe ao peto de todas as persoas maiores e dependentes da nosa comunidade. E a única pancarta que dende a Xunta de Galicia imos apoiar —e que debería apoiar toda a oposición de Galicia— é reclamarlle, unha vez máis, ao Goberno central que cumpra coas persoas maiores e que cumpra coas persoas dependentes de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica. Señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Se se me permite a cuestión, a frase non é miña, pero deféndeme: «eu, antes de amar a Feijóo por encima de todas as cousas, prefiro amar a Sánchez por encima de todas as cousas». *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, paréceme máis axeitado, en calquera caso.

Dito isto, teñen arriba as traballadoras sociais. Elimináronas do mapa. *(Murmurios.)* Manifestábanse... *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* A ver, ¿agora entra en xogo o señor Trenor, o adalid? *(Murmurios.)* Ben. Teñen enriba as traballadoras sociais,



que —por certo, meteron as súas alegacións nesa lei de acompañamento, ás que vostedes nin fixeron caso; pediron as reunións, ás que vostedes nin fixeron caso— son a porta de entrada ao sistema da dependencia, son aquelas que teñen na súa man saber que recurso se precisa desde o primeiro momento. Vanse dar situacións —e vostede sábeo— estrañas, onde vostedes cren que con diñeiro se pode solucionar todo: dando, por exemplo, axudas de catrocentos euros para quen non poida acceder a unha residencia pública, sabendo que as residencias privadas están absolutamente imposibles e non serve absolutamente para nada esa pequena axuda.

Entón, hai unha cuestión que non é soamente de cartos, que —volvo repetir, tamén o falamos aquí hoxe pola mañá— é unha cuestión de que están descabezados. Volvo insistir: tres xefes de servizo de dependencia marcháronselles entre o mes de novembro e decembro. Levan dando bandazos co modelo da dependencia desde hai quince anos, cada conselleiro ou conselleira que chega ten o seu propio modelo. Desbotaron a axencia, querían desbotar o consorcio, desbotárono só ata a metade... Hoxe en día vostede cesou todos os anteriores e ten outro equipo que non sabe moi ben cara a onde vai. Si, é así, pero non o digo eu; dino os seus profesionais, os que traballan con vostede. Entón, é difícil, eu sei que é difícil.

Dicía pola mañá que tomase o modelo de Castilla la Mancha, onde gobernan os seus compañeiros do Partido Popular. Levan varios anos cun modelo determinado...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...e non teñen os problemas que teñen aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica. Señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Ver para oír.

Señora conselleira, falaba vostede de cumprir cos dependentes, pero xa vemos que outros non entenden o que é cumprir cos dependentes e axudar os galegos e as galegas que máis o necesitan.

Falaba vostede dun plan de choque. Un plan de choque que ten un orzamento —e ese orzamento aprobouse aquí no Parlamento— de 90 millóns de euros. Igual que se aprobou no Parlamento o orzamento de máis de setecentos millóns para a dependencia. Un orzamento que a Xunta aproba en tempo e forma e que permite poñer medidas a partir do 1 de xaneiro, algo que para outros é ciencia ficción.

Ciencia ficción débelle resultar, e resúltalle, ao señor Sánchez que onte mesmo en Consello de Ministros aprobaba a reforma da Lei de dependencia —esa da que nos debe 2.500 millóns—, que pon máis deberes aos concellos e á Xunta, pero sen cartos, sen un euro para



iso; igual que xa fixera no 2023 tamén, o que levou os concellos a ter serios seriosísimos problemas para poder atender a axuda no fogar. E non é que o diga o Partido Popular; é que o di todo o mundo —xa llelo dixen antes—, menos o PSOE e o BNG. Ben, o PSOE nos seus concellos, si, e o BNG nos seus concellos, si; a señora Pontón e o señor Besteiro non se enteraron.

Pero, mire, a Asociación de Directores e Xerentes dos Servizos Sociais dicía: «*Obviamente, sin incremento de financiación, los nuevos derechos que esta reforma de la ley propone reconocer quedan en papel mojado, pura cosmética del sistema que solo servirá para generar falsas expectativas a las personas en situación de dependencia y a sus familias*». Algo que —como dicía— é obvio para todos menos para o señor Besteiro e para a señora Pontón. Esta última, como nunca xestionou nada, pois é fácil que non saiba de que se trata iso. A Xunta de Galicia e esta conselleira, afortunadamente, si o sabe, e por iso moitas das novidades...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...que leva esta lei a Xunta xa as está aplicando e os dependentes de Galicia xa están desfrutando das mesmas. ¿Pode falarnos dalgunha destas medidas das que xa dispoñen os dependentes galegos?

Moitas grazas. Grazas, presidenta. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señoras deputadas, a Xunta de Galicia ten un firme compromiso coa atención á dependencia, ao contrario do que fai o Goberno central, e que se repite cada ano, ademais, nos orzamentos da Xunta de Galicia.

E mire, eu voulle dar hoxe uns datos moi claros: neste ano 2025 destinamos máis de setecentos millóns de euros á atención á dependencia, que é un once por cento máis que o ano 2024 e catro veces máis que o ano 2009. Mire, quince anos —como vostede dicía— nos que multiplicamos por cinco o número de persoas dependentes atendidas: pasamos de 15.000 dependentes atendidos aos máis de 77.000 dependentes atendidos que temos nestes momentos. Un esforzo grazas ao que somos unha das comunidades, ademais, con mellor *ratio* de atención: un 98,4 por cento, que son seis puntos por riba da media nacional.

Pero o certo é —como noutras moitas cuestións— que a Xunta de Galicia vai unha vez máis por diante do Goberno central no que se refire á atención á dependencia. A práctica totalidade desas novas medidas anunciadas ou que pretende introducir o Goberno central xa foron avanzadas ademais onte no Consello de Ministros. Todas esas medidas xa se están aplicando en Galicia. Polo tanto, unha vez máis —e xa perdemos a conta—, o Goberno do señor Pedro



Sánchez impón novos cambios en dependencia sen consensualos, unha vez máis, nin coas comunidades autónomas nin coas administracións locais, que son precisamente os que se ven máis afectados e os que teñen que aplicar moitos destes cambios.

Unha vez máis, o que vemos é que o seu amado Sánchez incumpre reiteradamente as súas obrigas non soamente cos galegos, senón con todos os españois. Porque non financia os servizos e as prestacións de dependencia como debería e como di a lei, non cumpre a súa propia normativa estatal e imponnos novas obrigas ás comunidades autónomas. E non atende, en ningún caso, ás casuísticas e ás peculiaridades de cada territorio, como pode ser o galego con esa dispersión e con ese elevado índice de envellecemento. Polo tanto, unha vez máis —como outras moitas cuestións—, somos as comunidades autónomas as que estamos sostendo o sistema da dependencia. E somos as comunidades autónomas as que facemos un esforzo maior ante o incumprimento permanente reiterado por parte do Goberno central e por parte do señor Pedro Sánchez.

Pero miren, deputadas, ante todo isto, dende a Xunta de Galicia imos seguir traballando. E exemplo deste traballo é ese plan de choque que acabamos de presentar e que entrou en vigor neste mesmo mes de xaneiro. Permitíranos darlle unha axilización importante ao sistema da dependencia, non soamente completando ese traballo iniciado no ano 2021, senón que tamén suporá un investimento —como lles dicía— de máis de noventa millóns de euros co obxectivo de resolver antes de que remate este mesmo ano 2025 todas as solicitudes de dependencia nun prazo máximo de seis meses.

Polo tanto, estamos ante unha aposta moi ambiciosa por parte do Goberno galego, que nos permitirá seguir reducindo tempos de espera, que nos permitirá seguir levándolles todas esas axudas e eses servizos de dependencia e de discapacidade cada vez a máis persoas que o necesitan. Seguirá mellorando a atención e a prestación deste servizos a todos os galegos e as galegas.

Como lles dicía ao principio, señoras deputadas, levamos quince anos incrementando o número de dependentes atendidos ata multiplicar o seu número por cinco, máis de setenta e sete mil que atendemos cada día nestes momentos. E imos seguir avanzando; non nos imos deter ata que a cifra de dependentes atendidos en Galicia sexa do cen por cento, atender todas as persoas que necesitan esa prestación ou ese servizo. Pero querémolo facer, sobre todo, de forma áxil, de forma eficiente e de forma xusta, porque nós cremos que iso é precisamente o que merecen os galegos e as galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego ante a posibilidade de facer realidade un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Ferro.



O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Señorías.

A nivel lexislativo e executivo o Partido Popular en Galicia sempre liderou o impulso pola lingua desde que se aprobou o Estatuto de autonomía ata hoxe. Con todo, a realidade cambiante da lingua exige unha actualización do compendio normativo e, por iso, o pasado ano 2024 foi vostede, señor conselleiro, o que propuxo un pacto pola lingua entre todos os partidos políticos e os axentes sociais implicados. Iniciou reunións neste Parlamento entre os distintos grupos políticos para escoitar os seus puntos de vista e as súas achegas. En novembro propuxo grupos de traballo de cara a renovar o Plan xeral de normalización da lingua galega, pois entendeuse que o impulso do uso social do galego pasa por actualizar este plan e adaptalo á realidade social, demográfica e lingüística actual.

O Plan de normalización da Lingua galega, aprobado por unanimidade nesta Cámara no 2004, contén máis de catrocentas medidas para impulsar o uso do galego en toda a sociedade. Este plan é un dos puntos principais do documento de base que dende a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude foi presentado a todos os interlocutores nos encontros que se produciron para acordar un pacto pola lingua. A súa actualización é necesaria para adaptar esas accións do ano 2004 á situación actual, pois a realidade de hoxe é moi diferente. A estes grupos de traballo ou comisións as forzas políticas puidemos facer achegas sobre posibles membros e a Consellería de Lingua designou os responsables de cada unha das áreas sectoriais, nomeando coordinador de todos os grupos de traballo o académico don Manuel González.

Señor conselleiro, a súa Consellería está, polo tanto, a traballar cumprindo coa palabra e cos prazos. Falar e dialogar entre nós, ademais de evitar que nos vexamos como inimigos, fai posible chegar a consensos; sobre todo neste ámbito, no ámbito da lingua galega, que estou seguro de que, aínda que teñamos ideas e matices distintos, a todos nos preocupa por igual.

Xa se puxeron en marcha medidas de efecto inmediato e outras que se irán implementando e centraranse no impulso do uso do galego nas relacións coas administracións, no fomento de accións transversais, no ámbito familiar e entre a xuventude. Tamén se aumentará a presenza do galego nos medios de comunicación, nas industrias culturais, no ámbito sanitario e na colaboración coa CRTVG como catalizadora da lingua. E todo isto apoiado cun aumento orzamentario en política lingüística.

É por todo isto, señor conselleiro, que lle formulo a seguinte pregunta: ¿que motiva o Goberno galego a promover un pacto pola lingua? E ¿que expectativas ten vostede de conseguir que ese pacto poida acadar o consenso de todas as forzas políticas?

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ferro.



Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señor Ferro.

Señorías, eu creo que hoxe é un día importante, porque tivemos a oportunidade de debater, de falar en varias ocasións do noso maior tesouro: da nosa lingua. Tivemos a oportunidade de ser interpelados polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego en relación coas medidas de impulso que queremos poñer en marcha para fortalecer aínda máis o noso idioma.

Eu alégrome de que vostede tamén teña a ben formular esta pregunta, porque á parte hoxe é un día especial: hoxe vimos de continuar con esa folla de ruta marcada. Apuntaba vostede esa proposta que se fixo ao principio deste mandato para iniciar ese novo escenario do pacto pola lingua necesario. Eu creo que é necesario. A ninguén lle escapa que, despois de corenta anos ou corenta e dous anos da aprobación da Lei de normalización lingüística por este Parlamento e vinte e un anos despois de aprobar o Plan xeral de normalización da lingua galega, é máis preciso que nunca que continuemos avanzando nese camiño e, sobre todo, que continuemos actualizando unha ferramenta tan importante, como é o Plan xeral. Ao final, o único que marca é unha folla de ruta, un camiño a seguir, unha estratexia conxunta elaborada non só pola parte política, senón tamén, de forma decidida, pola nosa sociedade e, ademais, compromete a Administración —apuntábo vos tamén— a impulsar os recursos necesarios e a acompañalos para a súa implantación.

E, nesa liña, nós propuxemos un escenario a dupla velocidade: un pacto pola lingua que ten que estar finalizado a finais deste ano 2025, para o cal tiñamos que presentar un coordinador, o que fixemos antes de rematar o ano, e os coordinadores das once comisións. Hoxe mesmo —despois referireime a el tamén— constituíronse todas e cada unha das comisións nun acto que acabamos de celebrar agora na Cidade da Cultura, en que había máis de cen persoas de reputado prestixio, con moitísima ilusión e con moitísimas ganas de asumir este novo reto.

Ademais, sabemos que non podemos estar durante estes quince meses, e así o transmitimos ás formacións políticas nas distintas reunións —están aquí os voceiros de lingua para poder acreditarlo—, sen aplicar medidas de estímulo inmediato. E aí levamos un compromiso de incremento orzamentario para o ano 2025, nos orzamentos da partida de lingua; levamos tamén medidas de apoio inmediato a cuestións do ámbito audiovisual, tendo en conta tamén o papel da Televisión de Galicia, sobre todo na programación para os máis cativos; e medidas tamén aos cursos para chegar aos neofalantes —é dicir, a esas persoas que se achegan, por primeira vez, ao galego— para fomentar o seu uso e a normalización do seu uso. En definitiva, levamos máis de cincuenta medidas de impacto inmediato e, desde logo, sumaranse a esas medidas que determine o Plan xeral de normalización da lingua galega. Por iso creo que esta é a ferramenta fundamental.



Ninguén discute, nin nesta Cámara nin fóra dela, que estamos no momento necesario; incluso hoxe o Bloque Nacionalista Galego falaba de que eles levaban reclamando a actualización deste Plan xeral de normalización. Poñámonos a traballar, consigamos o acordo unánime, sigamos nesa senda —e eu creo que ese é o camiño— para fortalecer o que todos queremos, que é fortalecer a nosa lingua e que cada vez teña un espazo máis central nas nosas vidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o turno de réplica, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Está claro que necesitamos chegar a acordos para que, dende a unión, poidamos afrontar os desafíos que se presentan. Non debemos utilizar a nosa lingua, o noso maior patrimonio, como confrontación política, sobre todo cando non existe esa confrontación na sociedade galega. É incongruente e ilóxico que a nosa lingua se converta nun símbolo de división, cando a finalidade dunha lingua é precisamente todo o contrario: a lingua é entendemento, capacidade de comunicarnos e de relacionarnos.

A nosa lingua ao longo da historia foi menosprezada, foi relegada ás capas sociais máis baixas e incluso se prohibiu o seu uso. E a pesar de todo isto, foi a lingua maioritaria de Galicia. Pasou por moitas afrontas e superounas todas porque estaba enraizada na sociedade grazas á transmisión xeracional, un aspecto importante —moi importante— que agora non se está a producir. Pensemos cales son os motivos e que é o que falla.

Non me cabe ningunha dúbida de que temos a sociedade mellor formada no ámbito da lingua que nunca antes tivo Galicia. Agora temos que dar un paso máis atraendo aqueles que xa falan galego para que o utilicen. O noso modelo neste ámbito está claro e todos o coñecen: é o bilingüismo cordial, sen imposicións de ningún tipo; pero iso non está reñido co fomento e co impulso contundente e decidido da nosa lingua, cousa que fixeron todos os gobernos que tivo Galicia.

Esta mesma tarde, hai un intre —como recordaba, señor conselleiro—, constituíronse os once grupos de traballo que van revisar o Plan xeral de normalización da lingua para renovalo e actualizalo.

Non sei, se nesta segunda quenda, señor conselleiro, poderá vostede afondar un pouco máis polo miúdo en que van consistir estas comisións ou áreas de traballo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Respondendo concretamente á súa pregunta, efectivamente, hoxe tivemos un acto fundamental, no cal o coordinador e o responsable deste grupo de traballo se reunía cos representantes de cada unha das formacións políticas... —señora presidenta, eu estou encantado, pero creo que non teño tempo; estou encantado de seguir falando, pero... moitas grazas—.

Creo que o coordinador o tiña claro. E, ademais, ao igual que no Plan xeral do ano 2004 había oito ámbitos de traballo ou oito áreas de apoio á nosa lingua, neste Plan xeral o coordinador entendeu e considerou que había que establecer sete ámbitos de traballo. Entre eles, os dereitos lingüísticos, as novas tecnoloxías, a implementación do corpus normativo, o galego na Administración, o galego na educación, a familia e a mocidade, os medios de comunicación e industrias culturais, a economía, a sanidade, a sociedade e a proxección exterior da lingua e lusofonía.

Creo que están coordinados por un extraordinario, excelente e reputado lingüista, como é Manuel González e, ademais, tamén están coordinados por eses once responsables das áreas. Ese grupo de máis de cen profesionais, que hoxe nos acompañou na Cidade da Cultura no inicio desta nova andaina, garántenos que poidamos ter en marcha un documento coas garantías necesarias que antes lle expliquei.

O Plan xeral —entendemos—, fundamental despois da Lei de normalización lingüística, é o documento máis importante que temos; é a folla de ruta necesaria que establece os nosos obxectivos e as nosas estratexias, marcadas por persoas de reputado prestixio. Hoxe estaban alí persoeiros ilustres do ámbito social galego, que van traballar, que van ceder parte do seu esforzo e o seu traballo persoal para enriquecer este documento. Ademais, percibín que existía, dende logo, unha especial ilusión por participar no proceso. Esperemos —dende logo, nós desexamos que si e creo que unha parte importante do Parlamento tamén— que este obxectivo remate de forma exitosa.

Dixen que unha parte importante deste hemiciclo, porque hoxe producíronse dous feitos que non deixan de ser rechamantes, coincidentes no tempo e, ademais, certamente sospeitosos: un deles foi a algarada que se montou hoxe no Parlamento, na cal a plataforma Queremos Galego non demostrou determinadas actitudes democráticas, que todos sabemos en que situación e en que espazo político está e que, dende logo, buscaba furtar o debate neste espazo, no Parlamento de Galicia. Creo que é un tema o suficientemente grave, aínda que se fixo con certa sorna, pero —creo— é totalmente desafortunado; isto é o principio dunha estratexia. Eu teño que anunciar aquí hoxe que hai unha estratexia clara dun sector radicalizado (*A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) —totalmente radicalizado—, que, hoxe, na Cidade da Cultura, na presentación dos grupos de traballo, en estaban máis de cen profesionais, sentimos unha vergoña allea —pois eu creo— difícil de explicar, ¿non? Membros da Mesa pola Normalización intentaron boicotear a constitución das once comisións dunha forma totalmente desafortunada. Teño que dicir, sinceramente, que das cen



persoas que había, os responsables da Mesa que intentaron boicotear pediron a todos os asistentes que se fosen do acto e que os acompañasen. E, ¿saben cantos se levantaron? Os dous representantes da Mesa, pois os outros cen quedaron aí; e iso é un bo signo para Galicia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Iago Suárez Fernández e D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego referidas á protección do mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moi boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, imos falar agora de patrimonio e da especial necesidade de protección deste para todo un país.

Probablemente xa o saiba, a veciñanza de Chantada contamos cunha auténtica xoia, unha xoia da Ribeira Sacra, como é o mosteiro de San Salvador de Asma; un mosteiro construído a mediados do século X —entendamos do que estamos falando: mediados do século X—, estamos falando ao redor do ano 950, é dicir, é un convento e un monumento milenario. E só podemos imaxinar, os galegos de hoxe en día e os chantadinos, toda a historia que esa edificación viviu durante estes séculos e séculos de historia: desde a regra beneditina e a desamortización de Mendizábal, pasando polo saqueo das tropas napoleónicas, que tamén viviu o mosteiro de San Salvador.

É un mosteiro cunha decoración románica única en toda a península ibérica e incluso en partes de Europa. Ten bases de columnas decoradas, capiteis cunha decoración tremendamente rica e tímpanos decorados con motivos practicamente únicos tamén en Europa. Un edificio, señor conselleiro, que é BIC, é ben de interese cultural, polo cal, por tanto, é suxeito a unha protección especial.

Xa non imos falar do incumprimento das obrigas da Xunta de Galiza co mosteiro. Un mosteiro que —repito— é BIC, ben de interese cultural, polo tanto, hai que facilitar inspeccións; a Xunta de Galiza ten que facilitar as inspeccións ao edificio e este tense que abrir ás visitas públicas e demais. Todo isto está incumprido.

Até hai unhas semanas, o mosteiro era propiedade dunha persoa particular, e, desde hai trinta e cinco anos, non se coñecía o estado do interior porque esta persoa particular non deixaba entrar ao interior. Agora o mosteiro foi vendido á empresa Hotusa e a Irmandade Cultural País do Faro puido entrar, finalmente, para ver o que alí se encontraba; e o que alí encontrou foi descorazonador. Como unha imaxe vale máis que mil palabras, eu teño aquí algunhas fotos para mostrarlle. (*O señor Suárez Fernández mostra unha fotografía do interior do mosteiro.*) Este é o estado do interior do mosteiro hai trinta e cinco anos —



como pode ver estaba nun estado lamentable—; estamos falando dun mosteiro do século X, do ano 950, é dicir, milenario —imagine como está hoxe en día—. (*O señor Suárez Fernández mostra unha fotografía dunhas escaleiras do mosteiro.*) Estas son as escaleiras que o anterior dono reemprazou; escaleiras de nova obra. Había unhas escaleiras orixinais, do século X, que foron reemprazadas e, hoxe en día, non se sabe onde están. (*O señor Suárez Fernández mostra unha fotografía do claustro orixinario do mosteiro.*) Este é o claustro orixinario do mosteiro, que tamén foi levantado cunha pa, e actualmente non se sabe onde está a pedra orixinaria. (*O señor Suárez Fernández mostra unha fotografía dunha portada románica do mosteiro.*) Esta é unha portada románica do século X, que foi tapiada con cravos e con diferente madeira —como pode ver—; non se pode ver o estado orixinal. (*O señor Suárez Fernández mostra unha fotografía do capitel dunha columna do mosteiro.*) Aquí temos unha columna, cunha decoración única en toda a península ibérica —como pode ver—, dunha riqueza e dun valor incalculable, que tamén foi roubado; hoxe en día non sabemos onde se encontra. (*O señor Suárez Fernández mostra unha fotografía dunha portada románica do mosteiro.*) E aquí está a xoia da coroa. Temos unha portada románica cun motivo único en toda Europa; (*O señor Suárez Fernández sinala na fotografía a parte superior da portada.*) este de aquí arriba: —como poden ver— son unha especie de dous gansos pelexando entre si; unha peza de valor incalculable, que debería ser unha peza de calquera dos mellores museos do mundo. A portada románica hoxe en día encóntrase neste estado; (*O señor Suárez Fernández mostra unha fotografía que amosa o estado actual desa portada románica.*) foi roubada a peza orixinaria —repito— de valor incalculable. Non sabemos onde está. (*O señor Suárez Fernández mostra outra fotografía que amosa o estado actual desa portada románica.*) E a portada orixinaria foi tapiada con cemento; este é o seu estado actual.

Estamos falando dun edificio de ben de interese cultural.

Máis que unha pregunta, señor conselleiro, isto xa é un roubo...;

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: ...—remato rápido— ...xa é un roubo. ¡Promova, faga algo!

¿Onde estivo a Xunta de Galiza nestes últimos trinta e cinco anos?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señor Suárez —creo—, coincidimos e compartimos, en definitiva, a preocupación polo noso inmenso e polo noso extenso patrimonio cultural, que temos en Galicia.



E o mosteiro de San Salvador de Asma —como ben sabe vostede e ben apuntou, ademais, na súa pregunta— é un ben patrimonial que na Xunta de Galicia valoramos e temos presente para buscar a súa protección. E —creo—, ademais, fixo vostede un percorrido concreto polas datas nas cales se foron adoptando os distintos acordos que —eu creo— foron importantes para entender o punto a que nos achegamos hoxe.

Este ben —como ben sabe vostede e como ben apuntou— é ben de interese cultural dende o ano 2018. E, ademais —recórdolle—, en Galicia, para que coñeza vostede cal é o nivel de preocupación e de implicación do Goberno galego nestes últimos anos en relación co patrimonio cultural, temos declarados, no día de hoxe, 782 BIC, bens de interese cultural, que —como ben sabe vostede— están protexidos por unha lei que reconece e que, desde logo, acredita que a responsabilidade do mantemento deses bens é única e exclusivamente do seu propietario. Evidentemente, a Xunta de Galicia e as administracións —o resto de administracións—, incluso os particulares, teñen unha responsabilidade á hora de poder denunciar ou de poder alertar sobre cuestións que poidan estar afectando eses determinados bens.

Creo que temos un enorme patrimonio cultural en Galicia e — dicíao antes—, na Xunta de Galicia, evidentemente, traballamos todos os días para favorecer que se cumpran as condicións establecidas na Lei de patrimonio, dando a coñecer o patrimonio de todos os galegos e favorecendo tamén a súa apertura, na medida das posibilidades, e sempre que contemos con colaboración, pois, se non, teremos que proceder ás vías coercitivas para que poidan cumprir co requisito mínimo de apertura de catro días que establece a propia lei.

Pero —como dicíao antes, a situación deste mosteiro, eu creo que cómpre actualizala—, antes do ano 2016, este edificio singular e extraordinario —como ben apuntaba vostede— carecía de protección legal; polo tanto, non estaba suxeito a ningún tipo de réxime de protección nin ao establecido pola lexislación vixente en materia patrimonio. Non estaba feito ese trámite e foi no ano 2016 cando comezou a formar parte do patrimonio cultural de Galicia e xa no ano 2018 pasou a ser ben de interese cultural.

Unha vez exposto isto, a Dirección de Patrimonio tivo coñecemento da situación que vostede está denunciando, dos feitos agravados, e fixo unha primeira inspección no ano 2019. Intentouse datar e acreditar en que anos se fixeron esas obras, sobre todo na parte interior do propio edificio; non está sendo fácil acreditar a cuestión. Ademais —como dixó ben vostede—, foi realmente complexo poder acceder ao interior do edificio.

No día de hoxe, o que podemos garantir é que os técnicos seguen traballando, seguen intentando investigar cal é a situación actual do inmovible para poder reclamar aos propietarios ou ás persoas que fixeron posible estas obras...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...para que poidan repoñer a legalidade.

Na segunda parte, responderille tamén a algunha cuestión á cal vostede fixo alusión.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, poderíalle responder a moitas cuestións.

Hai demasiadas cousas que sería necesario facer no mosteiro, a comezar por unha prospección arqueolóxica para saber realmente o que se encontra debaixo do edificio; ou lanzar unha investigación para intentar recuperar estas pezas de valor incalculable.

Como vostede sabe, a Xunta de Galiza promove unha candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da humanidade ante a Unesco. E isto, en boa parte, é grazas á enorme concentración do románico que existe na Ribeira Sacra; é dicir, a maior concentración de arte románica de toda Europa. Sendo esta a situación e estando a Xunta de Galiza promovendo unha candidatura da Ribeira Sacra, eu pregúntome: ¿vanse rir de vostede os técnicos da Unesco cando vexan a situación do románico e como a Xunta leva protexendo o románico nestes 35 anos? (*Aplausos.*)

É certamente difícil saber en que están centrando a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da humanidade porque non nola facilitan. A compañeira Mercedes Queixas leva pedindo esa candidatura —á cal temos dereito—, con base no artigo 9, durante varios meses e aínda nunca nos foi achegada; polo tanto, é complicado saber en que a están centrando. De todas as formas, non sabemos como a vai defender tendo neste estado unha das maiores xoias do románico de toda a bisbarra de Chantada.

É mentira algunha das cousas que vostede dixo porque a Irmandade Cultural Pais do Faro e tamén a Asociación de Amigos do Románico veñen denunciando a situación desde hai bastantes anos. E, segundo dixo vostede, xa coñecían a situación desde, polo menos, o ano 2019.

Eu non digo que sexa fácil —entendo que pode ser difícil—, pero, desde logo, tardar seis anos en entrar no edificio, sendo un edificio ben de interese cultural, pois, non comprendemos como pode ser. E, sendo tamén un edificio ben de interese cultural, non comprendemos como é posible que a Xunta de Galiza non fixese todo o posible por intentar que alí se cumprise o réxime de visitas, que, por outra parte, é obrigatorio por lei.

Así que, de novo, eu xa máis que unha pregunta, é unha súplica. Faga todo o posible por facer a prospección arqueolóxica e intente recuperar as pezas de valor incalculable, que lle pertencen ao mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Fala vostede de que, pola miña resposta, o Goberno faltou á verdade ou mentiu na súa intervención.

Dende logo, non escoitei, pola súa parte, que tivésemos ningún tipo de discrepancia entre a información que vostede trasladou e a que acabo de trasladar eu. Dixen que ata o ano 2019 este ben non foi declarado como ben de interese cultural; dixen que non estaba catalogado no Patrimonio cultural de Galicia, e, por tanto, non había ningunha competencia nin ningunha responsabilidade que exixa a propia Lei de patrimonio.

Efectivamente, coincidimos con que este ben —evidentemente, xa lle dixen— estaba sendo investigado polos técnicos da Xunta de Galicia e polos técnicos de Patrimonio, acerca da situación actual, acerca de cal fora o proceso de devaluación desa parte importante do patrimonio —que vostede ensinou aquí— e, sobre todo, para buscar a fórmula de intentar recuperar as pezas, cuestión que —como pode entender vostede— non é sinxela.

O que si me gustaría é dicirlle, a modo de consello, que deberían intentar medir un pouco as súas palabras cando falan de proxectos estratéxicos tan importantes para Galicia, como é a declaración a Patrimonio mundial da Ribeira Sacra. Creo que non favorece, en absoluto, unha candidatura, que, ademais —sabe vostede—, xa foi revisada por un organismo independente como é o ICOMOS e xa foi, ademais, validada polo Goberno de España. Somos a única candidatura a Patrimonio mundial da humanidade presentada polo reino de España para o ano 2026. Temos traballado moito, evidentemente, pero non só a Xunta de Galicia, senón tamén todas as entidades, os colectivos, os concellos, as asociacións... que forman parte deste extraordinario territorio, para que vostede veña aquí dicir que se van vir os técnicos de Patrimonio para rirse do que está facendo a Xunta de Galicia co patrimonio de Galicia. Creo que debería vostede medir un pouco as súas palabras porque nos estamos xogando moito nun proxecto fundamental para o futuro da Ribeira Sacra e para o futuro de Galicia, e, polo tanto, como responsables públicos —creo—, debemos ter un pouquiño máis de coidado á hora utilizar determinadas palabras.

Hoxe o proxecto a Patrimonio mundial da Ribeira Sacra é un proxecto —como dixen antes— perfectamente definido e redefinido, dende o ano 2021, ao redor dun elemento fundamental, que é a auga, no ámbito de utilización tamén en toda a parte do territorio de Ribeira Sacra e, por suposto, a parte do románico é fundamental. E na Xunta de Galicia estamos facendo un investimento anual extraordinario para poñer en marcha o Plan Ribeira Sacra dotado con máis de trinta e seis millóns de euros para que, no ano 2026 —espero—, todos nos sintamos orgullosos, nos sintamos partícipes e nos sintamos contentos de que Galicia conte, definitivamente, cunha quinta declaración de Patrimonio mundial e que a Ribeira Sacra sexa recoñecida como un gran tesouro aquí, na nosa terra, pero tamén en todo o mundo, porque estamos convencidos de que esa declaración será un antes e un despois.

Espero e desexo que vostedes tamén —aínda que están en contra de moitas cuestións vinculadas con Galicia— estean a favor e contemos co seu apoio tamén en todo o proceso.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Imos coa última pregunta desta sesión plenaria.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para o mantemento e a protección das pallozas de Piornedo, no concello de Cervantes

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta —como sabe— ten a palabra a señora Rodil, por un tempo de tres minutos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde tamén, conselleiro.

Efectivamente, hoxe desde o BNG preguntamos polo conxunto etnográfico que conforman as pallozas de Piornedo, un dos símbolos indiscutibles de Galiza.

Estas construcións arquitectónicas de orixe celta e teito de palla de centeo son únicas en Europa. Ese enorme valor histórico e patrimonial é a razón pola cal foron declaradas, hai trinta anos, como ben de interese cultural. É de xustiza, en primeiro lugar, agradecer ás persoas propietarias das pallozas que trouxesen ese legado até nós; de feito, hoxe (*A señora Rodil Fernández olla para a tribuna de persoas convidadas.*) acompañannos no hemiciclo unha representación da veciñanza de Piornedo á cal agradecemos, ademais, o inmenso esforzo de desprazarse hoxe até aquí.

A Isolina, a Lola, a Mari Luz, a Lucía e a Carmen, que son parte das persoas propietarias das dezaseis pallozas de Piornedo; un lugar espectacular e único —insisto— que, ademais, a Xunta de Galiza promociona como enclave para visitar nas súas estratexias de turismo; e até aí é a implicación do Goberno do Partido Popular coas pallozas, é dicir, facer delas unha postal mentres duren, máis nada.

Nos últimos quince anos, a Xunta de Galiza o único que fixo polo mantemento e pola conservación das pallozas de Piornedo foi: suprimir en 2010 a liña de axudas anual que existía e que levaba, ademais, en vigor moitos anos, para o mantemento e a conservación das pallozas; foi achegar 100.000 euros en 2014 nun convenio en que a Deputación Provincial de Lugo puxo 160.000 euros; e, desde entón, nada máis, e van dez anos.

Hai unhas semanas, unha concatenación de tormentas, especialmente unha, puxo á vista de todo o mundo a situación en que se atopan as pallozas. Non foi o vento daquela tormenta Herminia o que furou os teitos e danou as estruturas; realmente a tormenta o que fixo foi empeorar un dano que xa estaba feito. As pallozas exixen un grande, un enorme



esfuerzo para o seu mantemento. A palla escasea e, aínda máis, os teitadores, o que fai moi difícil —cando non imposible— garantir a súa conservación.

Hoxe, no BNG, o que pedimos á Xunta de Galiza é que se implique no mantemento de Piornedo e das súas pallozas, con dúas medidas moi concretas: a primeira é que vaia a Piornedo con técnicos da Consellería e con técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio para avaliar os danos que existen actualmente nas estruturas e nas construcións e para que deseñe un plan urxente para recuperar os teitos e para rehabilitar as pallozas, poñendo freo á súa deterioración; e a segunda é que recupere aquelas axudas anuais para garantir a súa conservación ao longo do tempo, evitando que pasen dez anos, ou máis, entre unha restauración e outra para non atoparnos nunca máis na situación en que estamos hoxe.

Se todos coincidimos —e seguramente así o facemos— con que as pallozas son un ben colectivo que debemos protexer e salvagardar, o que pedimos á máxima autoridade en materia de patrimonio como é a Xunta de Galiza é que se implique no seu mantemento.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¿Vanse implicar, conselleiro? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, de novo, señora presidenta.

Señora deputada, claro que estamos en disposición de colaborar e, ademais —creo—, non só eu o veño reafirmar nesta Cámara, senón que —creo— tamén foi un compromiso da Xunta de Galicia, do propio presidente, que afirmou a nosa vontade de colaboración.

Agora explicareille cal é a situación ou cal é, dende logo, a visión que temos na Xunta de Galicia en relación con este tema. Eu quero tamén aproveitar para saudar a veciñanza do concello de Cervantes que hoxe nos acompaña aquí. Creo que é importante tamén empezar poñendo en valor o traballo que leva feito, por suposto, a veciñanza en materia de conservación e de preservación deste importante patrimonio cultural que —eu creo que a ninguén lle escapa—, ao igual que falamos antes na pregunta anterior, é un deber e unha responsabilidade de todos e de todas.

Coincidimos con que as pallozas son un símbolo tradicional de Galicia, por suposto; son testemuña da vida ancestral dos nosos antepasados e representan a forma de residir e de compartir, de ser parte do que hoxe somos, da nosa terra. Estas construcións que nos ocupan teñen que ser unha mostra de colaboración entre as administracións e de como, traballando xuntas, na mesma dirección, coas mesmas preocupacións e coas mesmas responsabilidades, somos capaces de conseguir que a súa conservación prevaleza por encima de calquera outra cousa. Eu creo que é importante tamén lembrar a situación en que se atopan todas, ou a



maior parte das pallozas, que son de titularidade privada, e, polo tanto —como ben sabe vostede—, aínda que na súa pregunta dicía que cumpría lembrar que na Lei 5/2016, de patrimonio cultural de Galicia, a Xunta é a máxima responsable da salvagarda e titular exclusiva desa competencia..., cando fala vostede de salvagarda, fala vostede de labores de control e de inspección, e non labores de financiamento, pois intentan sempre retorcer a realidade, con ese duplo vocabulario, para que pareza que a propia lei exige que sexa a Xunta de Galicia a que asuma os custos do mantemento dos bens de interese cultural. E é radicalmente falso. En ningún punto da Lei de patrimonio cultural de Galicia se fala diso. Ao contrario, o que refire a lei, no seu artigo 32, é que as persoas propietarias dos bens declarados BIC, ou os titulares dos dereitos reais sobre estes bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia, están obrigadas a conservalos, a mantelos e a custodialos debidamente.

Iso non quere dicir que o Goberno galego exixa unha firme vontade de traballar, en colaboración coas outras dúas administracións, a Deputación Provincial e o Concello, para buscar unha solución que permita resolver a problemática que leva carreando as pallozas de Piornedo dende hai uns certos anos —non é de agora, é de hai uns certos anos—; pero si, efectivamente, estamos en disposición de colaborar, sempre e cando sexa unha lealdade institucional das tres administracións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: O primeiro que me preocupa é que crea enormemente que un ben de interese cultural, como son as pallozas de Piornedo —que son emblema e que son símbolo de Galiza—, dependa, o seu sostemento e a súa conservación, única e exclusivamente das persoas propietarias, ás cales cada vez lles é máis difícil e máis custoso economicamente garantir ese patrimonio colectivo, que pertence ao conxunto do pobo deste país. (*Aplausos.*)

O que estamos pedindo, conselleiro, á Xunta de Galiza, como máxima responsable da conservación do patrimonio do pobo galego, (*Aplausos.*) é que arrime o ombro —que non o fai desde hai dez anos— para garantir a conservación e o mantemento das pallozas, das cales, efectivamente, todos nos sentimos tremendamente orgullosos, pero o orgullo non levanta o teito nin pon os colmos no pico das pallozas.

Entón, a min paréceme ben que falen de colaboración e de lealdade institucional, pero é que aquí a única administración que non puxo un euro desde hai dez anos é o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) A Deputación de Lugo, a través da área de Medio Rural, que depende, neste caso, e é responsabilidade dun compañeiro, Daniel García, que, ademais, tamén nos acompaña hoxe aquí —e que estou absolutamente convencida de que está disposto a falar da lealdade institucional con vostede agora, cando remate, se quere—.

A Deputación Provincial, a través da área de Medio Rural, que é responsabilidade do Bloque Nacionalista Galego, leva comprometéndose co mantemento das pallozas desde hai anos,



poñendo unha axuda de 21.000 euros —que poderá ser máis ou menos—, que é o que pode chegar, arrimando o ombro desde esa lealdade que temos con este país, con este pobo e coa xente de Piornedo, para garantir o mantemento das pallozas.

Vólvolle facer a mesma pregunta, con base nese orgullo que todas e todos temos por Piornedo e polas súas pallozas, ¿canto vai poñer a Xunta de Galiza? Porque é a única que —insisto—, nos últimos dez anos, non puxo un euro para manter en pé os teitos das pallozas de Piornedo.

Con base nesa colaboración e nesa lealdade institucional, son eu agora quen lla pide ao máximo responsable de patrimonio do Goberno galego. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Turno de peche, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señora Rodil, eu xa dixen que lle gustaba non só retorcer determinados aspectos da lei, senón que tamén lle gusta retorcer determinadas declaracións que fai este conselleiro, porque —eu creo— fun suficientemente claro.

Non o creo eu, señora Rodil —non o creo eu—; non cre o conselleiro de Cultura que os propietarios teñan unha responsabilidade. Non o creo eu. Dío a lei; dío a Lei de patrimonio cultural de Galicia. *(Murmurios.)* Non o di o conselleiro de Cultura por un capricho persoal. *(Murmurios.)*

A lei establece, no artigo 32 —e eu fun quen o dixi aquí neste Parlamento—, que a responsabilidade do mantemento e da xestión dos bens declarados de interese cultural é dos lexítimos propietarios ou dos usuarios —foi o único que dixen—. A partir de aí, se vostede —poñendo na miña boca cuestións que eu non dixen— cre que pode ser unha fórmula extraordinaria para axudar os veciños de Piornedo para arranxar o seu problema —xa lle digo—, está bastante equivocada. Creo que ese non é o camiño para intentar buscar unha solución.

Eu trasládolle a vontade do Goberno galego —ao igual que o Goberno galego, cando financiou parte desas obras a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, non pediu nin mirou a colaboración doutras administracións—, e, se quere, poñemos enriba da mesa o que leva aportado a Xunta de Galicia na recuperación e na restauración destes bens e o que levan feito o resto das administracións —sexa Deputación ou sexa Concello—; se quere poñemos os números enriba da mesa e o valoramos.

Eu creo que o escenario e o plantexamento que está feito é que, ante unha situación extraordinaria dun elemento ou dun ben que ten un valor que, ademais —eu creo—, representa, como ningún outro ben, os valores fundamentais de Galicia, podemos chegar a un acordo sen ter ningún tipo de obrigação e sen ter ningún tipo de responsabilidade legal —ningún—. Outra cousa é que, evidentemente, teñamos unha responsabilidade moral e que queiramos colaborar ou contribuír para a mellora, dende logo, das pallozas de Piornedo.



Nese punto estamos dispostos a falar, estamos dispostos a escoitar e estamos dispostos a negociar un acordo en que as tres administracións se poidan sentar e poidan chegar a acordos para, non só reparar os problemas de xeito puntual que existen no día de hoxe, senón tamén para dar unha certa estabilidade de financiamento no futuro.

Podemos ver distintas alternativas. Creo que é un aspecto en que, se tanta sensibilidade ten a parte do BNG no Goberno da Deputación e se, dende logo, tanta sensibilidade existe na cuestión, non me cabe ningunha dúbida de que non hai ningún motivo polo cal non poidamos chegar a un acordo, e, ao final, sentarnos as tres administracións. Eu préstome, dende logo, para establecer e para participar nese diálogo, e para intentar colaborar en resolver un problema, que —xa digo— non é responsabilidade da Xunta de Galicia; o que pasa é que, ás veces, dende a oposición, é moito máis fácil trasladar todos os problemas ao Goberno e á xestión da Xunta de Galicia.

Pero nós temos capacidade, temos responsabilidade e, dende logo, neste tema non imos mirar para outro lado; imos ser consecuentes e colaboraremos cando estean as outras administracións con nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pois —como dicía— esta era a última pregunta da sesión plenaria de hoxe, e, por conseguinte, dáse por rematada a sesión.

Boa tarde e boa noite a todos e a todas.



Remata a sesión ás seis e corenta e nove minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

